

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 80

Sesión plenaria
28 de xaneiro de 2026

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 2982 (12/PNP-000339)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e tres deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

5.2 30444 (12/PNP-002341)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

5.3 35073 (12/PNP-002591)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar as palabras do ministro de Agricultura a prol da ratificación urxente do acordo de libre comercio UE-Mercosur e mais a demanda dirixida ao Goberno galego para que se opoña a este tratado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f1, do 08.10.2025

5.4 36282 (12/PNP-002679)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da reforma do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f1, do 15.10.2025

5.5 38174 (12/PNP-002801)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 283f1, do 12.11.2025

5.6 43878 (12/PNP-003014)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que cree, no primeiro semestre deste ano, un Banco Público de Alugueiro de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f1, do 16.01.2026



Punto 6. Interpelacións

6.1 35295 (12/INT-001285)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

6.2 36818 (12/INT-001349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f2, do 22.10.2025

6.3 43054 (12/INT-001485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernal 2025-2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 310f1, do 09.01.2026

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 46641 (12/POPX-000067)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o nivel de eficacia da xestión que está a levar a cabo o Goberno galego dos servizos públicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f4, do 22.01.2026

7.2 46646 (12/POPX-000068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar a situación que está a vivir a sanidade pública en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f4, do 22.01.2026



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 35531 (12/POP-005149)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para garantir a suficiencia de prazas de autobús desde Carballo ata A Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

8.2 45289 (12/POP-006402)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e dez deputados/as máis

Sobre as condicións da vivenda pública que o Goberno central pon á disposición en Vigo a través da empresa Casa 47

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f3 do 22.01.2026

8.3 43062 (12/POP-005724)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 310f2, do 09.01.2026

8.4 43384 (12/POP-005882)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o funcionamento do servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 311f1, do 12.01.2026

8.5 46609 (12/PUP-000181)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego ante os problemas de sobrecarga que se están a producir nos servizos de urxencias dos hospitais públicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 22.01.2026

8.6 44056 (12/POP-006082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e dous deputados/as máis

Sobre a rectificación e posterior tramitación da solicitude para que Galicia forme parte, como membro asociado, da Unesco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f1, do 16.01.2026



8.7 44618 (12/POP-006280)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis**

Sobre os traballos que se están a desenvolver para a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 22.01.2026

8.8 46634 (12/POP-006583)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Sobre o exercicio que está a facer a Xunta de Galicia da competencia exclusiva en materia de patrimonio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 22.01.2026

8.9 45300 (12/POP-006405)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre a defensa prevista pola Xunta de Galicia dos intereses do sector primario galego no novo escenario aberto polo acordo entre a UE e Mercosur

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 22.01.2026

8.10 46637 (12/PUP-000183)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar consecuencias negativas sobre a frota artesanal galega derivadas do Regulamento europeo de control da pesca que entrou en vigor o 10 de xaneiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 22.01.2026



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o nivel de eficacia da xestión que está a levar a cabo o Goberno galego dos servizos públicos de Galicia. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 14.)

Réplica do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)

Pregunta da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar a situación que está a vivir a sanidade pública en Galicia. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Réplica da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 23.)

Alteración da orde do día

O presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en substanciar unha interpelación. (Páx. 24.)

Interpelación das deputadas Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central. (Punto sexto da orde do día)

Intervención da autora: *Patricia Iglesias Rey (S).* (Páx. 25.)

Resposta da Xunta: *conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corgos López-Prado).* (Páx. 29.)

Réplica da autora: *Patricia Iglesias Rey (S).* (Páx. 32.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corgos López-Prado).* (Páx. 34.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da reforma do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. (Punto quinto da orde do día)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 37.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María Encarnación Amigo Díaz (P).* (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *María Elena Espinosa Mangana (S)* (Páx. 40.) e *Iria Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 45.)

A deputada María Encarnación Amigo Díaz (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 45.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos. (Punto quinto da orde do día)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 47.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *José Manuel Golpe Acuña (BNG).* (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Patricia Iglesias Rey (S)* (Páx. 51.) e *Rubén Lorenzo Gómez (P)* (Páx. 53.)

Nova intervención do deputado José Manuel Golpe Acuña (BNG). (Páx. 56.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que se cree, no primeiro semestre deste ano, un Banco Público de Alugueiro de Galicia. (Punto quinto da orde do día)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Aitor Bouza Manso (S).* (Páx. 59.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Saleta Chao Rivas (BNG).* (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Moisés Rodríguez Pérez (P).* (Páx. 64.)

O deputado Aitor Bouza Manso (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 66.)



Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso e tres deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

O deputado Luís Bará Torres (BNG) pide a palabra para solicitar a votación por puntos da seguinte proposición non de lei, que non é aceptada. (Páx. 68.)

Intervén a vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, para facer unha aclaración sobre a orde das votacións. O presidente lembra que se mudou a orde e que, por tanto, se comezou polas proposicións non de lei. (Páx. 68.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo: *aprobada por 45 votos a favor, 25 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Secundino Fernández Fernández e dous deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar as palabras do ministro de Agricultura a prol da ratificación urxente do Acordo de libre comercio UE-Mercosur e mais a demanda dirixida ao Goberno galego para que se opoña a este tratado: *rexeitada por 26 votos a favor, 44 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da reforma do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: *aprobada por 38 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que cree no primeiro semestre deste ano un banco público de alugueiro de Galicia: *rexeitada por 7 votos a favor, 37 votos en contra e 26 abstencións.* (Páx. 70.)



Votación das mocións

Un deputado ou deputada pide a votación por puntos da seguinte moción, que é aceptada. (Páx. 70.)

Votación dos puntos 3 e 5 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego: *rexeitados por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás os puntos 3 e 5, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego: *aprobada, agás os puntos 3 e 5, por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa: *rexeitado por 24 votos a favor, 37 votos en contra e 8 abstencións.* (Páx. 71.)

Votación da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación do texto lexislativo

Votación das emendas do G. P. Socialista de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o proxecto de lei do clima de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 37 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 72.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o proxecto de lei do clima de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 37 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 72.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o proxecto de lei do clima de Galicia, coas emendas mantidas, se for o caso: *aprobado por 37 votos a favor, 32 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 72.)



Alteración da orde do día

O presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en substanciar unha pregunta.
(Páx. 72.)

Pregunta do deputado José Luís Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os traballos que se están a desenvolver para a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención do autor: José Luís Ferro Iglesias (P). (Páx. 73.)

Contestación da Xunta: conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José López Campos). (Páx. 74.)

Réplica do autor: José Luís Ferro Iglesias (P). (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José López Campos). (Páx. 75.)

Pregunta da deputada Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o exercicio que está a facer a Xunta de Galicia da competencia exclusiva en materia de patrimonio. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: Mercedes Queixas Zas (BNG). (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José López Campos). (Páx. 78.)

Réplica da autora: Mercedes Queixas Zas (BNG). (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José López Campos). (Páx. 80.)

Interpelación das deputadas Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta. (Punto quinto da orde do día)

Intervención da autora: Olalla Rodil Fernández (BNG). (Páx. 82.)

Resposta da Xunta: conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (José González Vázquez).
(Páx. 85.)

Réplica da autora: Olalla Rodil Fernández (BNG). (Páx. 88.)

Réplica da Xunta: conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (José González Vázquez). (Páx. 90.)

Interpelación das deputadas María Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan galego de saúde invernall 2025-2026. (Punto quinto da orde do día)

Intervención da autora: María Montserrat Prado Cores (BNG). (Páx. 92.)

Resposta da Xunta: conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño). (Páx. 95.)

Réplica da autora: María Montserrat Prado Cores (BNG). (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño). (Páx. 100.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.



Pregunta da deputada Patricia Iglesias Rey e do deputado Carlos López Font, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para garantir a suficiencia de prazas de autobús desde Carballo ata A Coruña. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 102.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 103.)

Réplica da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 105.)

Alteración da orde do día

A presidenta (María Elena Candia López) anuncia unha alteración da orde do día consistente en substanciar a continuación a seguinte pregunta. (Páx. 106.)

Pregunta da deputada María Cristina Fernández Davila e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a rectificación e posterior tramitación da solicitude para que Galicia forme parte, como membro asociado, da UNESCO. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *María Cristina Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 107.)

Réplica da autora: *María Cristina Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 108.)

Pregunta do deputado Moisés Rodríguez Pérez e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as condicións da vivenda pública que o Goberno central pon á disposición en Vigo a través da empresa Casa 47. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Patricia García González (P)*. (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 109.)

Réplica da autora: *Patricia García González (P)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 111.)

Pregunta da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 115.)



Pregunta das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o funcionamento do servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 117.)

Réplica da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 119.)

Pregunta de María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego ante os problemas de sobrecarga que se están a producir nos servizos de urxencias dos hospitais públicos de Galicia. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 121.)

Réplica da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 123.)

Pregunta de Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a defensa prevista pola Xunta de Galicia dos intereses do sector primario galego no novo escenario aberto polo acordo entre a UE e Mercosur. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención do autor: *Miguel Ángel Viso Diéguez (P)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 124.)

Réplica do autor: *Miguel Ángel Viso Diéguez (P)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 126.)

Pregunta da deputada Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar consecuencias negativas sobre a frota artesanal galega derivadas do Regulamento europeo de control da pesca que entrou en vigor o 10 de xaneiro. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Rosana Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Rosana Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 130.)

Remata a sesión ás cinco e trinta e dous minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

Permítanme que, en primeiro lugar, saúde os alumnos de 3º e 4º do centro Fonmiñá, da Pastoriza, que hoxe nos acompañan. Benvidos e benvidas ao Parlamento, e tamén a todas as persoas que están na tribuna do público.

Comezamos co punto 7º, preguntas para resposta oral do presidente.

Comezamos coa pregunta de don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o nivel de eficacia da xestión que está a levar a cabo o Goberno galego dos servizos públicos de Galicia

O PRESIDENTE: Cando queira.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e todas.

Señor Rueda, este domingo vaise escoitar un clamor —gústelle ou non— en favor e en defensa da sanidade pública. Vostede ao mellor fará coma sempre, ¿non?: prestar oídos xordos a ese tipo de manifestacións, pero, en todo caso, a medición da obxectividade de como se prestan os servizos públicos no noso país, algún tan fundamental como é o da sanidade pública, non se mide polos discursos de autocompracencia aos que nos ten acostumados. Mídese coa situación que acontece día tras día nos centros de saúde, nos hospitais, con cifras como 360.000 persoas, galegos e galegas, que esperan unha cita médica ou 50.000 que esperan unha intervención cirúrxica, ou máis de 12.000 nenos e nenas que teñen que desprazarse quilómetros para recibir a atención médica pediátrica. Mídese tamén en como pagamos os profesionais da sanidade pública, como retribuímos o persoal sanitario; somos a cuarta comunidade pola cola en retribuír peor o persoal sanitario. Ou mídese tamén en canto destinamos á atención primaria dentro da bolsa do que é o gasto público médico, un 11,8 por cen dentro desa bolsa; estamos tamén á cola, ben, á cola exactamente non, soamente nos supera a Comunidade Autónoma de Madrid, que, como saben, é un referente na prestación da sanidade pública.

Todo iso lévanos tamén á desafección que hai cara á sanidade pública por vía de concertos e de contratacións de pólizas de seguros médicos. Nos últimos dez anos, baixo o mandato do Partido Popular, incrementáronse nun 25 por cento, 460.000 galegos e galegas que teñen subscrito un seguro médico, o cal é unha boa proba de como se expulsa da sanidade pública a falla de confianza de moitos galegos e galegas nela.



Falamos desa saída da sanidade pública, falamos de servizos públicos, falamos de sanidade, pero poderíamos falar tamén de vivenda, de dependencia, de servizos sociais, de ensinanza..., en definitiva, da prestación de servizos públicos, eses servizos públicos que o Partido Popular, coa Xunta á fronte, vampirizan, eses servizos que son nin máis nin menos o cumprimento de dereitos. E os dereitos, a través dos servizos públicos, cúmprese con eles financiándoos máis e mellor.

E agora estamos nun momento histórico onde se pode falar de financiamento autonómico e onde se debe acordar o financiamento económico. Tivemos unha oportunidade, onde vostede tiña unha oportunidade de exhibir ese liderado político do que o Partido Popular, do que o presidente da Xunta desexaba para o noso país en financiamento autonómico. Veu o conselleiro, tampouco nos aclarou nada, ¿non?, pero, en todo caso, si era un bo momento para que vostede, como líder político, como presidente da Xunta, dera a cara nesta Cámara para explicarnos cales son as liñas mestras e cal é o seu modelo de financiamento.

Hai apenas un ano vostede falaba e cifraba a necesidade en 500 millóns de euros para a nosa comunidade autónoma, nese novo rango de financiamento autonómico, 500. Hoxe hai unha proposta de 587. Pódelle preguntar ao seu conselleiro se 587 é máis ou menos que 500 millóns, que vostede dicía que tiña que ser o obxectivo de Galicia. Un sistema que eu considero ben ancorado a nivel federal, pero que pode mellorar, e que se debe mellorar para Galicia; mellorar os índices de dispersión, os índices de avellentamento e tamén ser tremendamente competitivos no Fondo de Compensación Interterritorial. Aí podémolo facer, nese fondo non vai estar nin Cataluña nin Madrid, nin Baleares —creo eu—.

Por tanto, ten que dar a cara, explicar ese modelo que ten vostede de financiamento, sentarse a negociar, como van facer outras comunidades autónomas, porque, se non o fai, señor Rueda, se non o fai, non nos veña despois dar leccións, dicir que non valoramos as súas opinións, senón que o que fará é dar unha mostra de covardía política, unha covardía política que lle custa a Galicia e aos seus intereses, unha covardía baseada única e exclusivamente no seguidismo das instrucións que lle dá o Partido Popular e Alberto Núñez Feijóo.

Responda como presidente e actúe dunha forma valente, séntese a negociar, mellore ese financiamento e mellorará a vida de todos os galegos e galegas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bos días, señor Besteiro. Xa me estrañaba a min: vostede, preocupado pola sanidade. Non. Era para meter o recado, o recado de sempre, que lle mandan dar, e vostede vén aquí ao Parlamento e executa o recado que lle ordenan, que é defender o indefendible. Por certo, ¡hai



que ter moita jeta, eh! Teñen vostedes unha manifestación, temos os galegos, porque se están suspendendo moitas citas, moitas consultas hospitalarias, moitas operacións, contra o Ministerio de Sanidade, que, mentres non se demostre o contrario, forma parte dun goberno, que é certo que está moi dividido, moi sometido e moi chantaxeado, pero os ministerios son parte do mesmo Goberno, por agora. Contra eles, nin unha palabra, señor Besteiro. Polo tanto, se quere falar de sanidade, sexa coherente, e, se quere ir e vir con recados, dígalle á ministra que poña as pilas e empece a traballar para solucionar (*Aplausos.*) esta folga dunha vez, que é o que ten que facer.

Tráeme o recado, a orde —non sei moi ben— de que temos que aceptar a magnífica proposta que nos fan dende o Goberno central, que nos pasa de estar por enriba da media en financiamento autonómico a estar de penúltimos ou de últimos, segundo o queiramos medir. Ademais, que mo diga vostede, que saíu, seguindo ordes —porque xa sabemos que é o máis mandadiño de todos os mandadiños dos responsables autonómicos do Partido Socialista—, e dixo que había que aceptala xa, porque era moito máis do que pedíamos, e cando veu o clamor dicindo que era un disparate o que nos propoñían, un desastre para Galicia, incluso dos seus socios/cómplices, que se puxeron un pouco de perfil pero non puideron ignorar que é un desastre o que nos propoñían, vostede dixo que o que tiña que facer era negociar para dobrala. ¿En que quedamos? ¿Era moi boa de principio e había que aceptala ou é moi mala, pero como Pedro Sánchez é tan bo, se negociamos con el, vai multiplicar por dous unha oferta que en principio non vale para nada, señor Besteiro? ¿Dáse conta vostede das incoherencias?

Mire, eu quero falar de servizos públicos; vostede utilizouno como cuña para —xa digo— cumprir o recado. Pregúntame se facemos o suficiente respecto dos servizos públicos. Desde logo, facemos todo o posible. Facémolo con seriedade, facémolo con orzamento, facémolo con estabilidade. Eu creo, sinceramente, que en Galicia os servizos públicos —todo é mello-rable, por suposto, e queremos melloralo, para iso traballamos— funcionan. E funcionan ¿sabe por que?: porque nin están dirixidos por corruptos, como o señor Ábalos; nin por incapaces, como estamos vendo que é o señor Puente; nin por soberbios, como o señor Sánchez. Por iso nos vai (*Aplausos.*) bastante mellor, señor Besteiro.

Pero mire, ás veces non hai mellor método empírico que a comparación. Eu propoñolle que comparemos o funcionamento dos servizos públicos que dependen da Xunta cos que dependen do Goberno, e pónolle exemplos, para que todo o mundo nos entenda, tamén os invitados e a xente que nos estea vendo ou que vexa o que digan os medios de comunicación.

O apagón. Nove meses despois, seguimos sen saber o que pasou. Todo un país sen corrente eléctrica e vostedes non foron capaces nin sequera de dicirnos cal foi a razón, repartindo culpas *a diestro e siniestro*, seguimos sen saber o que pasou.

O transporte ferroviario. Señor Besteiro, ¿vostede, en nome do Goberno —sempre fala en nome do Goberno central—, é capaz de asegurarlles aos galegos que estas decisións das que nos estamos enterando pola prensa de redución de velocidade non responden non responden a que antes iamos demasiado rápido para ir seguros, señor Besteiro? ¿Non responden a que agora están revisando, non saben o que revisar e non saben se é seguro ou non é seguro cir-



cular por tren, señor Besteiro? ¿É capaz vostede de defender iso? ¿Cre que ese é un axeitado funcionamento dos servizos públicos ferroviarios, que pagan todos os galegos tamén cos seus impostos?

A contradición, o medo, os temores que vimos estes días na xestión polo Goberno do accidente ferroviario falan moi mal duns servizos públicos que vostede vén aquí defender. Por iso lle pido a comparación. Mire, eu estou preocupado polo funcionamento dos servizos públicos, porque funcionen ben os galegos, que é a miña responsabilidade, e sobre todo porque funcionen ben os do Goberno central, que reciben os galegos.

Por iso, mire, o meu deber é intentar facer o posible, como lle dicía ao principio, para que aquí funcionen ben e denunciar o que non funciona ben. Iso é o que teño que facer como presidente da Xunta de Galicia. Vostede, mentres, pode facer o de sempre: dedicarse a defender o indefendible do seu Goberno, pode tamén darlles bicos aos trens, a ver se con iso...; hai tempo que non lle dá un bico ao tren, e con iso os galegos seguro que se senten moito máis seguros. Ou a última —e teño que agradecerllo—: crítico de deseño e de arte de *stands* en Fitur; foi vostede falar mal do *stand* de Galicia, e recibiu o primeiro premio, outro triunfo máis do señor Besteiro; moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Moi ben. A verdade é que vostede é absolutamente previsible, ¿verdade?, que é unha das súas características políticas.

Ben, chámeme gorrión pero déame trigo. (*Aplausos.*) Por tanto, a partir de aí... (*Murmurios.*) —*se lo traduzco al castellano, a lo mejor lo entiende mejor*—: Llámeme gorrión pero deme trigo. O presidente entendeu por onde ía eu, (*Risos.*) (*Murmurios.*) entendeuno perfectamente.

Mire, voulle dicir unha cousa: diga o que queira, pero explíquenos cal é o seu modelo; aínda non o explicou; ¿como é posible que o presidente da Xunta non explique a todos os galegos cal é o seu modelo de financiamento? Hai soamente dúas razóns. Unha, opción A: non ten modelo; e opción B: que o ten pero non o quere ensinar. Vexamos as dúas cousas, que son extraordinariamente graves. Un, non hai modelo de financiamento, non o ten; ben, o señor Feijóo dixo que xa o presentaría no primeiro trimestre do seu mandato, cando chegue a ser presidente, queira ou non queira. En segundo lugar, está o feito de ter un modelo e non ensinalo. Un. ¡Oia!, é que ao mellor ese modelo é peor que o que presenta o Goberno agora. E digo que é peor porque, se o presidente da Xunta cifra en 500 millóns ese mellor financiamento para Galicia hai trece meses publicamente, agora hai unha oferta de 587 millóns. Por tanto, parece que é mellor a oferta do Goberno que a que vostede dixo hai trece meses, salvo que en Galicia haxa unha inflación como a da Arxentina; entón pode haber unha explicación.

Segundo. Non, é que eu teño un modelo, non o quero ensinar porque non son capaz de consensualo coas outras comunidades autónomas. Isto pode ter máis sentido quizais, co cal o



argumento da multilateralidade que tanto pregoan efectivamente cae. O que hai é unha verdadeira mentira.

E terceira opción para ter un modelo e non ensinalo: que Feijóo non lle deixa. Esta é a realidade. Entrou nunha estratexia de seguidismo de dicirlle Feijóo o que vostede ten que facer, e xa lle dixeran que non sempre, pero en moitas ocasións, eses intereses non coinciden cos intereses dos galegos e galegas.

Por iso eu pídolle un acto de liderado do presidente da Xunta, que veña a esta Cámara e nos explique o seu modelo, que nos explique en que cambiaría ese modelo presentado polo Goberno e porque o cambiaría vostede, pero con cifras, porque agora as cifras están aí. Xa non hai a escusa de non saber que cifras manexamos. Si, as cifras están aí. Discútaas vostede, diga en que se quere mellorar e tamén amplifique o consenso ás outras comunidades autónomas, que tamén teñen que decidir.

Eu o que lle pido é que abandone esa posición covarde politicamente, se sente co Goberno a discutir, a mellorar ese sistema, porque se pode mellorar, e eu cífroo en que se pode mellorar en 900 millóns. Fun claro; todo o que vostede non dixó. Hai trece meses falou de que necesitaba 500 millóns, que ía ser a súa exixencia. ¿Que pasou con esa exixencia? ¿Desapareceu? ¿Ou é que nos medimos polo que teñan os demais ou non? Teremos que pedir o que nosoutros queremos e necesitamos, claramente.

Pero vostede non é capaz de vir aquí, despexa e ao final o que ten é un acto de covardía e de seguidismo do que marcan desde Madrid para os intereses de Galicia. E xa lle digo que non sempre coinciden; a inmensa maioría das ocasións non coinciden, como vimos no Congreso no día de onte.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peché da pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

A ver, señor gorrión, *(Risos.)* imos falar de trigo entón, dito con todos os respectos. Mire, en primeiro lugar non son case 600 millóns, como di vostede, son ao redor de 400, faga ben as contas, e iso é indiscutible. *(Murmurios.)* ¡Ah! Vostede dicía 500, dicía 587, agora 500, dá igual; se me dixó que tiña que aceptar a primeira oferta e agora dime que negocie non por menos de 900. Imaxinen que lle fago caso a primeira vez, señor Besteiro. Ben, xa sei que o que vostede diga e o caso que lle fan na Moncloa, iso, en fin, é unha relación imposible.

Xa non me fala dos 4.000 millóns. É que dá cifras cunha alegría... Acórdense aquí todos no Parlamento cando nos dicía que aceptar a condonación, da que se esqueceu todo o mundo, empezando por Pedro Sánchez e, por suposto, por vostede, iso supoñía 4.000 millóns, di-



rectamente, que iamos ter para gastar no que fora. Pregunteille e vostede díxome que si, que a condonación eran 4.000 millóns para o presuposto. Xa non se acorda, porque para acordarse destas cousas hai que ter un mínimo de rigor, señor Besteiro; vostede non o ten, vostede fai de recadeiro das cousas que lle din que ten que dicir aquí para intentar un desgaste, porque é imposible.

Pero sabe que o van facer. ¡Oia!, sinceramente, se vostede cre que como dixemos nun momento unha cantidade que —insisto— é moito menos na realidade, nin sequera esa, dá igual que habendo, segundo Pedro Sánchez, moito máis que repartir, nós teñamos que conformarnos cunha cantidade pequena e os outros con moitísimo máis. Mencionouno vostede. ¿Que lle importa o que leven os demais? Claro que me importa, porque o que é de todos repártese entre todos, señor Besteiro. (*Aplausos.*) E vostede non o entende. E se vostedes se queren deixar chantaxear e aceptar que o independentismo catalán ten que ter dez, quince, vinte veces máis que os demais, eu digo, en nome de Galicia, que non, e é unha vergonza que vostede diga que si, señor Besteiro, unha vergonza que vostede diga que si. (*Aplausos.*)

Mire, ¿sabe como se garante o funcionamento dos servizos públicos? ¿Quere falar de car-tos? Falemos de orzamento. Levamos un mes de execución do orzamento de 2026, como todos os anos, como debe ser. En España, e, polo tanto, tamén Galicia afectada, seguimos co de 2022. E moito máis alá. Xa vimos onte un goberno chantaxeado, sen *punch*, á mercé dos que lle quitan unha cousa por un lado e por outra, que non foi capaz de sacar nada adiante, señor Besteiro. A única cousa porque tivo o apoio do Partido Popular, o apoio ao transporte público.

Polo tanto, así non se poden xestionar servizos públicos. Os servizos públicos xestiónanse cun orzamento sen déficit, cun endebedamento completamente acoutado e sen deixarse chantaxear.

Mire, acabamos de aprobar ese orzamento, como lle dicía. Máis fondos que nunca para ser-vizos sociais, para a sanidade, para a educación, para todo o importante, para que funcionen os servizos públicos. Un 3,2 por cento directamente dedicado aos servizos sociais, cos cam-bios, coas reformas que sexan necesarias. Para iso serve ter un orzamento, e iso non se pode facer cando un non ten orzamento.

Se vostede me fai esta pregunta para dicir que o modelo é o de Pedro Sánchez, xa digo ab-solutamente que non. ¿Sabe por que? Porque os servizos públicos xestiónanse con orzamen-tos e os orzamentos saen dos impostos dos galegos, e eu tomo iso moi en serio. Cando hai un goberno que non toma nada en serio, que todo lle dá igual, que está a aceptar a última chantaxe, que está a deixarse ser zarandeado, humillado, por todo o mundo, ese é o seu mo-del; o modelo de Galicia eu quero que sexa completamente diferente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



Pregunta da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para afrontar a situación que está a vivir a sanidade pública en Galicia

O PRESIDENTE: Cando queira.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señor Rueda.

A atención primaria desbordada, urxencias colapsadas, centos de persoas agardando nos corredores, profesionais ao límite, señor Rueda. E vostede ¿que fixo? Presentou en pleno colapso un plan para encher de chiringuitos a nosa costa —estas son as súas prioridades— e pedirlle á xente tranquilidade.

Si, vostede pedía tranquilidade porque dicía que isto é que pasaba todos os anos. É dicir, vostede sabe que as urxencias se van converter nun calvario, pero non fai absolutamente nada, crúzase de brazos, porque lle parece normal. ¿Sabe a quen non lle parece normal? Non lles parece normal aos centos de persoas que tiveron que estar agardando nos pasillos dos hospitais, e tampouco lles parece normal aos coordinadores de urxencias de todos os hospitais, de todos os hospitais, señor Rueda, que por primeira vez denuncian o abandono e o colapso. Din, textualmente: «supón un risco para a saúde dos e das pacientes e unha aldraxe á súa intimidade e dignidade».

Pídolle un exercicio de empatía, señor Rueda. Imaxínese enfermo, agardando durante horas a que o atendan nun corredor dun hospital; está vostede angustiado e ten unha enfermidade que o fai sufrir; despois de ser atendido, ten que seguir durante días agardando nun corredor dun hospital porque non hai camas. Esta é a realidade das urxencias, que lamentablemente ao presidente da Xunta lle parece normal. (*Aplausos.*)

E isto non pasa por casualidade nin iso é incompetencia, é tamén ideoloxía, porque levan vostedes dezasete anos deteriorando a sanidade pública para beneficiar a privada. Recortou 1.650 millóns de euros en atención primaria —por iso hai lista de espera para ir ao médico ou á médica de cabeceira—, ten 11.000 nenos e nenas sen pediatra, máis de 360.000 persoas esperando para unha atención hospitalaria e maltrata o persoal sanitario, que é extraordinario, pero que está nunha situación límite, 54 por cento de precariedade en enfermería, 48 por cento en medicina.

E, por se isto fora pouco, o seu Goberno cada ano dedica máis a financiar a sanidade privada. E voulle dar outro dato: nos últimos seis anos incrementáronse un 166 por cento os seguros privados. ¡Parabéns, señor Rueda! Esta é a realidade da sanidade do noso país.

E vostede agora, como sempre, virá co seu manual de escapista, botaralle a culpa ao BNG, botaralles a culpa ás persoas que enferman por riba das súas posibilidades, botaralles a culpa aos médicos que fan folga ou botaralle a culpa á cidadanía que defende a sanidade pública. Leva trinta e dous anos no coche oficial e dezasete no Goberno da Xunta, pero o señor Rueda



non ten responsabilidade de nada. Por unha vez, exerza como presidente e tome medidas para acabar co colapso que hai nas urxencias en atención primaria. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vexo que a fastidia que lle recordemos os anos que leva na oposición moito máis aínda do que eu pensaba que a fastidiaba. *(Aplausos.)*

Mire, fáleme de empatizar. Por suposto que empatizo, é que teño unha obrigaón, eu goberno, e, polo tanto, as accións que teño que tomar é intentar buscar solucións aos problemas, que os hai, sen ningunha dúbida, nunca os negamos, e, cando se producen picos na demanda de asistencia, moitísimo máis.

Pero eu falo de responsabilidade e vostede non a ten, por iso non é crible en todo isto que di. O día que foi vostede denunciar todo isto, o que está dicindo agora, no Hospital Público Álvaro Cunqueiro había unha folga contra o Goberno central, tamén os médicos de urxencia, non dixo nin unha palabra. O de sempre: tan bravos aquí, tan mansiños en Madrid, señora Pontón, tan mansiños en Madrid *(Aplausos.)*

Mire, resumo de reunións sindicais con participación do seu sindicato nas que se recoñece a perda de forza das mobilizacións e nas que se fixa como obxectivo paralizar a atención primaria sen demora, aproveitando a tempada de gripes e virus respiratorios, así como o colapso dos servizos de urxencias hospitalarias. ¿Recoñece isto? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non? ¿Non sabe quen dixo isto? O sindicato que vostedes apoian, señora Pontón.

Polo tanto, ¿que credibilidade vén contar aquí? A folla de ruta é sempre a mesma, sempre é a mesma: hai manifestación o domingo e toca pregunta hoxe. Vostede empeza o ano igual que acabou o ano pasado: agarrada á pancarta. Fixo unha reunión do —¿como se chama?— goberno paralelo ou virtual —iso que teñen vostedes—, a segunda en dous anos. ¡Vaia ritmo! Quen a vería de presidenta... *(Risos.)* ¡Vaia ritmo, señora Pontón! Despois, o de sempre: a mobilización, a algarada, o conflito... Eu non lle boto a culpa doutra cousa que a de promover o conflito por sistema e non dar ningunha solución, e utilizar a demagogia, por suposto. ¿Que vai dicir na manifestación? ¿O mesmo que di aquí? Que a sanidade pública galega está dirixida por un equipo de psicópatas; que temos hospitais terciromundistas, de campaña, de guerra... E falan vostedes de privatización. ¡Pero se privatizaron en catro anos do Bipartito tres veces máis do que fixo a Xunta de Galicia en todos os anos que levamos, dende o ano 2009, señora Pontón! *(Aplausos.)*

Mire, eu dígoo claramente: ¡si!, non ten credibilidade para falar de sanidade porque a súa estratexia é, simplemente, a manifestación e a pancarta. Sempre foi así. Acaba de saír unha



sentenza sobre os *pellets*. Todo o que dixo vostede hai dous anos: «o *Prestige* de Rueda, o dano ambiental máis fondo causado a Galicia dende o *Prestige* —e aínda a ver se é maior que o *Prestige*—; a pesca condenada...», —¡que mal faláron da pesca!— «como a puxeron en perigo». Todo iso dixeron. Acusábanos de prevaricar. ¿E agora que, señora Pontón? Por suposto, coa súa soberbia, sae vostede dicindo que non pensa rectificar. ¿Que máis dá? A súa si que é a palabra que vale, nisto e en todo. Hoxe é a sanidade, hai dous anos foron os *pellets*, hai tres anos foron os proxectos industriais, mañá serán os servizos sociais...

Por certo, os servizos sociais. ¡Como lles fastidian os acordos! ¡Como lles fastidia que, fronte á algarada, ao conflito e á tensión, cheguemos a acordos! ¡Como se poñen vostedes porque acabamos de pechar un acordo na Fegamp para o servizo de asistencia no fogar! ¿Que vai dicirles aos alcaldes? ¿Que non o acepten? (A deputada Paula Prado del Río: Claro.) ¡Son moitos cartos! Son moito máis que 500.000, que, por certo, é o que vale a dignidade do Bloque para branquear todo o que pasou na Deputación de Lugo. (Aplausos.) 500.000 euros, aquí paz e despois gloria. Comprenderá que con esa coherencia, con esa «seriedade» —todo o contrario— e con esa falta de credibilidade, é moi difícil discutir sobre un asunto tan serio como a sanidade.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, a verdade é que o vexo moi enfadado por que falemos de cales son os problemas que hai na sanidade pública. Pensei que falando dun tema tan sensible e que está afectando dunha maneira tan directa e tan preocupante a cidadanía hoxe non viría aquí facer —como sempre, nas sesións de control deste hemiciclo— unha lameira, (Murmurios.) pero, evidentemente, vostede nunca falla. E, en vez de explicar-lles aos galegos e ás galegas que pensa facer para solucionar o colapso de urxencias ou a situación que hai en atención primaria, vén aquí facer un exercicio de escapismo, cos seus xogos de pirotecnia, que o único que delata, señor Rueda, é a súa incapacidade para defender a situación que hai na sanidade pública. (Aplausos.)

Mire, non sei se está moito vostede para falar de pancarta. Mire, nós —¡pois si!— preferimos estar nas rúas coa xente e cos profesionais que defenden a sanidade pública. A vostede gústalle máis estar nas pancartas coa extrema dereita e en contra dos dereitos da maioría. (Aplausos.) É unha cuestión de prioridades, señor Rueda, efectivamente.

Como sempre ten que entrar na descualificación persoal, porque non sabe defender a súa xestión, di que eu non teño credibilidade. ¿Cal é a súa, gurú da credibilidade? (Risos.) ¿Cal é a súa credibilidade? ¿Crear listas de espera en atención primaria? ¿Ter once mil nenos e nenas sen pediatra? Os que están aí sentados, (A deputada Ana Belén Pontón Mondelo sinala a bancada do público.) da Pastoriza, só teñen pediatra dous días á semana, señor Rueda. (Aplausos.) ¿Cal é a súa credibilidade? ¿Colapsar o noso sistema sanitario? Mire, eu, señor Rueda, non dou carnés de credibilidade, pero o que delata o que está pasando na sanidade é a súa incompetencia para xestionar a sanidade pública deste país.



E é curiosa a amnesia que vostede ten cada vez que cruza a porta deste Parlamento, porque se lle esquece que é presidente da Xunta. Díganos, señor Rueda: ¿que lle impide a vostede mellorar as condicións dos médicos e das médicas deste país? Ten todas as competencias para facelo. O problema é, señor Rueda, que as súas prioridades son outras. A súa prioridade é seguir deteriorando a sanidade pública para beneficiar a sanidade privada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si, si! ¿Sabe quen ten o récord en destinar e derivar recursos para a sanidade privada? O seu Goberno, señor Rueda: 341 millóns de euros (*Aplausos.*) neste ano que van á sanidade privada mentres temos as urxencias colapsadas e os profesionais nunha situación límite.

Señor Rueda, escoite un pouco máis os profesionais. Acaban de dicirlle todos os coordinadores de urxencias que están nunha situación límite e está convertendo as urxencias deste país nun lugar onde non teñen capacidade para atender a todo o mundo. Iso é o que lle están dicindo os propios profesionais. E vostede vén aquí cos seus exercicios de escapismo e coa súa pirotecnia barata, que é ao que se dedica ao vir ás sesións de control. A nós preocúpanos a sanidade pública, porque é o que garante a saúde dos galegos e das galegas. E claro que hai outra política sanitaria, pero hai que poñer no centro a defensa da sanidade pública.

E por iso nós facémolles propostas, porque hai que cambiar as prioridades do seu Goberno, señor Rueda. A primeira é un plan de rescate da atención primaria, para canto antes recuperar eses 1.650 millóns de euros que...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...vostedes recortaron nestes dezasete anos. A segunda é acabar coa precariedade que vostedes instalaron no noso sistema sanitario. Hai que tratar ben os profesionais, que son os que están mantendo neste momento a situación, acabando coa precariedade e contratando máis recursos humanos para o Sergas, e hai que poñer a funcionar a pleno rendemento todos os mecanismos...

O PRESIDENTE: Grazas.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...e servizos que temos nos hospitais.

O PRESIDENTE: Grazas.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Que traballen de mañá, de tarde...

O PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...e en fin de semana se fai falta para acabar...

O PRESIDENTE: Grazas.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...coas listas de espera.



O PRESIDENTE: Grazas.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda...,

O PRESIDENTE: Grazas. Terminou...

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Se vostede non pode...,

O PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...non quere ou non sabe, deixe paso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, non estou enfadado, non se preocupe. Estou —non sei— apesadumbrado, melancólico, porque o esforzo ou o desánimo inútil conducen á melancolía, e eu vexo que vostede non vai cambiar. É a de sempre. Estame dicindo que estou enfadado... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, se tamén lle faltei ao respecto. Dicirlle a vostede que non ten credibilidade resulta que é faltarlle ao respecto persoal. Pois mire, pregúntelles aos galegos —que xa hai tres veces que se presenta e as tres veces perdeu— (*Aplausos.*) se ten vostede ou non ten credibilidade, señora Pontón. Esa é a credibilidade. Tres veces seguidas, tres derrotas. Pero, se eu lle digo que vostede non ten credibilidade, claro, ¿non?, quen non a ten son eu, que teño maioría absoluta mentres vostede perdeu tres veces, señora Pontón. (*Murmurios.*) Pero é igual; vostede é a árbitra de todo e, polo tanto, o que vostede di que está ben está ben. O resto non se pode discutir e o que lle digo eu son xogos... —¿como era?, porque se lle esqueceu a vostede tamén na segunda...—, é pirotecnia barata —debía ser que o tiña mal apuntado—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non; é a verdade, a verdade absoluta, señora Pontón.

Mire, se vostede quere ser crible, diga algo respecto de... Fálame das condicións dos médicos. ¿Pero non se dá conta de que hai centos de médicos en folga e protestando contra un estatuto médico que ten que decidir o Goberno central? (*Murmurios.*) Nós estamos dicindo que teñen razón e que o fagan canto antes. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede, nin unha soa palabra. ¿Que sería se, en vez de gobernar en Madrid os seus cómplices, estivera gobernando o Partido Popular? (*Murmurios.*) ¡O que estarían dicindo, señora Pontón! (*Aplausos.*) De verdade, é moi difícil de entender esa submisión —o que lle digo sempre e o que lle dixen antes—: mansiños cando miran a Madrid e tan bravos aquí, sexa o seu sindicato ou vostedes nestas sesións de control. Pero, despois, as estreladas e as bandeiras do Bloque, cando se trata de protestar contra o Goberno central, gardadiñas; procesión dos caladiños. Os médicos fanlle unha folga ao Goberno central e o Bloque maniféstase contra o Goberno da Xunta; (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ese é o resumo.



Non o podo entender. Se aínda lle servira para algo, señora Pontón, pero só serve para re-tratalos. ¡Son vostedes un choio! Miren os seus socios; eses si que saben chantaxear. Cando hai un goberno que se deixa chantaxear vilmente, porque o único que quere é sobrevivir un día máis, pois entón... ¡Pero vostedes nin iso saben facer! Non os toman en serio. De verdade, coa actitude que teñen aquí, non digo un premio —porque dende logo non é de premio—, pero, ¡home! —non sei, non podo entender—, nin unha soa palabra contra a folga dos médicos pola actitude e pola falta de vontade negociadora do Ministerio de Sanidade, que está provocando a suspensión de moitísimos actos médicos. Eu entendo que vostede critique a actitude da Xunta; o que non podo entender é o seu silencio covarde contra a actitude do Ministerio de Sanidade, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Mire —e vou rematando, señor presidente—, imos aprobar —perdón, «imos aprobar» non, aprobamos, xa empezamos a aplicar— o orzamento do 2026, como dicía o señor Besteiro. É un 50 por cento máis adicado á sanidade do que adicaban vostedes, nese Bipartito que agora tanto reivindicán. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, si! A ver, ¿en que quedamos? ¿Reivindícano ou non o reivindicán? ¿Fixérono ben ou non o fixeron? Non o fixeron ben, que perderon á primeira, pero, ben, vostedes din que si. Hai un 28 por cento máis de prazas, señora Pontón; mire: 46.200 persoas. Por certo, 163 novas prazas en primaria este ano, 90 de enfermería, 36 de médicos e médicas de PAC, 12 de PSX e 3 fisioterapeutas.

Polo tanto, seguimos investindo. Toda esa cantidade de xente e toda esa cantidade de cartos merecen que intentemos facer as cousas ben —o mellor posible, como dicía na anterior resposta—, e iso é o que estamos facendo, con todas as dificultades e con todos os problemas. Polo tanto, se vostede quere seguir na algarada, na incoherencia e na covardía para enfrontarse a uns e na suposta valentía e bravura para enfrontarse a outros —que non é tal—, alá vostede.

Eu, sinceramente e con todos os meus respectos, malgastar o tempo discutindo con quen sempre pon mal a sanidade —unha das mellores sanidades que temos en España— pois non sei se, sinceramente, vale a pena. Vostede siga coa pancarta e siga coa algarada; nós seguiremos xestionando para intentar mellorar.

E, por certo, saúdos ao Partido Comunista de Vietnam, que son amigos seus.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: Continuamos cunha serie de alteracións. Neste caso, é unha interpelación.

Interpelación das deputadas Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Iglesias.



PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señor Corgos, hoxe vouno volver intentar, a ver se o consigo —xa lle digo que son teimuda—. Vou volver intentar convencelos do importante, do relevante e do nuclear que é que senten a negociar co Goberno de España de igual...

O PRESIDENTE: Patricia, espera un segundo.

PATRICIA IGLESIAS REY: ¿Non estaba o tempo?

O PRESIDENTE: Párocho.

(Pausa.)

PATRICIA IGLESIAS REY: ¿Volvo empezar?

O PRESIDENTE: Si.

PATRICIA IGLESIAS REY: ¿Agora?

O PRESIDENTE: Cando queiras.

PATRICIA IGLESIAS REY: Veña, grazas.

Señor conselleiro, díciálle que vou volver intentar —a ver se o consigo, que son teimuda— convencelos do importante e do nuclear que é que senten a negociar co Goberno de España, de igual a igual, e que negocien un bo financiamento que atenda as nosas singularidades do país por enriba dos intereses do partido. Non son iguais as necesidades de Valencia e de Andalucía que as de Galicia ou as de Castela e León. Dígollo sinceramente, señor Corgos: non estamos aquí para falar de consignas e de confrontacións, que ao final son estériles.

Onte o único que fixo —e sábeo ben— foi criticar o modelo proposto polo Goberno de España sen facer proposta ningunha. Seguiu ao milímetro as ordes de Génova 13, como bo contable que é do PP. Eu penso que lle falta valentía política, señor Corgos. Estamos aquí para falar do ben común, dos cartos dos galegos e das galegas, dos servizos públicos e do futuro para Galicia.

Cando se fala de financiamento, hai que dicir unha verdade incómoda que seguro que non lle gusta, señor Corgos, que é que o Goberno galego do Partido Popular, que leva dezasete anos no Goberno, hoxe, 28 de xaneiro de 2026, non ten unha proposta de financiamento para o país. Toca deixar de facer o paripé e deixar de facer teatro; toca traballar, negociar e acordar con peso político; e toca suar a camiseta, señor Corgos, e ao mellor, suar a gravata.

Señor conselleiro, onte falaba tamén dos expertos e das expertas da Comisión de Estudos que se constituíu neste Parlamento e que eu seguí con especial atención; estaba no Consello



de Contas, pero seguina con especial atención. Invítoos a reler a proposta do 2018 que fixeron —eu relina—, na que se di que ese modelo que se propoñía vai na liña proposta que fai hoxe o Goberno de España —sabe que si, señor Corgos— e hai moitos puntos de consenso. Supoño que tamén escoitaría a entrevista que se concedeu onte polo director do Foro Económico, polo señor Lago: «Quedo co positivo. Esta proposta do Goberno de España vai no bo camiño, vai na boa dirección, pero o Goberno galego ten que negociar». Quedemos con esas palabras, señor Corgos, pero agora no 2026, como dicía, non teñen proposta. ¿Por que non a teñen? Non a teñen por seguir as ordes de Feijóo.

Dicía onte tamén que eu falaba pola boca da ministra, pero non, señor Corgos. Eu falo pola boca dos galegos e das galegas que nos votaron, que votaron o Partido Socialista, e que me puxeron aquí para facer, ou tentar facer, política útil da boa e para falar dos intereses de Galicia. E falar de Galicia é traer a este Parlamento o que fixo o seu partido onte no Congreso dos Deputados, que afecta milleiros e milleiros de pensionistas. Votaron «non» á revalorización das pensións e votaron «non» tamén á prórroga de desahucio das persoas máis vulnerables, que tamén hai moitas en Galicia.

Señor Corgos, iso é falar de Galicia, pero o que fan por parte do Goberno galego —e viuse hoxe co presidente Rueda— é unha declaración grandilocuente e unha pose institucional instalada na confrontación, pero cando se baixa o ruído, queda o baleiro, señor Corgos. Non hai proposta do presidente, realmente, para fortalecer o Estado de benestar. Nós, as socialistas de Galicia, cremos que Rueda vai ter que pedir perdón se non senta a negociar, de igual a igual, co Goberno de España.

Sabe ben tamén que o sistema é rogatorio, é voluntario; é dicir, que hai que pedilo e hai que sumarse por parte de Galicia. Eu preguntolle: ¿van rexeitar, de plano xa, os 587 millóns de euros que se poñen enriba da mesa? O sistema leva caducado trece anos e negociar un novo sistema non é unha opción política. Non depende de se lle convén máis ou menos ao PP, é unha obriga institucional como Goberno galego. ¿E, fronte a esa obriga, que fai a Xunta? Non lidera, non propón, non negocia, non é valente e non ten peso político en Madrid, señor Corgos. Limítanse a dicir «non» a todo, porque baixan a cabeza ante as ordes do xefe.

Desde as socialistas de Galicia voulle facer unha invitación: retomemos neste hemicycle esa comisión de estudos e redactemos unhas conclusións que pesen nos intereses do país. E díggolle máis: esta interpelación vaise transformar nunha moción. Intentaremos dende o Grupo Socialista que o PP de Galicia vote a nosa proposta. Noutras comunidades autónomas fixérono, señor Corgos. Tendemos esa man. Falaba onte dos intereses do país; pois, por parte do Partido Socialista tendemos esa man e veremos na moción da semana que vén o que van facer. Se non, vanse retratar, porque nós cremos que detrás desa negativa a facer unha proposta e a negociar, o que hai, señor Corgos, é un seguidismo vergoñento do señor Feijóo.

E despois, cando se lle pide unha proposta concreta, ¿que nos trae? —a nivel de partido, digo—. Tráenos a Declaración de Zaragoza, un documento presentado como unha grande alternativa do PP, na que estaba presente o señor Rueda como o primeiro da clase para asinar. E cando unha le con atención esa declaración de Zaragoza, ¿que ve? Non ve nin unha soa cifra, nin un só número e ningunha estimación do impacto para Galicia. Máis ben ve



cero euros para o noso país. Señor conselleiro, non se pode falar de financiamento sen falar de cartos públicos, de cifras, e a Declaración de Zaragoza non é unha proposta.

Isto é como a hipocrisía de negarse a negociar cando no 2001, que negociaba Aznar, asinou ese Pacto do Majestic, negociou cos vascos e cos cataláns e España non rompeu. O «M. Rajoy» negouse, nin sequera, a propoñer un novo sistema de financiamento cando estaba o señor Montoro, ese flamante ministro de Facenda, hoxe imputado por organización criminal e tráfico de influencias, señor Corgos. Por certo, seguimos esperando que a Consellería de Facenda nos entregue os contratos menores, a dedo, que se lle outorgaron ao equipo económico. Seguimos esperando por ese artigo 9, señor Corgos, para que se nos dea acceso a eses contratos menores adxudicados. Por tanto, a incoherencia é evidente.

Despois, como dicía hoxe o noso voceiro José Ramón Gómez Besteiro, pedían hai uns meses 500 millóns de euros para o novo financiamento. Hoxe enriba da mesa hai máis, 587 millóns, e vostedes din «non». Nós cremos —como dicía tamén o noso voceiro— que se pode negociar para mellorar eses criterios técnicos e as variables da dispersión e do avellentamento. É un sistema, en definitiva, común e solidario que non foi feito para Cataluña e que acurta, como sabe, moitas diferenzas de financiamento entre as comunidades autónomas máis ricas e as que non o son tanto. A solidariedade territorial aumenta en 3.000 millóns de euros, señor conselleiro, e non hai concertos económicos, como se dicía. Iso está totalmente descartado.

É un sistema de financiamento respectuoso co Estado descentralizado das autonomías que se proclama na Constitución. Iso si, Feijóo vai esperar a presentar un modelo cando sexa presidente —é o que ansía con todas as súas ganas— que vai pactar con Vox e que, como lle dicía onte, nega o Estado das autonomías constitucionais. E nós defendemos un estado federal que outorgue máis autonomía fiscal na xestión dos tributos a Galicia. Señor conselleiro, o noso país é unha nacionalidade histórica á altura, como lle dicía, do País Vasco e de Cataluña e vostedes non teñen valentía política.

Igual de incoherente é a negativa, incomprensible, a aceptar a quitación da débeda de 4.000 millóns de euros, que é boa para Galicia, boa para reducir xuros, e din que non por seguir as ordes de Génova. Piden máis, pero tamén aproban agasallos fiscais para os que máis teñen; ano tras ano, máis agasallos fiscais. E tamén dicía onte o señor Pazos que era disparatado poñer na ecuación do sistema de financiamento o autogoberno fiscal; dicía que non ten nada que ver. ¡Home, un pouquiño de nivel, señor Corgos! Saberá tamén que a Constitución proclama un sistema redistributivo fiscal no artigo 31 e vostedes o que fan son regalos fiscais para os que máis teñen; unha contradición absoluta.

Por tanto, nestes orzamentos de 2026 case 800 millóns de euros non ingresarán nas arcas públicas e, por tanto, non irán para mellorar a sanidade, a dependencia, para que haxa máis vivenda pública ou para a educación. Mentres tanto, está tamén esa incongruencia de asfixiar os concellos galegos, que teñen que pedir migallas mentres a Xunta non respecta a súa autonomía fiscal. É absolutamente incoherente. Esa política —digamos— de non favorecer o público e favorecer o privado ten consecuencias para os galegos e as galegas. Na sanidade, son as listas de agarda en aumento, a atención primaria saturada, a falta de profesionais e



que estes estean con malas condicións laborais, señor conselleiro; na dependencia, son os atrasos inasumibles e persoas falecendo sen recibir prestación; e na educación, son a falta de profesorado de apoio e moita máis desigualdade.

Cando fallan os servizos públicos, non é culpa do Goberno de España, señor Corgos, é por decisións políticas de dereitas erradas do Goberno galego do PP. Un dato: máis de 15 millóns de euros extras polo aumento da derivación á sanidade privada. Nestes orzamentos de 2026 aumentouse un 6 por cento a derivación aos concertos á sanidade privada. Claro que é cuestión de ideoloxías, das ideoloxías neoliberais que practica o Goberno do PP.

Nós, por tanto, somos claros: defendemos máis financiamento, e bo, para Galicia. Pedimos que negocien, que senten a negociar de igual a igual co Goberno do Estado.

A entrada en xogo —dicía tamén o noso voceiro— do Fondo de Compensación Interterritorial vai beneficiar Galicia moito e vai diminuír as diferenzas das provincias do Eixe Atlántico e das provincias de Lugo e Ourense. Poñan esa ecuación na negociación do sistema de financiamento, aínda máis agora, que sabe que se está negociando o novo marco financeiro plurianual dos fondos europeos, que van supoñer, tal e como está a proposta, un recorte de máis dun 20 por cento para os fondos que recibe a Comunidade Autónoma: os fondos Feader, o Fondo da Pesca e, en definitiva, os fondos da política de cohesión. Esa proposta vén pola Comisión Europea, que está presidida polo Partido Popular Europeo, por Ursula von der Leyen...,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...así que, por favor, deixen de enredar.

Por tanto, tendemos a man, señor Corgos. Veño con esa proposta hoxe, porque sabe que o BNG xa se autoexcluíu desta negociación para defender un concerto económico insolidario que, ademais, é nefasto para Galicia. Por tanto, negociar un sistema caducado de hai trece anos non é unha opción, é unha obriga institucional como conselleiro de Facenda.

E, mentres o Goberno de España pon propostas enriba da mesa con números, con cifras, o Goberno galego do PP non ofrece alternativa. O resultado é claro: rexeitan...

O PRESIDENTE: Grazas.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...587 millóns, rexeitan a quitación da débeda, perdoan case 800 millóns aos máis ricos e deixan que os servizos públicos se privaticen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Dará a resposta o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.



O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

Pois, efectivamente, señora Iglesias, voltamos falar do tema sobre o que onte penso que xa dei cumpridas explicacións. Non vou mudar o que dixen onte, evidentemente, porque somos un goberno coherente. Vostede si que falou outra vez de cousas que nada teñen que ver co sistema de financiamento autonómico, como das votacións nas Cortes de onte; da ideoloxía neoliberal, que non sei que ten que ver co sistema de financiamento autonómico; mesmo doutros ingresos, como os que atinxen á política fiscal autonómica; ou do Fondo de Compensación Interterritorial, que non forma parte do sistema de financiamento autonómico, por certo. Lea a Constitución. O Fondo de Compensación Interterritorial non serve para financiar o gasto corrente sanitario nin o gasto corrente en política social, só serve para financiar investimentos. Por tanto, non enrede, como adoita facer. Por certo, tamén fixo referencia, como dicía antes, á votación de onte. Na votación de onte, o que se dixo nas Cortes por parte do Partido Popular é: «actualización de pensións, si; “decreto ómnibus”, non». Iso foi o que se dixo no día de onte. (*Aplausos.*)

Tamén fai unha referencia ao que dixo onte Santiago Lago, recollendo, por suposto, as frases que máis lle interesan; pero eu teño aquí a nota de prensa (*O conselleiro Miguel Corgos López-Prado amosa un documento.*) do que dixo onte. O que dixo onte, literalmente entre comiñas, é: «A proposta do Goberno ten aspectos positivos para comezar a negociar unha verdadeira reforma do sistema de financiamento». *A sensu contrario*, se ten aspectos positivos para negociar unha verdadeira reforma do sistema de financiamento, o que se presentou non é unha verdadeira reforma do sistema de financiamento; é unha aldraxe a Galicia, que é o que dixen eu onte. Tamén dixo, entre comiñas: «A segunda parte da proposta de Facenda tórcese cando Cataluña se cola entre as comunidades máis beneficiadas e Galicia se afunde, mentres Cataluña se dispara, e iso non se pode aceptar». Iso tamén o dixo o señor Lago e está entrecomiñado na nota de prensa da Cadena Ser. (*Aplausos.*)

E xa que lle interesa tanto a opinión do señor Lago —a min tamén, e, de feito, adoito falar con el do sistema de financiamento—, rematou a súa intervención dicindo —tamén o recolle a nota de prensa—: «Finalmente, o director do Foro Económico de Galicia sostén que o Goberno levará a súa proposta de reforma do modelo de financiamento directamente ao Congreso, sen negociar de forma bilateral nin multilateral. Isto tamén é o que dixo o señor Santiago Lago onte. As verdades a medias xa sabe, señoría, que son mentiras. Polo tanto, diga sempre toda a información á que nos estamos referindo. Non existe ningunha vontade de negociar. Vostede o que está facendo aquí é o papel de defensora da posición do Goberno —neste caso do señor Sánchez— nun asunto que prexudica especialmente —e isto está recoñecido unanimemente por todos os expertos— a nosa comunidade autónoma. Non sei por que vostedes non teñen os arrestos que teñen os seus compañeiros de Asturias ou de Castela e León —que están menos prexudicados aínda que Galicia, porque pasa a ocupar a última praza en financiamento por habitante axustado— para opoñerse a este sistema de financiamento. ¿Por que non defenden Galicia e si o que defenden, como sempre, é o señor Sánchez antes que Galicia?

Pero bueno, indo ao teor da súa pregunta, comeza falando do dereito e por que non aceptamos a mal chamada quitación da débeda. Tal e como lles expuxen onte, tanto a quitación



da débeda como o sistema de financiamento das comunidades autónomas, as dúas cuestións sobre as que se interpelan, parten dunha formulación común, teñen unha cousa en común: que dan resposta aos compromisos do presidente do Goberno para manter o apoio dos seus socios antes das necesidades dos cidadáns residentes nas diferentes comunidades autónomas, en xeral, e en Galicia, en particular. Por tanto, ambas as dúas medidas nin busca mellorar o financiamento das comunidades autónomas —dicía antes— en xeral, e moito menos mellorar a situación de Galicia en particular. Tal como xa expliquei na miña comparecencia, as súas propostas repiten un mesmo esquema: nun primeiro momento o Goberno central asume de xeito bilateral con Esquerra Republicana de Cataluña os seus postulados, o seu plan, o seu plan de condonación e o seu plan de financiamento autonómico, para posteriormente tentar impor eses acordos no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira; pedindo ás comunidades autónomas que acepten unha fórmula pechada, xa anunciada como acordada antes desa presentación no pleno do Consello, e facendo que a presentación no Consello de Política Fiscal e Financeira sexa un mero trámite sen capacidade real de negociación. As dúas formulacións teñen algo máis en común á parte do *modus operandi*: son moi prexudiciais para Galicia. Reiterarei brevemente as razóns que nos levan a esta avaliación negativa.

No caso da asunción de débeda polo Estado, é moi prexudicial para a nosa comunidade autónoma, en primeiro lugar, porque favorece as comunidades incumpridoras e penaliza as cumpridoras como Galicia. Xera incentivos de irresponsabilidade e de futuros incumprimentos, o que pode desembocar en agravios e tratos desiguais fronte a comunidades que aplicaron criterios de prudencia e responsabilidade fiscal, como a nosa comunidade autónoma. Vai en contra do principio de equidade entre as comunidades autónomas, que é algo básico á hora de falar de calquera formulación que se faga sobre a débeda. Volvo lembrar aquí que iso é o que se defendeu no acordo que adoptou este mesmo Parlamento de Galicia no ano 2023, que di textualmente: «No caso de que se leve a cabo unha condonación da débeda das comunidades autónomas adheridas ao FLA —que son aquelas que están máis endebedadas, que son aquelas que non poden financiarse nos mercados e que son aquelas que teñen problemas de débeda—, que se trate a todas as comunidades autónomas por igual, sen que se produzan agravios». E, tal e como está formulada esta asunción de débeda, isto non se cumpre. ¿Ou a vostede parécelle equivalente que se condonen 1.389 euros por habitante axustado á comunidade galega e 2.284 euros por habitante axustado a Cataluña? Son 895 euros menos por habitante a Galicia sobre Cataluña. ¿A iso chámalle vostede equidade? Nós, desde logo, non.

A segunda razón pola que esta proposta non é conveniente para Galicia é porque —lembro unha vez máis— non mellora a nosa capacidade de gasto. Vexo que agora xa recoñecen vostedes tamén isto, despois de que tivese que certificarla a Airef. É unha operación que non xera capacidade adicional de gasto ás comunidades autónomas, xa que a débeda e o gasto global non poden aumentar, en aplicación do principio de neutralidade e do impacto do déficit e da débeda pública, que recolle o propio acordo. Por tanto, Galicia non podería investir os recursos liberados por un menor custo financeiro, e isto é o máis importante. Porque se realmente puidésemos dispor deses 4.000 millóns de euros máis o aforro en xuros, por suposto que o aceptaríamos, díxoo o presidente Rueda nesta sede. Pero neste caso estaríamos a falar dunha transferencia e non dunha asunción de débeda.



A terceira razón para desbotar esta proposta é que coa metodoloxía empregada se introducen criterios políticos que penalizan a disciplina financeira e a sustentabilidade das finanzas públicas e se vulnera a autonomía fiscal, beneficiando as comunidades autónomas que, por exemplo, subiron o tramo autonómico do IRPF. A isto vostede chámalle criterio obxectivo... Criterio obxectivo é darlle un tramo da condonación a aquelas comunidades autónomas que subiron os impostos... Non, imos precisalo mellor: a aquelas comunidades autónomas que subiron o IRPF, non os impostos, e, ademais, non en calquera momento, senón antes do ano 2022, porque igual no 2023 xa rebaixaron o IRPF esas comunidades autónomas. ¡Só faltou poñer como condición obxectiva que comezasen por «C» e terminasen por «ña»! (Aplausos.) (Murmurios.) O Ministerio de Facenda incluíu isto por razóns políticas e non técnicas, forzando a inventarse unha serie de criterios para conseguir un resultado predeterminado de antemán para favorecer algunhas comunidades determinadas, en particular as encomendadas. De feito, se analizamos os datos —que aquí si que había métrica, non como no sistema de financiamento da condonación—, o 28 por cento da débeda que o Goberno de España pretende asumir das comunidades autónomas, 23.000 millóns de euros, resulta asignado por estes criterios políticos. E, ¿sabe canto lle corresponde da asunción de débeda a Galicia deses 23.000 millóns de euros? ¡Cero euros de condonación!

A cuarta razón para rexeitar este acordo é que os galegos e as galegas veríamos incrementado o volume global de endebedamento. A razón disto é porque —como dicía antes— a débeda non muda, non desaparece, simplemente muda de mans. A débeda trasládase á bolsa común do Goberno central por parte das comunidades autónomas, pero a maior contía polas que teñen un maior endebedamento. Por iso, como resultado desta mutualización, coa repartición da mesma os galegos terminarían asumindo máis débeda da que ceden: case 600 millóns de euros de débeda adicional. En concreto, por cada galego e galega veríase incrementada en 220 euros. Esta maior cantidade daríase polo xogo de que o Goberno central asuma en 1.477 euros por galego da débeda da Xunta, pero asumimos tamén a débeda das restantes comunidades autónomas, a través da débeda do Tesouro, 1.696 euros de débeda xeral. Este é o criterio que se aplica, por igual a todos os cidadáns galegos, sen progresividade. ¿Por que non aplican aquí o criterio de ordinalidade e que as comunidades menos endebedadas se manteñan como menos endebedadas? Resulta que, grazas a esta xestión do Goberno central, algunhas comunidades, sen facer ningún esforzo, pasan a estar con menor nivel de endebedamento que Galicia... ¡Non ten ningún sentido! Isto non é tratar equitativamente as comunidades autónomas e moito menos a nosa, a Galicia, que é o que aquí nos interesa. Isto en canto á asunción da débeda.

Quedaríanos por falar un pouco da reforma do sistema de financiamento pero, como xa dicía, partimos dun *modus operandi* semellante. Pero queredo falar —como xa falei onte— dos criterios que non podemos aceptar. Tamén me gustaría falar de dúas cousas. Nós si que temos un modelo, e si que o presentamos e si que falamos das partes básicas do modelo, dos ingresos. Non queremos un modelo que se basee na capacidade de xerar ingresos das comunidades autónomas. Queremos un modelo que se basee na necesidade de gasto —o modelo presentado a semana pasada non o fai—. Queremos un modelo que mellore o tratamento a Galicia da poboación axustada, mellorando o peso da dispersión e o avellentamento —o modelo presentado a semana pasada polo Goberno de España non o fai—. Queremos un goberno que iguale o financiamento por habitante axustado e non sitúe Galicia á cola do financia-



mento por habitante axustado —o modelo presentado polo Goberno de España a semana pasada non o fai—. Se as partes estruturais do modelo non permiten mellorar a comunidade autónoma, non se nos pode pedir que nos sentemos a negociar con eles.

Na miña réplica seguirei a falar de por que non podemos negociar este modelo de financiamento autonómico.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente, de novo.

Bueno, perdinme un pouquiño *(Risos.)* coa súa explicación, señor Corgos, a verdade é que un pouquiño deslabazada si que era. Simplemente quéroille dicir algo moi clariño: ¡claro que ten que ver cos galegos e as galegas o que se votou onte no Congreso de Deputados! E non falo pola boca de Pedro Sánchez, señor Corgos, porque penso que o Partido Popular en Madrid é o mesmo Partido Popular que está aquí en Galicia. Onte deu ordes o seu xefe, Feijóo, de votar en contra da revalorización das pensións dos maiores galegos e galegas deste país. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Falaba do decreto ómnibus... ¡Pero que cara teñen de falar do decreto ómnibus se aquí aproban a Lei de medidas ano tras ano cunha maioría absoluta, sen consenso e sen diálogo con ninguén, señor Corgos! ¿Que mérito ten? E votaron en contra, ademais das declaracións penosas do señor Feijóo en contra da regularización dos migrantes, que é o pulo económico neste país, señor Corgos, *(Aplausos.)* abrazándose á extrema dereita racista, señor Corgos. ¿Non ten que ver con este país? ¡Por favor, eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A min caeríase a cara da vergonza dicindo iso, señor Corgos. Porque isto, hai que facer política... Claro que ten incidencia que o seu partido e o seu xefe abracen a extrema dereita. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¿Que pensa, que cando chegue ao Goberno o señor Feijóo vai pactar un sistema de financiamento onde se hai que poñer de acordo? Non é o mesmo Valencia, Murcia, Andalucía que Galicia, que Asturias. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

E despois Vox, claro, nega as autonomías, nega o artigo 148 e 149 da Constitución, señor Corgos. ¿Vostede é conselleiro de Facenda —vólvollo dicir— ou é contable de Génova? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu penso que é contable de Génova, señor Corgos. E, sobre todo, o seguidismo que están facendo tamén o señor Rueda e vostede é indecente, indecente. O que lle digo é que agora nestes momentos o que teñen enriba da mesa son 587 millóns de euros, e din non. ¿Que proposta? Falaba da proposta de 2018... Relea, actualice a proposta, traia algo por escrito aquí a este Parlamento. Retomemos a Comisión de Estudos, téndolle a man como parte do Partido Socialista de Galicia. Retomemos, fagamos unha posición de país. ¿Por que se negan? Porque a realidade, señor Corgos, detrás de todo isto é que o que están facendo é seguir as ordes do señor Feijóo, que ten unhas ansias tremendas por chegar a ser presidente do Goberno de España —iso si, non foi porque non quixo—. ¡Pensoso, señor Corgos! Eu pensaba que o presidente Rueda ía mirar máis polos intereses dos



galegos e das galegas e non seguir facendo caso ao que foi o seu xefe, o presidente da Xunta, durante trece anos. ¡Penoso!

E outro dato: preguntábase onte —que me quedei con iso— no sistema de financiamento sobre os sobrecustos da sanidade pública. A verdade é que non esperaba que vostede viñese reclamar a papá Estado que lle pague as millonadas que vostedes sepultaron no modelo de colaboración público-privada do hospital non-público Álvaro Cunqueiro. ¡Foi 470 millóns de euros máis caro por ir a un modelo de colaboración público-privada! Dito polo informe do Consello de Contas. Iso si, claro, non se puido evidenciar na Comisión de investigación (Risos.) *(A deputada Patricia Iglesias Rey fai un aceno de entrecomillado.)* que se constituíu —par-ripé— e se bloqueou por parte da bancada do Partido Popular. 470 millóns de euros. ¿Iso é do que falaba vostede, dos sobrecustos da sanidade? Porque hai que botarlle moita cara, señor Corgos.

A proposta do PSdeG é clara: temos enriba da mesa 587 millóns de euros que se ofrecen por parte do Goberno de España para o noso financiamento. Hai meses, vostede e o señor Rueda pedían 500 millóns. Trece anos levamos co sistema caducado... ¿Que van facer? Non hai concerto económico para Cataluña, señor Corgos, espero que estea descartado. ¡Isto non se fai para Cataluña! É un sistema redistributivo, que sabe tamén que diminúe as diferenzas entre as comunidades autónomas máis ricas e menos ricas. Pero negociemos, negocien vostedes. Xa llo dicía: ogallá fose o señor Besteiro o presidente da Xunta, pero non temos esa sorte. Ogallá, porque seguramente, señor Corgos, estou cen por cento segura de que nos iría moitísimo mellor no financiamento autonómico. Porque vostedes, simplemente, séntanse na súa poltrona de San Caetano e néganse a negociar; non sei se por covardía, que pode ser. Ese orgullo de galegos, parece que lles falta un pouquiño.

Por tanto, claro que hai marxe para negociar as variables da dispersión, do avellentamento, a entrada en xogo... Claro que non forma parte do sistema de financiamento o Fondo de Compensación Interterritorial, seino, señor Corgos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Seino, ¿como non o diga? Negocien o novo Fondo de compensación, pode ser unha boa medida de negociación. ¿Non cre que non saía bastante beneficiado o noso país co Fondo de compensación interterritorial, señor Corgos? Eu penso que si, e sábeo tamén coma min.

Por tanto, tampouco se pode pedir cunha man máis financiamento a papá Estado e coa outra facer agasallos fiscais, como o fai ano tras ano, ano tras ano. Por tanto, queda claro, señor conselleiro: néganse a 587 millóns de euros postos enriba da mesa; non á débeda pública de 4.000 millóns de euros, que é boa para Galicia sen ningún tipo de matiz, sen ningún tipo de matiz. Mellora a solvencia financeira, reduce os xuros de amortización da débeda pública galega. Supoño que si, que tamén sabe coma min que a Airef dixo que se pode incumprir a Axenda de estabilidade orzamentaria non polo lado dos gastos, senón polo lado de ingresos. E a Galicia tíralle das orellas, señor Corgos, tíralle das orellas, recoñecerao coma min. Deixe de facer esa política fiscal irresponsable, porque a balanza dos ingresos e dos gastos ten que ser axustada e equilibrada e iso depende da Xunta de Galicia.

Por tanto —e xa remato— o PSdeG pon Galicia na cabeza, porque sabemos que o intelixente é negociar con datos, con rigorosidade. Deixen de estar na poltrona, señor Corgos, co cora-



zón. Porque sabemos para que serve máis e mellor financiamento: serve para mellorar a sanidade, serve para mellorar a educación, para mellorar a dependencia... A Xunta pode seguir instalada no «non»; nós escollemos o «si» a Galicia, tendemos esa man. Quedou vostede no argumentario desfasado e inútil do PP de 2018. Actualice esa proposta ao 2026 e tráiaa ao Parlamento.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

PATRICIA IGLESIAS REY: Avance, señor Corgos, faga política de verdade e deixe Excel á parte. Cando queira negociar de verdade aquí nos atopará para «lograr unha posición de país», como dixo vostede onte.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

A verdade é que os datos son contundentes e, mal que lle pese, a da poltrona é vostede, e a dos argumentarios. Eu son o do Excel, efectivamente. *(O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos López-Prado, amosa un gráfico.)* Mire o Excel: Galicia aquí, en condonación da débeda por habitante axustado; a media de España, aquí, en vermello; e Cataluña, aquí. *(Aplausos.)* Este é o Excel e o que indica é que é inaceptable a súa posición de defender os intereses do señor Sánchez en contra dos intereses de Galicia. A vostede páganlle por defender os intereses de Galicia, señora Iglesias, non por defender os intereses do señor Sánchez, que eu saiba.

En canto á vontade de negociar do Goberno, sería interesante tamén ver o que pasou coa condonación. Porque nós, efectivamente, expuxemos a nosa oposición a como se estaban a facer as cousas, levantámonos dunha reunión inaceptable, que non podíamos tragar co que intentaban pasar alí. Pero fixemos alegacións ao acordo do Goberno e logo, cando se colgou a información pública o anteproxecto de lei orgánica, tamén fixemos alegacións, o 30 de maio, ao proxecto do Goberno presentado no pleno de Política Social. O 4 de outubro fixemos alegacións, están colgadas na páxina web, pode lela se quere, ao proxecto de lei orgánica. Acudimos á reunión onde se explicaban os pormenores e o Goberno non dixo nada, non mudou nin unha coma da súa proposta e nin tan sequera se dignou a respondernos. Polo tanto, esa é a vontade de negociación do Goberno. Pero, se non nos cren a nós, pregúntelles aos nosos compañeiros de Asturias, que están nunha situación principal, a ver se negociando e falando co Goberno obtiveron algunha vantaxe adicional da proposta, que tamén é especialmente lesiva para Asturias, de condonación da débeda, por isto que está na cola. *(O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos López-Prado, amosa un gráfico.)* Nós estamos aquí, lémbrollo de novo, e Asturias está ao noso carón. Tampouco obtiveron ningunha mellora con esa capacidade de negociación. Por tanto, esperemos que o señor Bes-



teiro, con esa capacidade de negociación extraordinaria que ten, nos poida axudar, con esa influencia que ten co señor Sánchez, a mellorar a posición de Galicia. Dende logo, como lle saía como o que fixo coa AP-9 imos de lado, señora Iglesias.

É incomprendible que a estas alturas os socialistas galegos poidan defender para a nosa terra propostas do Goberno central como a asunción da débeda ou o novo sistema de financiamento autonómico. Coido que na miña primeira intervención quedou claro o prexuízo que terían para Galicia as dúas formulacións de levarse a práctica. E, ¿por que serían tan lesivas para a nosa comunidade autónoma? A ver se á terceira se entende. Porque non están pensadas, reitero, para favorecer as necesidades dos galegos nin dos cidadáns de todas as comunidades autónomas en xeral; simplemente están para cumprir as exixencias de quen sentaron o Goberno para asumir os dous plans, o Plan de redución de débeda e o Plan de financiamento autonómico. Por iso os números son demoledores. Os galegos aumentarían a súa débeda global en 600 millóns de euros, mentres que, por exemplo, os cataláns rebaixarían a súa débeda global en 3.300 millóns de euros; ou Cataluña pasaría a recibir 1.561 millóns de euros máis de financiamento autonómico sobre a media, mentres que Galicia pasaría a recibir 305 millóns de euros menos sobre a media. En total, reitero, 4.861 millóns de euros de saldo positivo para Cataluña, fronte a 905 millóns de euros de saldo negativo para Galicia. ¿Como pode haber algún dirixente galego, señora Iglesias, que apoie este agravio? E, por moita negociación que se faga, ¿vostede pensa que podemos cubrir esta brecha de 1.000 millóns de euros? É imposible, porque están mal formuladas desde o principio, están mal planxeadas desde un principio ambas as dúas propostas.

Por iso, agora o máis importante é a defensa dos intereses dos galegos e das galegas. Explícareille unha vez máis a posición da Xunta perante o escenario actual, que non muda. Fixemos o que tiñamos que facer. Eu mesmo acudín ao Consello de Política Fiscal e financeira a expor a posición de Galicia en relación co financiamento autonómico e defendín a posición de país aprobada neste Parlamento, a máis favorable para os intereses dos galegos e galegas. Trasladei que esa proposta é inaceptable para Galicia porque prexudica a evolución futura dos recursos para prestar en igualdade de condicións e, en particular, a nosa sanidade, a nosa educación e as nosas políticas sociais. E reclamei que se retire esta formulación prexudicial para Galicia, porque empeora a ponderación dos factores diferenciais de custo da nosa comunidade: a dispersión e o avellentamento. Penso que está ben clariño e é moi sinxelo de entender: baixa o peso no modelo que propón o seu Goberno do avellentamento e da dispersión. Iso prexudica directamente a Galicia, porque nos sitúa entre as comunidades cun peor financiamento por habitante axustado. Evidentemente, mudan as variables que nos prexudican e o resultado é catastrófico. O desexable sería que todos os grupos parlamentarios se unisen á Xunta de Galicia nesa reclamación de que o Goberno central retire esta proposta, porque está mal deseñada na súa orixe. A propia estrutura da proposta, que xira en torno á capacidade fiscal, é lesiva para a nosa comunidade autónoma.

Propor un novo escenario en que todas as comunidades autónomas teñamos capacidade de negociación para propoñer un novo sistema de financiamento e así, de xeito multilateral, entre todas se acorde un financiamento máis equitativo para calquera cidadán, con independencia da comunidade autónoma onde resida. Evidentemente, asumimos que haberá que ceder nalgúns aspectos, pero non pode ser que se ignoren por completo todas as nece-



sidades de Galicia. Porque non hai un só aspecto favorable á nosa comunidade autónoma nesta proposta presentada polo Goberno. Galicia e o resto das comunidades autónomas precisamos un novo modelo de financiamento que teña máis recursos, pero ten que nacer cun principio fundamental e irrenunciable, tendo presente que o que é de todos —díxoo o presidente esta mañá— debe repartirse entre todos. O Goberno central debe renunciar á bilateralidade e recuperar a multilateralidade. Debe retirar a ordinalidade e voltar á solidariedade interterritorial. E ten que rexeitar a chantaxe permanente dos seus socios independentistas e negociar con todas as comunidades autónomas, aínda que non estean gobernadas polo Partido Socialista.

Ante este escenario, reitero o dito onte: pido a unión de todos os grupos parlamentarios para traballar xuntos para que esta formulación non saia adiante, porque levaría a incrementar os desequilibrios entre as comunidades autónomas no lugar de corrixilos. A única forma de evitar unha España asimétrica, unha España de dúas velocidades, que é pola que aposta este goberno, porque sitúa por enriba da media só as comunidades ricas, as comunidades que teñen máis capacidade de recadar tributos, Cataluña, Madrid e Baleares —non diga que non, que si que é así—, e todas as demais estamos por debaixo en financiamento para habitante axustado. Faga os números, se quere déixolle o meu Excel, señora Iglesias, que vostede non o ten. *(Risos.) (Aplausos.)*

O camiño que tomou o Goberno socialista ameaza a cohesión, a solidariedade e racha a igualdade que protexe a Constitución española. Iso si que é moi socialista, señora Iglesias. Fronte a esta deriva, a revisión do sistema debe proporcionar suficiencia, estabilidade, equidade e corresponsabilidade, igualdade e, sobre todo, seguridade xurídica. Por iso, señoría, non o dubide: a Xunta seguirá a defender os intereses dos galegos e das galegas, porque precisamos un sistema que atenda a verdade dos custos da prestación dos servizos na nosa comunidade. Estes servizos son obxectivamente máis custosos, sobre todo, como dixen antes, pola dispersión e o avellentamento. O actual Goberno non achega suficientes recursos a Galicia, porque se basea, como dixen antes, na capacidade tributaria e non na poboación axustada.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): E a proposta do Goberno central reduce o peso desta poboación axustada da nosa comunidade autónoma, mesmo baixando, como dicía antes, a dispersión e o avellentamento. Esta tamén debería ser a posición que defendesen vostedes, se defendesen realmente os intereses de Galicia no lugar de antepor, unha vez máis, a Pedro Sánchez sobre a nosa comunidade autónoma.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos co punto quinto da orde do día, proposicións non de lei.



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da reforma do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde

O PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese modificar a parte resolutiva polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

a) Dirixirse ao Goberno de España para que continúe traballando na vía do diálogo social ata a aprobación definitiva do Estatuto marco no Consello de Ministros.

b) Dirixirse ao Goberno de España para que continúe incrementando as prazas de Médicos Internos Residentes, tal e como se vén facendo nos últimos anos.

c) Que negocie cos sindicatos e organizacións médicas, as demandas formuladas cuxa responsabilidade é da Comunidade Autónoma.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de supresión:

Débese suprimir o punto 3.

Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva, co seguinte texto:

«Negociar un novo sistema de financiamento de xeito que Galiza avance no autogoberno fiscal e financeiro e conte cun maior orzamento para o fortalecemento e mellor funcionamento dos servizos públicos.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.



Bos días a todos.

Esta mañá escoitamos falar moito de sanidade, pero os grupos da oposición obviaron cal é o problema fundamental que temos na sanidade, non só en Galicia, senón en todo o país: a falta de médicos. Non hai médicos, e sábeno perfectamente. Sabémolo nós que estamos no Goberno e loitamos todos os días porque ese problema sexa mínimo e sábeno perfectamente os da oposición. Non é falta de información, señorías, é mala fe; ten un nome: mala fe. Vostedes saben que en Galicia ofértanse todas as prazas de formación e formamos todos os médicos que o Goberno central nos permite. E falan de sensibilidade. ¿Cal é a sensibilidade dunha oposición que o único que fai é alporizar a xente e meterlle medo?

Hoxe traemos aquí unha iniciativa que imos ver se están de acordo con ela. A ver se somos capaces de chegar a acordo, xa que afecta dun modo directo a profesión médica e, por ende, a saúde da nosa poboación. Imaxino que non teremos problemas en apoiar o que todos os médicos están reivindicando. É unha demanda maioritaria dos profesionais médicos en Galicia e tamén no conxunto de España. E esta mañá o BNG dixo unha verdade: hai que tratar ben os profesionais. Pois a ver, espero que apoiem esta iniciativa.

Este estatuto marco, que é a norma básica que regula desde o ano 2003 as condicións laborais do persoal estatutario do sistema nacional de saúde —regula a xornada, os dereitos, deberes, carreira, profesional, réxime retributivo...— hai máis de dúas décadas que está en vigor. E, claro, é necesario cambiala. Todos estamos de acordo en reformar ese Estatuto marco, pero non na forma. O Ministerio do señor Sánchez, o que lle cedeu a Sumar, tivo a desgraza de poñer a todos os médicos do país en contra. Miren que sensibilidade ten o Goberno de España. Dende o dito ministerio abriuse un proceso que, lonxe de mellorar o sistema, provocou un dos maiores conflitos laborais da sanidade pública española; e non por exceso de ambición, senón por falta de diálogo. Ese diálogo que tantos pedimos aquí e tan escaso anda polo Goberno de España: falta de consenso e ata falta de respecto institucional.

A reforma do Estatuto marco non pode nin debe facerse ás costas dos profesionais sanitarios. Non se pode lexislar sen escoitar a quen sostén o sistema todos os días; non se pode ignorar os médicos que asumen o maior nivel de responsabilidade do sistema sanitario, tanto no diagnóstico como no tratamento e no coidado da saúde das persoas. Un texto que nace coa frontal oposición dos profesionais é un texto que inevitablemente está condenado ao fracaso, da mesma maneira que non se pode reformar esta norma sen contar coas comunidades autónomas, que son as competentes na organización e a prestación da asistencia sanitaria. Deixar ao marxe as comunidades autónomas non só é unha falta de respecto; é tamén unha irresponsabilidade.

Pero hai algo aínda máis grave: o Ministerio pretende avanzar nesta reforma sen memoria económica nin técnica, sen saber canto custa, sen explicar o impacto organizativo, sen garantir a súa viabilidade real. Gobernar así é improvisar e improvisar na sanidade pública ten consecuencias, e esas consecuencias xa as estamos vendo. Levamos meses sufrindo paros e folgas continuas, mobilizacións lexítimas —por suposto—, pero quen acaba pagando o prezo non é o ministerio, son os pacientes, e os galegos non merecen sufrir o froito de ter unha ministra incapaz de resolver un problema que ela mesma xerou. Os datos son incontestables.



Só en Galicia a folga do mes de decembro provocou a cancelación de máis de 60.000 procesos asistenciais. E a isto hai que engadir os días 14 e 15 de xaneiro: 472 cirurxías canceladas, 15.577 consultas hospitalarias, 9.152 consultas en atención primaria e 1.616 probas diagnósticas. En total, máis de 86.000 asistenciais médicas que non se puideron realizar por culpa da incompetencia dunha ministra.

E que non nos enganen. Isto non é unha simple reprogramación. Detrás de cada consulta, señorías, detrás de cada proba, detrás de cada cirurxía suspendida, hai unha persoa agardando, hai unha familia preocupada, hai unha enfermidade que non entende de folgas nin de irresponsabilidades políticas. E isto, lonxe de rematar, vai continuar. Xa sabemos que varios sindicatos médicos convocaron unha semana de folga ao mes a partir do 16 de febreiro en toda España. O conflito segue aberto porque o ministerio segue sen escoitar. E chegamos a un punto no que a incapacidade dos responsables do Ministerio de Sanidade é tan patente que incluso intentaron derivar o problema ás comunidades autónomas, unhas comunidades autónomas que deixaron en todo momento á marxe e que agora, que veñen mal dadas, pois intentan empacarlas o problema.

E, fronte a isto, hai dous modelos claros. O problema, o do Goberno de España, o primeiro: desprezar os profesionais discrepantes, minusvalorar o conflito, deixar medrar a confrontación e, cando a situación se volve insostible, pretender derivar o problema ás comunidades autónomas, esas que antes ignoraron. E o segundo modelo é o do Goberno da Xunta de Galicia. Aquí tamén tivemos folga, houbo folga, pero foi posible desconvocala porque a Consellería de Sanidade actuou con responsabilidade, con xenerosidade e con diálogo, sentouse cos profesionais, buscou acordos e priorizou a asistencia aos pacientes. Así é como se resolve a conflitividade laboral na sanidade pública.

Señorías, con esta forma de actuar do ministerio do Goberno de España, desa falta de diálogo da ministra Mónica García, estamos sendo testemuñas de como o Servizo Galego de Saúde está vendo resentida a súa actividade con cada paro, véndose obrigado a reprogramar toda a actividade suspendida e co conseguinte incremento en tempos de listas de agarda.

Por iso esta PNL que hoxe traemos aquí é tan clara e tan razoable. Pedimos consenso e participación real, pedimos unha memoria económica e técnica e pedimos que a reforma sirva para dar resposta ao déficit de profesionais, especialmente en atención primaria e nos postos de difícil cobertura.

E aquí quero ser moi clara, especialmente ante o silencio que vemos dalgúns grupos. Vemos que ao BNG só lle interesan os problemas laborais cando son en contra da Xunta de Galicia. Cando teñen que ver co Goberno central, miran cara a outro lado; evidentemente, claro, non morden a man do amo. E o Partido Socialista galego imos ver como responde. Hoxe teñen a oportunidade de demostrar se están coa sanidade ou co silencio da súa ministra. Claro que igual ambos os dous grupos, ambos os dous partidos, van da man, como nese pacto indecente que tiveron na Deputación de Lugo, onde por 500.000 euros venderon silencio (*Aplausos.*) e venderon as mulleres.



E remato xa cunha reflexión que define perfectamente esta situación. Señorías, é incomprendible non que os médicos pidan novos dereitos; iso é lexítimo, estamos totalmente de acordo. O incomprendible é que unha ministra que ata onte marchaba con pancarta denunciando a precariedade hoxe garde silencio desde o ministerio. Antes denunciaba a precariedade como médico e hoxe normaliza, si, señorías, normaliza como ministra, deixando desprotexidos os seus propios compañeiros. Esta situación non se pode soste por máis tempo. A responsabilidade é clara e as consecuencias están recaendo sobre os galegos.

Por sentido común, señorías, por respecto aos profesionais, por respecto aos nosos pacientes, pedímoslles o voto favorable a esta proposición non de lei.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señora Amiga, Amigo, perdón, (Risos.) o problema de falta de médicos xa non cola. Ese mantra que ten sempre o PP e a Xunta de Galicia caducou hai bastante tempo. Pero mire, vostede no mes de marzo do pasado ano, na Comisión 5ª deste Parlamento, falaba do estatuto marco e naquel momento a única preocupación que vostede tiña era a dedicación exclusiva e a fidelización dos MIR. Agora cambia o paso, pero todo parece indicar que sempre se arriman ao sol que máis lle convén ao Partido Popular, pero non ao sol que máis lles convén aos cidadáns.

E, antes de entrar no fondo desta iniciativa, dende o Grupo Socialista queremos deixar moi claro que respectamos calquera manifestación e calquera expresión de malestar por parte dos médicos e das médicas. Son moitos anos de sobrecarga de traballo, como levamos denunciando de maneira constante, porque, xunto co resto do persoal sanitario, son os que están a pagar as consecuencias dunha mala xestión por parte da Xunta de Galicia, da precariedade e do desgaste. E ese enfado, que en moitas ocasións se manifesta, non nace da nada, e vostede, como profesional, sábeo. O ministerio escoitou e escoita ese malestar. Teño máis dúbidas de que o faga a Xunta de Galicia, porque ás veces dá a impresión de que a Xunta o que fai é oír pero non escoitar.

E cando o Partido Popular rexistra esta iniciativa, na súa exposición de motivos falta á verdade. Fala de malestar unánime dos sindicatos e as principais asociacións dos médicos do país. E tamén chama poderosamente a atención que cando citan o malestar e cando fan a proposta resolutiva —na proposta resolutiva me refiro— non mencione para nada o estatuto propio reivindicado pola maior parte dos sindicatos médicos, porque sabe que é o maior slogan que teñen. ¿Ata aquí chega a súa hipocrisía? ¡De verdade, non o podo crer! Vostedes non se atreven a incluír a demanda dalgúns sindicatos médicos porque saben perfectamente que



o Sistema nacional de saúde funciona con equipos multidisciplinares e que non pode fragmentarse en normas distintas segundo a categoría profesional. Pero o ruído encántalles e a demagogia, moitísimo máis.

Señora Amigo, pola súa responsabilidade política e pola súa profesión, sabe que o actual estatuto é do ano 2003, e tamén sabe que o Partido Popular gobernou en España desde finais de 2011 ata mediados de 2018 sen facer absolutamente nada para actualizar este estatuto. E que no ano... —isto é máis grave aínda, señora Amigo—, porque o Real decreto 12 do ano 2022 incluía o mandato de actualizalo e foi apoiado polo Partido Popular (*Aplausos.*) e agora bótanse fóra.

E mire, voulle aclarar unha cousa que sei que a sabe, pero prefiro aclararlle: como calquera lexislación laboral, require método, negociación e participación representativa, e así se fixo, e hai ámbitos que teñen que ser respectados e non desprezados, e si foron respectados e non desprezados, como vostede dixo. Mire, o ámbito laboral cos sindicatos; o ámbito clínico, cos comités técnicos asistenciais; o ámbito profesional, cos colexios e organizacións profesionais; e o ámbito autonómico, sen invadir competencias. E cada un coa súa representatividade, cada un coa súa competencia e coa súa transcendencia, sen subverter a orde nin suplantar funcións.

Porque o Partido Popular non é exemplo desa participación que reclaman nesa iniciativa. Vostede puxo un exemplo que lle conveu, pero eu pónolle outro bastante distinto, como foi o Plan de saúde mental de Galicia. Dígame con quen se negociou e con quen falaron. E o Ministerio de Sanidade si que traballou desde o diálogo social, e froito dese traballo alcanzouse un preacordo —agora acordo xa— firmado cos sindicatos que representan a maioría do persoal sanitario —por se non o sabe, recórdollo—: Comisións Obreiras, UXT, CSIF, SATSE, e descolgouse no último momento a CIG, CIG Saúde. Pero si quero que teña moi claro que tamén se falou coas comunidades autónomas aínda que vostede diga que non, e falouse exactamente na Comisión de Recursos Humanos e no Foro Marco do Diálogo Social.

E este novo estatuto, entre outras medidas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) recolle moitas reivindicacións que levaban décadas e décadas bloqueadas: a fin das gardas de 24 horas, límites claros á xornada laboral, descansos obrigatorios antes e despois das gardas sen xerar débeda horaria, avances en conciliación, máis estabilidade, control da temporalidade, recoñecemento profesional e melloras en mobilidade —por citar algunha delas—. Un dos aspectos máis relevantes deste acordo firmado onte é que afronta de maneira clara a precariedade e a inestabilidade no sistema sanitario. ¿Ou é que isto non lle convén ao Partido Popular? ¿Non lle convén que se arregle a inestabilidade no sistema sanitario? E fai, señora Amigo, unha clara defensa da igualdade.

E o que realmente é unha mágoa é non poder entrar hoxe no fondo deste debate, porque sería imposible por falta de tempo, pero todos sabemos que algunhas das demandas formuladas por determinados sindicatos médicos non dependen do ministerio, dependen das comunidades autónomas. Falamos de salarios, falamos de prezo da hora de garda ou modelos organizativos concretos. Son competencias das comunidades, non son competencias do Goberno de España, (*Aplausos.*) e o ministerio, señora Amigo, non pode invadir esas compe-



tencias nin prometer o que non vai cumprir. E tamén vostede, hipocritamente, cala desta parte na iniciativa. A Xunta ten a responsabilidade da xestión diaria e debe facer e poñer en marcha solucións aos problemas reais de cada día.

Ademais, dígolle outra cousa que seguramente sabe, pero quero que conste: que o ministerio lles ofreceu aos médicos incluír unhas páxinas específicas dentro do estatuto marco que recolleran e tiveran que ver coa profesión médica exclusivamente para eles, e rexeitaron esta oferta do Ministerio.

Hoxe as socialistas estamos convencidas de que o estatuto marco é unha oportunidade histórica para deixar atrás unha norma do ano 2003 e mellorar de verdade as condicións laborais do Sistema nacional de saúde. E o Goberno de Pedro Sánchez, mal que lle pese ao Partido Popular, sempre vai defender o interese xeral do Servizo nacional de saúde e a cidadanía, pero, como socialistas, tamén insistimos en dúas cousas ao mesmo tempo: respecto ao dereito de folga e defensa firme do diálogo social. E a nosa postura é clara: como dicía, seguir avanzando neste período de alegacións que se iniciará cando se aprobe no Consello de Ministros inicialmente, e sumar e non dividir o sistema sanitario, porque coidar os profesionais é imprescindible, pero facelo enfrontando uns con outros non é unha forma de fortalecer a sanidade pública.

E remato xa reiterando que esta é unha iniciativa trampa ou cando menos profundamente hipócrita. Coa desculpa dunha coordinación e unha participación, o que queren é coar posicionamentos concretos que nada teñen que ver co estatuto marco. E a emenda que presentamos pon as cousas no seu sitio: instamos o Goberno de España e a Xunta, pero cada un coas súas responsabilidades, non como fai o Partido Popular. E, se o Partido Popular non a acepta, quedará claro, unha vez máis, que están noutra cousa e non na defensa da sanidade pública.

E non podemos, dende logo, seguir con esta hipocrisía que intenta dividir e que non intenta solucionar os problemas...

O PRESIDENTE: Remate.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: ...que hoxe ten a sanidade.

Aposte polo Estatuto e aposte por seguir e avanzar no benestar de todos os profesionais da sanidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Iria Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: Moi bo día.

Grazas, presidente.



A semana pasada, ao remate da Xunta de portavoces, os grupos compareceron, como com-
parecen habitualmente ante a prensa, para explicar cales ían ser os asuntos que ían traer a
este pleno. E o voceiro do Grupo Popular anunciaba que unha das iniciativas que traían era
sobre sanidade.

Calquera persoa que vise como foi o Nadal e este comezo de ano pensaría que estarían preo-
cupadas vostedes polo estado das urxencias hospitalarias, polo persoal que traballa nelas e
que está dicindo literalmente que non dan abasto, ou polas pacientes que agardan durante
horas para poderen ser atendidas; pacientes que incluso chegan a agonizar nun corredor de
urxencias, con dor, sen atención e sen un mínimo de dignidade no final da súa vida.

Ou pensaría que traerían aquí a situación dos PAC, convertidos agora nunha sorte de conti-
nuación da consulta ordinaria, onde se mesturan as urxencias con consultas dun carácter
máis administrativo, como a renovación dunha receita de medicación crónica, porque non
hai axendas nas médicas de familia. Nos PAC, as profesionais continúan denunciando que
están asumindo máis horas das que lles corresponden.

Ou pensaría incluso que se preocuparían pola situación das médicas de familia, das pediatras,
da atención primaria galega; pola situación do persoal xeral e de servizos, das enfermeiras,
das nutricionistas; pola situación desas categorías que teñen reducidas á mínima expresión,
como a fisioterapia ou a psicoloxía, que practicamente é inexistente.

Pensaría que traerían medidas para extinguir de verdade a categoría FEAP, ou que traerían
medidas claras para non contratar persoal sen a especialidade de medicina familiar e co-
munitaria para traballar nos nosos centros de saúde, como segue sucedendo hoxe.

Pensaría que estarían vostedes preocupadas polos pacientes que agardan semanas por unha
cita, por todas as que non teñen unha médica de cabeceira asignada ou por todas as que sal-
tan de médica en médica porque non cobren as ausencias da súa.

Pero non, ao Partido Popular non lle preocupa isto. A situación da sanidade pública galega
preocúpalle a todo o país, pero vese que para o Partido Popular as prioridades son outras.
Fronte a esa realidade, a prioridade do Partido Popular é a situación do Estatuto marco.

É un tema importante, non cabe dúbida, pero non deixa de resultar curioso que, sendo a sa-
nidade un campo onde as competencias son practicamente exclusivas da Xunta de Galiza,
onde estamos vivindo unha situación de tremendo colapso que compromete gravemente a
calidade asistencial e a saúde de pacientes e profesionais, o Partido Popular decida centrar
o debate no Goberno central, cando —reitero— a Xunta de Galiza ten a responsabilidade
plena por ter as competencias en sanidade.

Recolle o Partido Popular na exposición de motivos desta iniciativa que «a reforma do Es-
tatuto marco non pode converterse nun elemento de confrontación política» —e isto é sa-
cado literal—. Calquera o diría, porque o certo é que o que se omite durante o debate é que
é o que regula e que é o que non regula o Estatuto marco, e, en consecuencia, de quen son
as competencias e onde comezan e rematan as responsabilidades de cadaquén.



¿Que é o que regula o Estatuto marco? Isto é algo que debера ser coñecido —é temario xeral das oposicións de sanidade—, e non sei se a voceira do Partido Popular o omitiu por descoñecemento ou por mala fe. O Estatuto marco establece precisamente isto: o marco xeral no que se deben mover os sistemas de saúde públicos. Establece condicións mínimas e máximas, pero non se mete en como cada un dos sistemas de saúde se organiza. Non é competencia do Estatuto marco establecer a planificación e organización dos recursos humanos, por exemplo, ou o dimensionamento dos cadros de persoal; isto é competencia da Xunta de Galiza, e vostede sábeo.

E o certo é que este acordo do Estatuto marco deixa fóra cuestións que desde o BNG consideramos que son importantes e que deberon ser abordadas; cuestións que afectan médicas e... Snon-médicas: as melloras nas condicións para a xubilación parcial e anticipada, as melloras nas condicións retributivas, nas condicións das gardas localizadas e outras moitas cuestións que fican no aire suxeitas a futuras negociacións e a futuros textos e, incluso, supeditadas a unha futura aprobación dos orzamentos do Estado. Estamos a falar da sanidade, dun sector que está feminizado, con categorías profesionais que acumulan vidas laborais moi longas, con riscos laborais importantes —con exposición a axentes biolóxicos, químicos ou radiacións ionizantes, por exemplo—, e que teñen que ver reflectido no Estatuto marco o seu dereito, por exemplo, a unha xubilación digna.

Son cuestións todas estas que nós consideramos que deberían estar —como xa digo— concretadas e recollidas neste acordo para avanzar verdadeiramente en dereitos laborais para todo o persoal e para todas as categorías profesionais. Isto non implica non recoñecer que hai avances neste texto que se acordou, mais si que cómpre sinalar que se está a perder unha oportunidade de ouro para blindar cuestións fundamentais como estas. Porque a problemática afecta moito máis que as médicas; afecta as enfermeiras, as auxiliares, as técnicas de laboratorio, de radiodiagnóstico... Todas estas son categorías fundamentais para que funcione o sistema sanitario, porque sen médicas o sistema sanitario non funciona, pero sen enfermeiras tampouco.

Mais o Partido Popular está preocupado polo que lle vai supor ao Sergas esta reforma, sobre todo, pola cuestión económica. Estamos de acordo, o financiamento do Sergas debería ser maior. Deberían vostedes destinar un maior orzamento á sanidade pública, en vez de consignar cada vez unha cantidade maior para os concertos coa sanidade privada —16 millóns máis neste orzamento do ano 2026—. ¡Cambien o modelo de financiamento da sanidade privada á custa do orzamento público!

Pero aínda digo máis, Galiza debería ter máis recursos. E, agora que volve estar enriba da mesa o debate sobre o modelo de financiamento no Estado, atrévanse a demandar un cambio real no modelo de financiamento, para que Galiza poida ter a chave dos seus cartos e poida ter máis orzamento para destinar a un bo funcionamento dos servizos públicos e, nomeadamente, da nosa sanidade pública. Por iso introducimos esta emenda, porque, se consideran que a reforma do Estatuto marco vai requirir dun maior orzamento en sanidade, ¡poñan os vimbios para ter ese orzamento! Aproveiten para pedir un novo financiamento, para ter máis fondos e para poder dedicarlle máis recursos á sanidade pública.



Porque o que non podemos é comprarlles a ladaíña do mal que está a sanidade pública por culpa de Pedro Sánchez, de Mónica García ou do que pasaba por alí. A situación na que se atopa a sanidade pública galega é responsabilidade directa do Partido Popular; (*Aplausos.*) do señor Rueda agora, (*Aplausos.*) da herdanza do señor Núñez Feijóo e de todas as persoas que foron poñendo á fronte da Consellería de Sanidade durante máis dunha década; (*Aplausos.*) de todas as políticas do Partido Popular que consolidaron unha política na que os recursos destinados á sanidade privada medran, mentres que os destinados á atención primaria minguan.

É responsabilidade directa do Partido Popular a abrumadora temporalidade e eventualidade que existe hoxe no Sergas, no cal máis da metade das enfermeiras e case a metade das médicas non teñen unha praza fixa e no cal temos oncólogas, temos radiólogas, e temos internistas que firman contratos mes a mes. E despois laiaranse vostedes de que non hai médicas, de que non hai especialistas, de que se extinguen, de que desaparecen; de que o problema é o malo que é Pedro Sánchez porque non temos médicos para solucionar o problema da sanidade pública galega.

É responsabilidade do Partido Popular que teñamos hoxe —xaneiro de 2026— menos camas nos hospitais públicos galegos que no ano 2009. E pode vostede cando queira contrastar os datos. En vez de rosmar desde o seu asento, pode abrir os PDF que están publicados por parte do Ministerio de Sanidade e que están recollidos tamén no Instituto Galego de Estatística, onde corroboran que cada vez temos menos camas nos centros públicos galegos.

E remato. A nós parécenos que o Ministerio de Sanidade perde unha oportunidade de ouro para avanzar en dereitos para o persoal sanitario, que erra ao non afondar nese recoñecemento de dereitos e en non recoller melloras das súas condicións laborais. Pero o que non podemos é comprar o discurso do Partido Popular, esa ladaíña do mal que estamos por culpa dos outros, do mal que o fai Madrid, cando as competencias son da Xunta de Galiza practicamente en exclusiva.

Enfronten a realidade, asuman a responsabilidade e cambien o rumbo das súas políticas polo ben da nosa sanidade pública.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O Grupo Parlamentario Mixto renuncia á súa intervención.

Peche para a autora da Proposición non de lei. Ten a palabra novamente a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Grazas, presidenta.

Bos días de novo a todos.



Señorías, a proposición que traemos hoxe aquí é unha proposición de apoio aos profesionais nuns momentos nos que se está negociando un estatuto vital e fundamental para todos os nosos profesionais. O certo e verdade é que todos os profesionais de España están en contra desta forma de facer este estatuto. E, unha vez máis, o que vemos é que á oposición non lle interesa o diálogo nin lle interesan as verdadeiras reivindicacións do persoal sanitario, deixárono claro. Uns por omisións, outros por cálculo político, pero o resultado é o mesmo: o abandono dos profesionais e a utilización partidista da sanidade pública.

Señora Carreira, fala de que hai menos camas que no 2009. ¡Afortunadamente, a sanidade cambiou! Vostede, que é médica, debía de coñecer as CMA: ¡hoxe fanse cirurxías coas que se van de alta no día! Claro, é que non podemos... A medicina avanza, señoría. ¡E ningún galego está sen cama en ningún hospital da nosa comunidade, ningún galego queda sen atender na nosa comunidade! (*Aplausos.*) Temos unha das mellores sanidades do mundo.

Señora Espinosa, falaba vostede de responsabilidade, de modelos asistenciais. Compáreme vostede a sanidade de Ceuta e Melilla ou a sanidade dos centros penitenciarios coa sanidade que temos en Galicia. ¡Pero, por *dios!* (*Murmurios.*) Todos... ¡Claro!, si; non faga «¡ah!»». En Ceuta e Melilla están moito mellor que en Galicia. Claro, vén o BNG —porque non pode mor-der a man que lle dá de comer— defender o Partido Socialista. ¡É que, o que hai que escoitar, desde logo!

Mire, desde o Partido Popular estamos de acordo e ao lado dos médicos, estamos de acordo coa reforma do Estatuto marco, pero non así, señorías. Ese texto que o Partido Socialista, por medio da ministra Mónica Díaz, pretende sacar adiante non ten o apoio dos sindicatos médicos, nin de todas as centrais do ámbito de negociación, nin das comunidades autónomas, nin de todos os ministerios, señora Espinosa. ¡Tampouco ten o acordo doutros minis-terios, e vostede sábeo! (*A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.*)

Pero, mire, o Partido Socialista garda silencio cómplice, porque, claro, sostén en Madrid unha ministra de Sanidade incapaz de dialogar, responsable directa do maior conflito laboral sanitario en décadas. Prefiren calar antes de cuestionar un goberno que despreza os profe-sionais e que quere impoñer un estatuto marco sen consenso, sen contido real e sen respaldo técnico nin económico. E o BNG cala por estratexia. Cando hai que elixir entre Galicia e os intereses de Pedro Sánchez, sempre escolle a obediencia. E vímoloo claramente —díxoo esta mañá o presidente— no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. Mentres todos os médicos es-taban de folga en contra do Estatuto marco, alí estaba a señora Pontón para alporizar, para o que dicía antes. Prefiren atacar a Xunta e ignorar deliberadamente as reivindicacións dos profesionais. Nin unha soa palabra contra o Estatuto marco, caladiños. Silencio absoluto, porque criticar a Sánchez é ir en contra dos seus plans. (*Murmurios.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Señorías —remato xa—, estamos falando de sanidade, falamos de pacientes, e esta actitude ten consecuencias reais: os atrasos nas consultas e nas cirurxías que padecen directamente os galegos. E, fronte a isto, o Partido Socialista e o BNG



dedícanse a dicir «non» aquí e «si» en Madrid, sendo moi valentes en contra da Xunta e completamente mudos ante o Ministerio.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿As emendas?

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: As emendas, mire, rexeitámolas con total rotundidade, porque as emendas do Partido Socialista e do BNG non achegan solucións, non melloran a formación sanitaria nin defenden os profesionais. As súas emendas están feitas para xerar ruído, para desviar o debate...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...e para tapar as irresponsabilidades do Ministerio.

En Galicia, os cidadáns levan tempo falando e, desde o 2009, levan apostando por gobernos do Partido Popular. Vostedes tiveron a ocasión e varias oportunidades nas urnas de estar gobernando...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...e, miren, uns están dese lado e outros estamos deste apoiando o Goberno.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:



1. *Modificar o canon eólico co obxectivo de garantir que as modificación tecnolóxicas non afecten ao recadado no imposto, utilizando como cota tributaria a potencia total de cada parque eólico.*
2. *Ampliar os destinos posibles dos fondos do Fondo de Compensación Ambiental, permitindo que os concellos poidan dedicar estes recursos a políticas de emprego, apoio á economía circular, desenvolvemento rural, transición enerxética e fortalecemento dos servizos básicos.*
3. *Establecer mecanismos de transparencia e rendición de contas sobre o uso, distribución e impacto dos fondos do canon eólico, garantindo información pública completa e accesible para todas as comunidades locais.*
4. *Promover a participación pública e comunitaria na xestión e aproveitamento dos recursos eólicos, a través da creación dunha empresa pública en materia de enerxía.*
5. *Impulsar, de maneira urxente, unha reforma do eólico para asegurar a equidade territorial, a xustiza social e o auténtico retorno para Galiza do aproveitamento dos seus recursos naturais.»)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para facer a defensa, ten a palabra o señor Golpe Acuña.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Onte rematabamos a tarde con citas bíblicas, e hoxe parece que seguimos na mesma tónica. Temos unha sanidade divina onde a xente morre nos pasillos pero non resucita. E, se quere vostede comprobar a milagre dos pans e os peixes, veña o domingo á manifestación e poderá ver cal é a resposta na rúa. *(Aplausos.)*

Dende o 1 de xaneiro, temos en marcha un novo canon eólico. En só tres semanas de aplicación, oito concellos galegos descubriron que van perder máis de 1.600.000 euros anuais. É unha reforma que xa está a sangrar as arcas municipais; unha reforma froito da improvisación, da falta de planificación e da desidia a que xa nos ten acostumados a Xunta do Partido Popular.

A reforma do canon eólico que hoxe debatemos é máis que é un fracaso técnico; é un síntoma visible dunha administración que legisla sen estudar, que legisla sen calcular e que cambia as regras de xogo co xogo empezado. Esta reforma é unha aposta de casino, unha aposta que vai castigar o país para beneficiar os de sempre, os do abrazo do Obradoiro.

O erro fundamental está en que a Xunta modificou a cota tributaria do canon eólico, que pasou de gravar o número de aeroxeradores que conforman un parque eólico a gravar a altura destes equipos. A idea *a priori* podería parecer axeitada dada a remuda xeracional e a remuda tecnolóxica dos aeroxeradores, pois cada vez se empregan máquinas máis altas e menor número de unidades, pero, neste deseño da cota tributaria, tívose moito tino de non molestar a ninguén; digo ben, de non molestar ningún promotor. Tívose moito tino no sen-



tido en que non existe diferenza entre o que antes pagaba un parque eólico e o que vai pasar a pagar agora. E abofé que esta aposta saíulles ben. O que a Xunta non estudou é o que pasaría nos parques que sofren repotenciación obrigatoria, e aquí é onde está o problema crítico. Quero pensar que foi un erro e que non foi unha intención.

Podemos poñer varios exemplos para darnos conta de cal é a dimensión do problema. Empecemos por un dos parques eólicos máis antigos do país, o parque eólico de Corme G-3, que xa está repotenciado, que xa está funcionando coa nova configuración, e que pasou de ter 61 aerogeradores no seu día aos 7 que ten actualmente. É un parque que estivo tributando da orde de 360.000 euros anuais polo canon eólico e que este ano 2026 vai tributar por 79.000, un 78 por cento menos. Outro exemplo é o parque eólico das Somozas, que afecta unicamente o concello das Somozas —concello onde goberna o Partido Popular, por certo—. Pasa de ter 89 aerogeradores a ter 9. Estivo tributando todos estes anos por 472.000 euros e vai pasar agora a 125.500, unha tributación dun 73 por cento menos.

Podería poñer moitos máis exemplos; están todos publicados —por certo— no *Diario Oficial de Galicia*, polo que se poden facer facilmente as contas. Pero cómpre resaltar que non son casos illados. Hai máis de cincuenta concellos galegos afectados por parques que están sendo obrigados a repotenciar a través dunha das múltiples reformas que se fixo da Lei 8/2009 —por certo, a lei máis reformada da historia da autonomía galega—, aínda que, agora, a ver que pasa con ese recurso que presentou o Estado central, que obriga a repotenciar os parques con máis de 25 anos.

As consecuencias son perdas devastadoras. Só nestes oito parques eólicos que teñen permiso con data de día 31 de decembro de 2024 para repotenciar estamos falando dunha perda de máis dun millón e medio de euros que se van traducir nunha merma do financiamento municipal. Parece que non lles chega aos concellos con todas as competencias impropias que asumen co trágala do financiamento do SAF, que agora van ter que asumir tamén unha rebaixa no Fondo de Compensación Ambiental.

A Xunta asumiu que este novo sistema sería aproximadamente neutro en recadación total. Cos parques antigos recadaban máis ou menos o mesmo, e asumía un incremento nos novos parques con novas configuracións, con esas máquinas moito máis altas. Pero isto baséase nunha falsidade ou nun erro fatal, que é que non hai novos parques. Aquí nos atopamos unha vez máis con esa falta de planificación ou esa falta de xestión do Goberno da Xunta de Galiza, e, como mostra, están os máis do noventa proxectos paralizados nos tribunais.

Este desleixo da Xunta non é accidental; é sistemático. Cando se reformou o canon, fixo un cálculo matemático moi simple, case naíf, e isto ten unha repercusión clara na xestión do imposto. Cómpre recordar que boa parte do que se recada a través do canon eólico queda dentro da Xunta e vai a investimentos tan sensíbles como conservación do medio natural; protección da biodiversidade; investigación, desenvolvemento e innovación ambiental; xestión dos residuos, ou actuacións de emerxencia en sinistros, que vén sendo Protección Civil. E debe ser que a Xunta considera que todas estas áreas —especialmente, Protección Civil— está moi ben financiadas, porque non vemos que se actúe diante da evidencia.



Pero, sen dúbida, o máis preocupante segue sendo a merma que vai sufrir o Fondo de Compensación Ambiental que se reparte aos concellos, que é un mecanismo, por outra parte, mellorable en todos os seus aspectos, dende a porcentaxe que reciben os propios concellos afectados por parques eólicos e o xeito de acceder a eses fondos a través de concorrência competitiva ou non competitiva ata o destino final dos investimentos. Como digo, todo moi mellorable, pero todo estancado.

E, diante desta pasividade da Xunta, temos que poñer en valor a valentía dun concello, dun concello marca BNG, que é o Concello de Muras. O Concello de Muras, no seu momento, foi pioneiro en redistribuír os ingresos derivados dos parques eólicos no seu territorio entre a propia veciñanza, e agora tivo que afrontar un novo escenario coa chegada dun proxecto de repotenciación. Muras negociou directamente durante dous longos anos coa promotora e acadou un acordo, un acordo por 125.000 euros anuais fixos indexados ao IPC mais o 2,5 por cento do valor da produción anual, cun mínimo de 200.000 euros. O que a Xunta non fixo tivo que facelo un concello con menos de 600 habitantes. O que a Xunta provocou cunha reforma naif do canon eólico, tivo que amañalo Manuel Requeijo e toda a súa equipa —por certo, aproveito para saudar o alcalde; benvido a este Parlamento—. Muras conseguiu reverter o que a Xunta provocou con esta reforma do canon eólico, e conseguiu achegar certeza, unha contía xusta e beneficios reais para a xente.

O Bloque Nacionalista Galego propón reverter este modelo do espolio territorial que a Xunta implantou. Como dixó onte a nosa compañeira Noa Presas, non é o noso modelo, pero son os vimbios que temos para ir facendo un cesto, e non nos imos resignar a seguir exercendo ese papel de terra de sacrificio que nos teñen asignado. Por tanto, na nosa proposta, propoñemos unha reforma integral do canon eólico que non dependa das innovacións tecnolóxicas. Propoñemos fixar a tributación na potencia de cada parque, e así garantirmos que calquera modificación tecnolóxica non vaia afectar os recursos que se gravan nese propio parque eólico. Pedimos tamén modificar o Fondo de Compensación Ambiental para permitir que os concellos usen estes recursos no que estimen oportuno, nas principais necesidades que teñen, e que non estean constreñidos a aquilo para o que hoxe mesmo está deseñado o Fondo, que basicamente é comprar desbrozadoras e cambiar farolas. Transparencia na xestión do canon, datos accesibles, rendición de contas anuais e —como non— promover a participación pública e comunitaria na xestión e no aproveitamento do recurso eólico, a través da creación dunha empresa pública en materia de enerxía que fomente comunidades enerxéticas locais, pero tamén que bote man do noso recurso máis prezado, que é o recurso do vento. E, aínda que non o temos na parte reivindicativa, tamén hai que citalo: abandonar ese chiringuito que forma Recursos de Galicia, que agora se presta a mercar chatarra eólica de promotores estatais.

Señorías, isto non é só política enerxética; isto é xustiza territorial para os nosos concellos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.



PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Señorías, antes de entrar no debate concreto desta iniciativa da modificación do canon eólico, cómpre situar o contexto real que estamos a vivir en Galicia, no noso país.

Galicia vive unha situación de auténtico caos no sector eólico, cunha perda continuada de produción eléctrica e cun Goberno galego absolutamente incapaz de planificar o futuro enerxético do noso país. Os datos son claros: mentres o conxunto do Estado avanza con decisión cara á descarbonización e incrementa a súa produción renovable, Galicia perde peso, perde liderado e perde oportunidades. E iso non é casualidade nin un fenómeno natural; é o resultado de dezaseis anos do goberno do PP —primeiro, con Feijóo, e, agora, con Rueda— que bloquearon o desenvolvemento ordenado da nosa enerxía eólica.

Iso si, apostan por privatizar a política de transición ecolóxica no país coa constitución desas sociedades híbridas de colaboración público-privada; agora, Recursos de Galicia, e antes esa sociedade Impulsa, disolta en agosto de 2025 con nocturnidade e aleivosía e que estaba chamada a ser a sociedade estrela para atraer proxectos industriais a Galicia. Por certo, hoxe sae publicado nos medios de comunicación que a Consellería de Economía e Industria non sabe o que contén ese pacto secreto que a sociedade Impulsa firmou con Altri cando o presidente de Impulsa era o conselleiro de Economía e Industria, o señor Conde. (*Aplausos.*) ¡De verdade que xa non ten absolutamente ningún tipo de freo a falta de transparencia, a opacidade do Goberno galego! Seguimos reclamando —eu creo que xa levo sete ou oito peticións por vía do artigo 9— o expediente da constitución da sociedade Impulsa e da súa disolución, porque ten que haber un expediente administrativo na Consellería de Facenda. Iso é o que lle preocupa ao Goberno galego. ¡Claro, non coñecen ese pacto secreto!

Por outra parte, para nós, as socialistas de Galicia, é moi relevante non perder de vista tam pouco nesta transición ecolóxica o obxectivo estratéxico que temos, que é descarbonizar a nosa industria, nesa transición enerxética, nesa soberanía enerxética que temos que ter tamén no país. Pero non vale calquera modelo nin calquera atallo, nin facer pagar aos territorios rurais a incompetencia da Xunta de Galicia.

Despois está o falso remedio do PP. Como dicía o compañeiro, o señor Golpe, do BNG, pois non contaban, no tema da repotenciacións, con todas as suspensións dos parques eólicos previstas nas novas autorizacións, Por tanto, estaba o remedio da repotenciación eólica, pero o que está facendo o Goberno do PP non é corrixir o seu fracaso, senón tentar tapalo ás presas mediante repotenciacións eólicas impostas sen planificación, sen diálogo e sen garantías. A Xunta pretende vender a repotenciación como a solución máxica ao caos que eles mesmos crearon: noventa parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por motivos medioambientais. Nin unha soa sentenza do Supremo se pronuncia sobre a suspensión por afectación ambiental dos parques eólicos, nin unha soa sentenza. Hai unha inseguridade xurídica sen precedentes e falta de planificación territorial. Temos un plan sectorial de 1997 e un novo proxectado que, como moito, veremos no ano 2028.

Pero repotenciar non pode ser obrigar, señorías, nin ameazar coa perda de autorizacións, nin modificar a Lei do sector eólico. Xa levamos catorce modificacións pola porta de atrás a



través da Lei de medidas, sen diálogo, sen consenso co sector e sen escoitar as comunidades que soportan esas repotenciacións. De feito, a maior parte da repotenciacións que se están a iniciar neste país son apoiadas por investimentos do Goberno de España, porque é unha directiva europea a que nos obriga a repotenciar os parques eólicos: máis de 54 millóns de euros que viñeron do Goberno de España a través dos fondos Next Generation para potenciar parques eólicos aquí en Galicia.

E aquí convén facer un contraste político claro —e, ao mellor, xa me adianto ao que dirá o deputado do Partido Popular—, porque o Goberno de España aposta, no Real decreto de repotenciacións que se aprobou no Consello de Ministros, por repotenciacións, por incentivar, por planificar e por dialogar co sector. Vaise abrir unha folla de ruta no prazo de 9 meses para ver como se van repotenciar os parques eólicos en todo o territorio nacional, porque hai que cumprilo conforme a Directiva europea de renovables. Non copiou a Xunta o Goberno de España, ¡menuda falacia! ¿A Xunta do PP que fixo? Impor, improvisar e xerar máis conflito e máis inseguridade xurídica, que é o cerne do gran problema. Imposición, señorías, fronte a planificación .

E despois está o impacto oculto, que é a iniciativa que agora nos trae aquí o Bloque Nacionalista, que é a perda de recadación e o prexuízo directo aos concellos. Pero hai algo máis grave, e é que o PP intenta ocultar, como dicía, ese fracaso do caos eólico coas repotenciacións coa perda brutal de recadación do canon eólico: menos aeroxeradores, maior potencia, máis beneficios para as empresas e menos ingresos para o Fondo de Compensación Ambiental do canon. A través dunha autoemenda que fixo o PP na Lei de acompañamento aos orzamentos de 2025, o PP modifica o canon eólico sen debate parlamentario nin diálogo cos concellos nin co sector. Pasouse de gravar o número de aeroxeradores a gravar a súa altura, cun tipo fixo de 75 euros por metro medidos dende a base ata a punta da aspa na súa posición máis elevada. O resultado é demoledor, como dicía o deputado do BNG —e fíome dos cálculos que fixo o señor Golpe—. A simulación amosa unha caída de recadación do canon de preto do 70 por cento de ingresos, que deixarán de ingresar nas arcas públicas e, polo tanto, tamén repercutirán no Fondo de Compensación Ambiental e na repartición desa recadación do canon que vai directamente aos concellos, sobre todo aos concellos rurais, que son os que máis soportan, digamos, os parques eólicos, e que van soportar, evidentemente, esas repotenciacións.

Esta é unha nova máis para a asfixia financeira á que ten sometido o Goberno galego aos concellos, xa que cada ano cunha lei de medidas lles impón unha nova competencia sen financiamento; a última son as autorizacións do patrimonio cultural, pero é un suma e segue: temos o mantemento dos colexios, dos centros de saúde, das escolas infantís, do SAF... Polo tanto, esa é unha falta de respecto pola autonomía local.

Este modelo do PP implica, por tanto, menos recursos para o rural e un mecanismo que non temos garantido, que é como se vai repartir o Fondo de Compensación Ambiental. ¿E quen paga a factura? Os de sempre, os municipios, que levan décadas soportando o impacto paisaxístico, ambiental e territorial dos parques eólicos e o uso deses fondos para manter servizos básicos, infraestruturas, proxectos, comunidades enerxéticas e infraestruturas da eficiencia enerxética que estaban destinadas ao Fondo de Compensación Ambiental. O que



lles di a Xunta aos concellos é: hai que repotenciar, pero ingresaredes menos. Iso non é unha transición xusta, é unha inxustiza —cremos nós— territorial.

Por tanto, adiantamos o noso apoio á iniciativa do BNG. Defendemos a eólica, si, pero con planificación; defendemos a repotenciación, pero con regras xustas, con retorno económico e con participación dos territorios afectados. Por tanto —permítame, señor Golpe, que sabe que lle teño moito aprecio—, voulle facer unha reflexión política necesaria. Imos apoiar, como lle dicía, esta iniciativa, pero o BNG leva anos nunha posición profundamente contraditoria e ambivalente coa transición enerxética e non presentan un modelo alternativo viable. A transición enerxética require decisións valentes, planificación, propostas serias, rigorosas e solventes que o Goberno do PP non ten, e leva dezasete anos no Goberno.

Polo tanto, remato xa. A repotenciación eólica só será unha oportunidade se vai acompañada dunha planificación e dunha reforma xusta do canon eólico, que agora se presenta por parte da iniciativa do BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rubén Lorenzo.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Benvido, señor Requeijo, alcalde de Muras.

Quérome sumar, como non pode ser doutro xeito —porque é a miña primeira intervención neste pleno—, ao apoio aos meus compañeiros; esperamos a súa pronta recuperación. Por certo, botei en falta que na sesión de control algún dos voceiros dos grupos tamén se fixese eco deste apoio. (*Interrupcións.*) Grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se me deixan continuar, por favor... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Espero que me desconte o tempo, presidente. Logo pedimos respecto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O PRESIDENTE: Non entendo moi ben o que se quixo dicir. Non sei... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Non sei... Manifestou o interese por...

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Pois que nin a señora Pontón nin...

O PRESIDENTE: Está parado o tempo. Imos pór as cousas no seu sitio adecuado. El manifestou o seu interese por unhas persoas, que, efectivamente, tiveron un accidente, e tamén é ben certo que vostedes preguntaron por eles. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, iso non o pode discutir ninguén. (*Murmurios.*) Agora, non sei se el, ao mellor, o que quere dicir é que lle gustaría que hoxe se seguisse preguntando. Esa é outra cuestión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Se me permite...

O PRESIDENTE: Eu niso non entro, eu o que digo é que vostedes, efectivamente, levan toda a sesión de onte preguntando, e hoxe seguiron preguntando. Perfecto. Agora, se o que quere, é que seguisen preguntado na sesión, iso é unha opinión moi libre del, pero nada máis. (*Murmurios.*)

Xa está, perfecto. Xa está claro o asunto.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Se me permite, vouno rectificar, entón: aos deputados que manifestaron o seu apoio, agradézollelo, e boto en falta que os portavoces non o fixesen. ¿Gústalles máis así? Ben. Tamén hai que botalo en cara ás veces, señora Lara, porque aquí onte fixo vostede unha comparación bastante desafortunada, e tamén debería rectificar.

Señora Iglesias, ¿e do canon que? Porque vostede veu aquí co seu discurso de sempre, cos seus mantras... Non varían en absoluto o seu discurso cando se fala da eólica, pero do que realmente temos que discutir e falar non din nada. Por certo, jéstán vostedes para falar de transparencia e de ética en acordos e en pactos, eh!, porque o que pasou e está pasando na Deputación de Lugo ten *tela marinera*. E tampouco están moito para falar de transición xusta, se mo permite.

Hoxe debatemos unha iniciativa do BNG que non debería ir sobre o canon eólico, debería ir sobre a incoherencia do BNG, porque cada vez que falan de eólica din unha cousa, fan a contraria e acaban pedindo o imposible. Nada novo, o BNG leva anos instalado na mesma contradición: opóñense á implantación de parques eólicos, opóñense a repotenciacións que reducen o impacto ambiental, pero, iso si, logo piden solucións para que non se peche a industria electrointensiva, e agora veñen pedir que avancemos máis rápido na implantación do eólico e que recaden máis co seu canon.

Señorías, no día de hoxe énos imposible ter claro se o BNG quere a eólica ou non, porque cada vez que aparece un proxecto enriba da mesa, un proxecto real, esfúmase o apoio e aparecen as pancartas, porque lles encantan as pancartas. Porque o partido do BNG é o único capaz de estar contra os parques novos, de estar contra os parques que xa existen, de estar contra a eólica mariña e tamén de estar contra os parques repotenciados, e ao mesmo tempo tamén son capaces de dicir que están a favor das repotenciacións. E todo isto mentres aquí, no Parlamento, como digo, piden máis eólica, máis canon e máis recadación.

Señorías, iso non é un modelo enerxético, iso é puro postureo político. (*Aplausos.*) Pasaron vostedes do «Altri si» ao «Altri non» logo dunha derrota nas urnas. No Bipartito querían plantar muíños ata en Rede Natura. Perderon as eleccións no ano 2009 e mudaron á «eólica non». Agora son os de «eólica si, pero non así». Eu creo que a realidade é que non hai nin un só proxecto que lles pareza ben, nin un.

Eu preguntolles algo moi simple, e preguntollo tamén a vostede, señor Golpe: ¿se pasamos de 60 aeroxeradores a 6 o impacto ambiental mantense, aumenta ou redúcese?, ¿redúcese verdade? Pois, se se reduce, non pode ser congruente manter o mesmo canon que antes de



repotenciar. Voulle poñer un exemplo similar ao que fixo vostede co de Corme: un parque con 60 muíños pagaba 354.000 euros; repotenciado pasaría a ter 6 muíños e co canon antigo pagaría 13.800, fronte a eses 354.000. Co novo canon vai pagar 90.000, e son sete veces máis do que pagaría se non se modificase o canon.

Vostedes din que a reforma baixa a recadación e falan de regalo fiscal, de regalo millonario ás eléctricas. Iso, señorías, é unha verdade a medias, e sábeno; sábeno porque se non houberse reforma —por certo, unha reforma á que vostedes votaron en contra—, a recadación sería moitísimo menor.

A súa proposta é legalmente imposible e politicamente incoherente. Pretenden que o canon se calcule pola potencia total do parque, e vostedes saben que iso non se pode facer. O Tribunal Supremo dixo que o canon é ambiental, que non é un imposto á enerxía. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea dixo que non pode haber vínculo coa produción, a Atriga advertiu de que sería ilegal e a Consellería de Economía e Industria explicou que vulnera a LOFCA; esa LOFCA que outros, estando inhabilitados, conseguen modificar para o seu propio beneficio.

Unha vez máis vemos que vostedes, no BNG, son os socios que máis lle renden ao señor Sánchez, porque o seguen apoiando sempre a cambio de nada e incluso o seguen apoiando a pesar dos agravios constantes aos que somete a Galicia. Pero, mire, é que, señora Iglesias, ata vostede recoñeceu en comisión que non se podía modificar o canon atendendo á potencia, e agora nesta tribuna acaba de anunciar que vai apoiar esta iniciativa. ¡Pura coherencia a súa, señora Iglesias!, ¡pura coherencia! E, aínda así, insisten. Isto non é rigor técnico, o que fan é traer propostas sabendo que non se poden aplicar, e isto non deixa de ser outra cousa que postureo parlamentario. É iso de: «fai o que eu digo e non o que eu fago», algo parecido ao que dicía que pasou na Deputación de Lugo. E vostede, señor Golpe, lamentablemente, é sempre o encargado de exercelo. ¿Compénsalle, de verdade?

¿Que dicir do PSdeG? Aquí piden máis eólica, máis repotenciación e máis seguridade xurídica, pero o seu goberno, o que defende vostede a ultranza, señora Iglesias, en Madrid fixo algo moi distinto, recorreu ao Tribunal Constitucional a norma galega que precisamente regula as repotenciacións, e aquí critican que non se repotencien. En Madrid recorren a lei, como lles digo, e o mellor de todo é que semanas despois de presentar ese recurso á norma galega o propio Goberno central aprobou un decreto estatal. ¿Saben como? Copiando o modelo galego. Iso si, vostedes presentan axudas públicas ás promotoras. Fala dunha folla de ruta, pero eu dígolle que vai ser unha folla de ruta para non facer nada, como todo, absolutamente todo, o que nos leva intentando vender o seu goberno sanchista. Moita folla de ruta, moito plan e moito anuncio, pero despois non fan absolutamente nada. O que fan vostedes aquí, señora Iglesias, é puro cinismo político.

Hai algo máis que o BNG non conta porque non lle interesa que se saiba: o canon é só unha parte do retorno dos parques eólicos; a outra parte, a máis importante, vén da Lei de recursos naturais, á que vostedes votaron en contra, e que obriga a que cada proxecto eólico xere beneficios sociais e económicos directos no territorio —e xa o estamos vendo—. Miren, esta noticia: *(O deputado Rubén Lorenzo Gómez mostra unha noticia de prensa.)* «El parque de Arno



ofrecerá un plan de medidas para unos doce mil vecinos de cinco concellos». Un plan de medidas, como dicía a nova, para 12.000 veciños de cinco concellos, con investimentos sociais, ambientais e económicos que nada teñen que ver co canon senón coa nova lei galega. Iso é retorno real, señorías, iso é o impacto positivo e iso é política da útil, á que vostedes votaron en contra.

E, mentres tanto, a señora Pontón pide que a Xunta copie o modelo de Muras, gobernado polo BNG, que vive precisamente dos ingresos e das vantaxes da eólica que aquí critican. ¿O que é bo en Muras é malo para Viveiro, para Vimianzo ou para As Pontes? ¿É malo para o concello de Paradela? Isto non é coherencia, señor Golpe, isto é puro oportunismo. ¿Díxolle o alcalde de Muras que votase que non á Lei de recursos naturais? Cando un partido presume dun modelo nos concellos que goberna e logo o combate en todos os demais, non estamos ante unha proposta política, estamos, señorías, ante un exercicio de teatro dese no que o guión cambia segundo quen sexa o alcalde. (*Aplausos.*) O que non se pode facer —e o BNG sábeo— é converter o canon nun imposto local para gastar en calquera cousa. Iso sería ilegal e rompería o principio de fiscalidade verde. E, fronte ao seu relato, a reforma da Xunta significa rigor, legalidade e adaptación tecnolóxica, porque a Xunta fixo o que había que facer: adoptou o seu canon á realidade tecnolóxica; pasouse de contar...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ...máquinas a medir a altura —xa remato, presidente—, garantir unha recadación estable, incentivar a repotenciación e manter o Fondo de Compensación Ambiental como instrumento de equilibrio territorial. E, fronte a isto, o BNG trae unha proposta que non se sostén nin técnica nin xuridicamente e o PSdeG trae un discurso que non coincide co que fai no Goberno central.

Xa remato. Señorías, Galicia necesita unha política enerxética seria, estable e coherente, non necesita contradicións nin demagogia, nin posturo, nin propostas imposibles para maqui-llar posicións políticas contraditorias. Por iso votaremos en contra desta iniciativa, porque non é seria, non é viable e non é boa nin para Galicia nin para os seus concellos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidente.

Antes de nada, agradecer o voto do Grupo Socialista á nosa iniciativa.

Señor Lorenzo, vostede preguntábame agora se me compensaba ser o voceiro destas medidas que vostedes ven tan ilóxicas xurídica e tecnicamente, (*Pausa.*) e non sei se me compensa, se non, pero o que nunca faría é o que acaba de facer vostede agora aquí: utilizar unha des-graza persoal para traer *beef* a este Parlamento, cando sabe que hai unanimidade total no



apoio e no recordo na desgraza que sufriron os dous compañeiros do Partido Popular. (*Aplausos.*) Eu nunca pensei que fora vostede caer tan baixo, de verdade, nunca o pensei.

Eu creo que cuestionar o impacto ambiental que pode ter un parque eólico a respecto da súa altura ou a respecto do seu número de aeroxeradores tecnicamente é medible. Si é certo que, cando se reduce o número de aeroxeradores, o impacto ambiental redúcese nunha medida pero increméntase na outra. Increméntase en ruído, increméntase en efecto visual, increméntase no *flicker*, increméntase en moitas máis cousas; increméntase no ceo nocturno, na perda da calidade nocturna, porque o balizamento de 200 metros non é o mesmo que o balizamento a 60; entón, cuestionalo por aí eu penso que é un erro, señor Lorenzo, dígollo dende a prudencia.

E dicía vostede que a nosa proposta non é legal ou non ten visos de ser xuridicamente viable ou tecnicamente viable. Entón, ¿o que fixo o Concello de Muras tampouco? Pregúntome: ¿é legal o que fixo o Concello de Muras, de poñer eses recursos ao servizo do pobo e negociar cunha promotora? ¿Iso é perfectamente legal? ¿E por que non fai a Xunta iso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E, por certo, agora que estamos na era da intelixencia artificial e das ITS, eu creo que cada vez que intervén alguén do Partido Popular nesta tribuna debería ter aquí abaixo un rótulo que poña: «Calquera parecido coa realidade é mera coincidencia. Esta é unha intervención ficcionada», (*Risos.*) (*Aplausos.*) porque dá igual o que se diga, dá igual o que se vote. Dá igual que se fale do acordo da Unión Europea co Mercosur, a culpa é do BNG; dá igual que se fale da normativa europea da pesca, a culpa é do BNG, que votou non sei que; dá igual que se fale do saneamento da ría de Ferrol, a culpa é súa por estar mirando para a merda que hai na ría, (*Risos.*); ¿e agora a culpa do canon eólico tamén é do BNG por votar «non» á Lei dos beneficios do territorio? Pois mire, foi un voto consecuente e congruente. E, por certo, a reforma do canon eólico non está nesa lei, está na Lei de acompañamento, lei que non se debate, que, como sempre, utilízana pola porta de atrás para que non exista debate sobre temas tan cruciais como hoxe traemos aquí.

E aí nin unha soa palabra, nin unha soa palabra á perda de recadación. Pois voulle citar uns cantos concellos: Abadín, gobernado polo Partido Popular; Ortigueira, gobernado polo Partido Popular; Mañón, gobernado polo Partido Popular; O Vicedo, gobernado polo Partido Popular; Viveiro, gobernado polo Partido Popular; a todos estes concellos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vai ter que explicarlles, un a un, a esas alcaldías, por que van deixar de perder un 70 por cento de recadación no Fondo de Compensación Ambiental. Vostede..., (*O deputado Rubén Lorenzo Gómez pronuncia palabras que non se perciben.*) non, non, non é demagogia, señor Lorenzo, non é demagogia, é a realidade, son cifras. (*Aplausos.*) A señora Iglesias dicía que se fiaba dos meus cálculos. Eu, se me dá o tempo, repásolle os cálculos; todos están feitos, xa digo, isto sácase do *Diario Oficial de Galicia*, non os estou inventando eu. Corme G-3, pasa de 359.000 euros a 78.050; parque eólico Somozas, 472.000 euros a 125.500; serra da Panda, pasa de 141.000 a 69.000; Coriscada, pasa de 236.000 a 60.000; Muras, pasa de 436.000 a 117.000; Monte Redondo, pasa de 389.000 a 180.000; e Castelo, que pasa de 147.000 a 45.000. Estes (*O deputado José Manuel Golpe Acuña amosa un documento.*) son datos do *Diario Oficial de Galicia*, non os estou inventando eu. Pois ¡vaia vostede explicarlles isto aos alcaldes e alcaldesas! ¿Onde está a demagogia aquí? A demagogia está en vir aquí e botalles a culpa a todos menos aos que están gobernando. Non gobernamos porque non que-



remos, señor Lorenzo. (Risos.) (O deputado Rubén Lorenzo Gómez pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.) Non gobernamos porque non queremos.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Remato, señor presidente.

Agradecer unha vez máis os votos do resto dos grupos da Cámara a esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Agora imos saudar os alumnos de 6º de primaria do Centro Praza de Barcelos, de Pontevedra, que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos a todas e a todos, e tamén a quen nos acompaña hoxe na tribuna.

Continuamos coa última proposición non de lei, que é do Grupo Parlamentario Socialista.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que se cree, no primeiro semestre deste ano, un Banco Público de Alugueiro de Galicia

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Saleta Chao Rivas, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galiza insta a Xunta a desenvolver un Plan galego de vivenda baleira que inclúa as seguintes medidas:

1. Desenvolver un marco regulatorio propio que regule o procedemento de declaración de vivenda baleira, a definición de tipos de propietarios, a creación dun rexistro de vivendas baleiras e a delimitación e declaración de áreas onde a falta de uso das vivendas sexa inxustificable e contrario á función social da vivenda, por tratarse de ámbitos onde exista unha demanda acreditada ou unha situación de zona de mercado tensionado.

2. Desenvolvemento dun programa de adquisición pública de vivenda baleira.

3. Nos ámbitos onde se declare que a vivenda baleira incumpre a función social, habilitaranse un canon por desocupación que grave o incumprimento da función social da propiedade das vivendas mediante tipos progresivos en relación co tipo de propietario e o total de metros cadrados desocupados.



4. *Creación dun banco público de aluguer, cuxas rendas máximas serán un 35 por cento inferiores ás establecidas mediante un sistema de referencia de prezos fixado polo goberno galego e cun prazo mínimo de cesión de 7 anos.*

5. *Axudas dirixidas a mellorar a habitabilidade, a accesibilidade e a eficiencia enerxética do parque construído, priorizando axudar a aqueles propietarios con menos recursos económicos. As axudas estarán condicionadas á posterior ocupación como vivenda principal en aluguer cuxas rendas estarán vinculadas ao sistema de referencia de prezos galego.*

6. *Desenvolver o marco regulatorio do actual Censo de vivenda baleira da Xunta co obxectivo de garantir a súa transparencia e veracidade e o cumprimento da función social destes inmobles, mediante a regulación de obrigas sociais e de mecanismos que garantan a disposición deste parque residencial a disposición de familias en situación de maior vulnerabilidade mediante rendas inferiores ás establecidas no sistema de referencia de prezos galego.»)*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas, e benvidos tamén os alumnos que hoxe nos acompañan nesta sesión plenaria, na que imos falar dun tema transcendental e moi importante como é o dereito á vivenda. Un dereito que non só se garante na Constitución e tamén se desenvolve no Estatuto de autonomía, como xa temos debatido neste Parlamento en moitas ocasións, senón que hoxe traemos aquí unha ferramenta que para o Partido Socialista é algo básico, algo que xa votamos aquí tamén, que non só o debatemos, senón que o Partido Popular reflectiu a súa propia proposta, que era o programa Fogar vivo —xa me vou anticipar eu ao que nos vai trasladar o Partido Popular, porque hoxe, á parte da nosa proposta en particular, imos falar do programa Fogar vivo—.

É unha proposta —a nosa— en propositivo, que pretende, como xa é coñecido por todas e todos, facer un Banco Público de Alugueiro, no que se incorporen todas esas vivendas baleiras, aquí en Galicia, a día de hoxe, máis de 500.000 vivendas —e si, digo ben, máis de 500.000 vivendas que están catalogadas como vivendas baleiras—. É un dato xa que creo que a propia Xunta de Galicia reconece; polo tanto, empreguemos os datos para o bo.

E digo que empreguemos os datos para o bo porque sobre este programa Fogar vivo, que supostamente, segundo o que nos ten dito o Partido Popular, é o mesmo que nós propoñemos, votan en contra da nosa iniciativa porque xa a Xunta de Galicia —coma sempre— xa o está a facer. Pero xa o está a facer fronte ás 506.000 vivendas baleiras que hai en Galicia, o programa Fogar vivo (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.*). Esta é unha publicación da Xunta de Galicia, jeh!, recente, hai escasos días, 17 de xaneiro. Dinos a Xunta de Galicia, para vender este programa: «Recibiu máis de 400 solicitudes», 400 solicitudes de 500.000 vivendas. ¡Un éxito! Pero xa non só é que sexan un éxito as solicitudes, que son 400; é que a Xunta, cos seus propios fondos, soamente destinou 1,4 millóns para darlles axudas a 239. Pero ¿o Partido Popular considera que isto (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.*) é un éxito para loitar contra un drama social como é a vivenda no noso país,



como son as vivendas baleiras que realmente se poden poñer á disposición de todas esas persoas que precisan, para poder vivir en dignidade, un lugar onde vivir? ¿Esta (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.*) é a solución da Xunta de Galicia? 239 axudas, pero, por certo, 239 axudas que en ningún momento se garante que foran vivendas baleiras que se puxeran en movemento, porque son axudas, como a Xunta recoñece na súa nota de prensa, para reformas, melloras e compras de electrodomésticos ou para cubrir o seguro de impago. ¿Que ten que ver isto coa vivenda baleira?

É por anticiparme xa ao propio debate, por facer un debate construtivo, para ver se a Xunta de Galicia nos di por que está en contra de facer un banco público no que garantimos, con ese banco público, que se topen os prezos, un drama social. O problema que temos en Galicia, como en moitas outras partes do noso país, é que a xente non pode pagar o alugueiro. Polo tanto, con este banco público o que imos garantir é que todas esas vivendas baleiras que están sen uso se poñan á disposición das persoas que precisan esa vivenda e que aínda por riba poidan pagalo, porque de nada serve que se poñan no mercado e que a xente non poida facer fronte ao pago. Topemos o prezo con ese banco público do alugueiro no 30 por cento da renda media das persoas. E, polo tanto, iso vainos garantir que teñamos a posibilidade todas esas persoas, todas esas galegas e galegos, tanto que se lle enche a boca ao Partido Popular de falar de familias, de falar de persoas, de falar da política útil. ¡Iso é política útil! Pensar en todas esas familias, en todas esas persoas que precisan da Xunta de Galicia para que lles bote unha man, para que realmente faga políticas para conter o que é o máis importante.

E digo todo isto porque, fronte a esas contraposicións, 1,4 millóns, que é absolutamente ridículo para o orzamento completo non só da Xunta de Galicia, senón tamén especificamente na área de vivenda, é absolutamente ridículo, porque nós para este Banco Público de Alugueiro o que pedimos e exiximos, incorporamos nos orzamentos e pedimos hoxe aquí, son 45 millóns de euros.

Pero non é unha proposta irrealizable, non é que se faga noutras comunidades autónomas, non é que se faga noutros países, é que é unha proposta perfectamente viable, economicamente e politicamente. E o que ten que explicar hoxe aquí o Partido Popular e a Xunta de Galicia é ¿por que non o fai?, porque os 45 millóns de euros poden empregarse dos fondos, que, por certo, fálamos tamén diso, ¿como non! A Xunta de Galicia, —e reitero— a Xunta de Galicia facilitou aos grupos parlamentarios por escrito —non vaia ser que poidamos traballar en formato electrónico no documento—, en formato xa anacrónico, as cifras da execución orzamentaria correspondente ao terceiro trimestre do ano 2025, e a Xunta de Galicia volve dar outro dato histórico, outro anuncio que eu estiven repasando na páxina web da Xunta de Galicia e non vin ningunha noticia para darse golpes no peito do ben que o fixeron ata o terceiro trimestre. Xa levan —e digo xa levan porque a verdade é que é un éxito comparado co ano anterior, ¡é un éxito!, señores do PP— vostedes no terceiro trimestre do ano 2025 executado o 15 por cento. Pero ¿non lles cae a cara de vergonza, con todo o drama social que temos coa vivenda, que a vostedes, a falta de tres meses de rematar o 2025, lles quedaba pendente de executar o 85 por cento dos fondos para o acceso á vivenda, o programa 451B, o programa do que falamos sempre aquí?

A propia conselleira veu aquí dicir que eu mentía cos datos, e, a continuación, semanas despois, entregan o dato novamente dende a Xunta de Galicia que ratifica que non só non men-



timos, senón que quen mente é a Xunta de Galicia cando di que executa a totalidade dos fondos. É absolutamente falso. Pero, a maiores, cando vemos nestes días as propias entrevistas que deu a conselleira, vimos como facía gala do ben que o estaba facendo a Xunta de Galicia, dos moitos pisos que se van facer, os pisos con horizonte 2030. A pregunta é: ¿que imos facer para as familias e as persoas que precisan unha vivenda a día de hoxe, no 2026? Iso é o que temos que pensar.

E xustamente por iso propoñemos iso: que se mobilice a vivenda baleira, non pensando só nun horizonte para facer un anuncio público, senón en orzamentos e en propostas claras. E, sobre todo, non mintamos cos datos e non os ocultemos, xa non só non mintamos, non ocultemos os datos, porque, se a Xunta de Galicia fai gala de todo ese investimento que vai facer, o mínimo é que diga de onde veñen os fondos. E ¿de onde veñen os fondos? O Partido Popular supoño que, xa que tanto critica a Pedro Sánchez, saberá que máis de 500 millóns de euros veñen do Goberno do Estado. É unha mágoa que iso non o digan. A procedencia dos fondos en materia de vivenda ¿de onde vén? Pois díganolo, a verdade é que está ben.

E, por último xa nesta primeira intervención, eu quería facer unha reivindicación nesta última parte da miña intervención respecto a algo que é absolutamente lamentable por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo e por que o Partido Popular sexa cómplice do que está a pasar en Narón nas vivendas da Telleiras, vivendas públicas. *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa unha fotografía.)* Esta é a situación dramática na que se atopa a persoa que vive nesta casa. *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa outra fotografía.)* ¿A vostedes parécelles isto unhas condicións dignas nas que poder vivir? Leva trece anos con esta situación. Esta situación que coñece a Xunta de Galicia, e ¿que fixo? ¡Nada! Absolutamente nada. Por iso hoxe quere-mos chamar a atención de que estas non poden ser as vivendas públicas que oferta, que protexe, a Xunta de Galicia. Isto ten que corrixirse xa, señorías do Partido Popular. Agardo a súa influencia neste Parlamento para que falen directamente cos responsables da Consellería e da Xunta de Galicia para que isto non volva ocorrer. Non pode ser que, despois de trece anos, isto siga igual. O mofo que existe nunha vivenda non é algo normal, pero é que esta situación é absolutamente dramática: ter que vivir e durmir nestas condicións lamentables. Eu preguntolles: ¿calquera de vostedes que están mirando esta imaxe viviría nesta situación, nestas condicións? ¿A que non? Poñamos solución, polo tanto, de inmediato e que ninguén, ningunha persoa do noso país, teña que vivir nestas condicións de absoluta insalubridade.

Pola miña parte nesta primeira intervención, nada máis. Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Chao.

SALETA CHAO RIVAS: Bo día.

Grazas, presidente.

Debatemos hoxe unha proposición do Partido Socialista que é exactamente a mesma que se debateu no pleno do 21 de outubro. E quero comezar dicindo isto porque non me parece unha



cuestión menor. Vaia por diante que entendo e defendo que unha iniciativa pode vir a este Parlamento varias veces, porque desafortunadamente moitas das problemáticas que traemos a debate non se solucionan. Mais penso que neste caso esa non é a razón; creo que a traen porque non teñen outras alternativas que formular á crise habitacional. E digo isto porque fan unha proposta que a priori soa moi ben, mais que non vai servir nin para mobilizar o parque de vivenda baleira nin para facilitar o acceso de familias traballadoras e estudantes ao mercado da vivenda.

É así —e permítanme que llo diga, señor Bouza— porque eu creo que parten dun diagnóstico errado, e iso deriva en que as propostas non atinen na solución. En primeiro lugar, porque non singularizan a análise e a proposta á realidade de cada territorio —díxollo a miña compañeira Alexandra Fernández no pleno de outubro do ano pasado—: nin hai receitas universais nin medidas únicas e homoxéneas para solucionar a crise habitacional. Non é o mesmo a vivenda baleira en cidades como A Coruña ou Santiago que en vilas como Cuntis, Laza ou Navia de Suarna. Imaxino que niso estará de acordo. En segundo lugar, porque compran o mantra de que detrás da vivenda baleira está o medo e a inseguridade dos propietarios, que é exactamente o mesmo recurso retórico que utiliza a dereita. Tamén é o mantra detrás da enésima axuda aos propietarios anunciada por Pedro Sánchez hai uns quince días, para introducirlles máis beneficios fiscais aos caseiros e que non suban o alugueiro. Eu creo que atinarán vostedes coas propostas o día que estean preparados para darlle a volta a isto e pensar en cargar impositivamente quen fai un uso especulativo da vivenda, en vez de bonificar quen o fai como o hai que facer. (*Aplausos.*) Trátase, señor Bouza, de decidir entre protexer a función social da vivenda ou seguir a fomentar o seu uso especulativo. (*Aplausos.*) Eu penso que con estes parches que traen vostedes aquí están dispostos a continuar avanzando no segundo, desafortunadamente.

Como saben —xa o comentou vostede na súa intervención—, Galiza e a comunidade autónoma con máis vivenda baleira de todo o Estado, froito dun desequilibrio producido no tempo entre a produción de vivenda e o seu uso. A *ratio* de vivendas por habitante disparouse de 0,48 a 0,65 en 20 anos; entre o 2011 e o 2021 creáronse 14.000 novos fogares en Galicia e 152.000 vivendas novas. O resultado de construír por riba das necesidades é que aumentou de forma moi significativa a vivenda baleira: nos últimos 10 anos, pasamos de 300.000 —xa o dixo vostede— a 500.000; desas, 90.000 están nos sete concellos máis poboados. Esta realidade é gravísima, porque no caso da vivenda unha maior oferta non implica unha baixada de prezos, pois os inmobles non perden valor —dito así, moi simplemente—; todo o contrario, vemos unha escalada de prezos sen freo, a pesar das enormes cifras de vivenda baleira que manexamos.

É así como a vivenda se converteu nos últimos anos na principal causa de desigualdade neste país, froito tamén de quince anos de políticas nocivas do Partido Popular. E os datos aí xúl-gase por si sos: máis alá da febre que lles deu agora con isto de facer tropecentas mil vivendas, a realidade é que en 15 anos de Goberno do PP apenas se construíu vivenda protexida. Deixaron deliberadamente a promoción de vivenda en mans do mercado libre. Puxeron en marcha o programa Vivendas vivas, que en tres anos mobilizou 36 vivendas; e, como iso non funcionou, lanzaron agora o programa Fogar vivo. É certo que nos anunciou a conselleira estes días que funcionou moitísimo mellor; agora, 239 vivendas sumáronse a ese programa



no 2025, un 0,04 por cento do parque de vivenda baleira que ten este país. «Un éxito», dicía a conselleira, o 0,04 por cento da vivenda baleira que temos neste país. Por certo, unhas axudas destinadas, entre outras cousas —e leo textualmente— «a facer fronte ao custo da contratación dos seguros de impago de rendas ou seguros de multirrisco de fogar». De novo, a retórica do medo, a retórica da inseguridade da que falaba antes.

Despois está a medida estrela do ano pasado, de converter baixos comerciais en vivendas —e mudar as normas de habitabilidade tamén, así, un pouco pola porta de atrás—. Porque, se precisas unha casa, supoño que pensa o Partido Popular que non deberías exixir moito, non deberías exixir que fose concibida en orixe como unha vivenda ou que teña unhas dimensións nas que che sobre espazo. E o máis grave, eu creo, con moita seriedade, é a renuncia a exercer as competencias en materia de vivenda e a desprezar todos os mecanismos que habilita a lei para reverter a gravísima situación que estamos a vivir. Refírome, entre outras cousas, ao bloqueo das declaracións de zonas de mercado residencial tensionado, que si son unha medida efectiva para axudar a conter o prezo do alugueiro.

Fronte a isto, señor Bouza, non chega con poñer parches e, desde logo, tampouco chega con facelo como fan vostedes, que falan de crear un banco público de alugueiro; mais desta vez si que concretou algunha cousa sobre como farían, eu non acabei de entendelo. Algo dixó: 45 millóns de euros, topar os prezos... ¿Como se materializa iso, señor Bouza? Porque eu, falando coas miñas compañeiras, dixemos: pois igual se inspiraron no Banco Público de Alugueiro de Euskadi. Pode ser, confírmemo, por favor, na súa seguinte intervención.

Mais, volvendo ao inicio por onde comecei, nin hai solucións universais nin medidas únicas e homoxéneas para solucionar este problema. E o caso de Euskadi é singularmente diferente ao caso galego. Primeiro, porque teñen unha política de vivenda completamente diferente á que ten a Xunta de Galiza e tamén unha dotación orzamentaria moi distinta. Con todo, o seu Banco Público de Alugueiro implica que a Administración vasca custea máis da metade das rendas e fai un desembolso anual de 40 millóns de euros —supoño que de aí calcularon vostedes os seus 45 millóns— para sufragar o pagamento de alugueiros de ata novecentos euros. Iso non é topar os prezos, señor Bouza; iso é asumir que os prezos sigan sendo elevadísimos e inalcanzables para a maioría da xente, pero que a diferenza a sufrague o sector público. ¿É así como propón vostede que se paguen eses alugueiros? ¿Pode aclaralo na súa seguinte intervención? Porque a min o que me preocupa é que, no canto de ir a medidas que muden este modelo de raíz e que nos axuden efectivamente a desincentivar ou a controlar os prezos do alugueiro, vostedes o que propoñen é máis unha medida de transferencia de capital, ben de fondos públicos, ben das familias, aos rentistas, sen intervir realmente en solucionar o problema do encarecemento da vivenda.

Nós presentamos unha emenda que espero que acepten, porque cremos que é preciso abordar isto de forma integral. Nós propoñemos: intervención pública para a adquisición e a incorporación ao parque público de vivenda, exercendo o dereito de tanteo e retracto que ten o IGVS sobre as vivendas protexidas que se poñan á venda; gravar a vivenda baleira en zonas onde existe un problema de acceso para disuadir os propietarios de manter o parque desocupado; e establecer programas de mediación, como o banco do alugueiro, pero dunha maneira moi diferente á que propoñen vostedes, cunhas condicións económicas máis axustadas



en canto á rendibilidade e ao custo do programa e cuns prezos máis reducidos que os do mercado libre, para protexer así o dereito á vivenda e que as familias aluguen a prezos accesibles.

Dígolle o mesmo que lle dixen ao comezo: trátase de escoller entre dous modelos, blindar a función social da vivenda ou seguir promovendo o uso especulativo da mesma. Nós, coas nosas propostas, propoñemos unha abordaxe integral para solucionar a crise habitacional e así dar resposta ás necesidades da poboación e garantir o dereito á vivenda de galegas e galegos.

Grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Pérez.

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Bouza, ¿onde está, que non o vexo? Aí, xa está. Vostede a verdade é que que ten mérito, ten mérito e defende con vehemencia as súas propostas. Teño que dicir que isto xa foi debatido o 21 de outubro do 2025: votos a favor, 9; en contra, 40; abstencións, 25. Hai que seguir intentando convencernos. Non sei vostede, pero no tempo que levo eu neste Parlamento —que xa é bastante tempo, e na vida pública bastante máis— cando algún grupo presenta unha iniciativa, o que fago sempre —con todo o respecto— é: primeiro léoa —créame, léoa varias veces—, vexo quen a presenta, que grupo a defende, e trato de buscar algunha lóxica dentro da súa propia ideoloxía; en fin, o normal que calquera deputado debería facer. Simplemente, unha aclaración inicial: o diñeiro que vostede di que Pedro Sánchez, o Goberno de España, destina á vivenda, non é nin de Pedro Sánchez nin do Goberno de España; é diñeiro que vén de Europa. Imos aclarar ese concepto, que é importante que todos o teñamos claro: non é un regalo que fai Pedro Sánchez aos galegos e ás galegas.

Pero, bueno, vostede falaba de datos. Mire, en castellano: «*Vivienda es el ministerio más lento en ejecutar el presupuesto, solo gastó el 6 por ciento en lo que va de año*». (O deputado Moisés Rodríguez Pérez amosa un titular de prensa.) ¿Pódeme ver aquí a imaxe, por favor? O 6,6 por cento; dato mata relato. (Aplausos.)

Pero, en fin, esta iniciativa, que sei que vostede defende con vehemencia, con interese e con paixón, xa chirría na exposición de motivos. Ao principio pon: «falando da realidade do mercado do alugueiro». «Realidade». Vostedes realmente viven nunha realidade paralela, virtual e imaxinaria; pero o máis preocupante —que estou convencido— é que o cren. Unha realidade que nada ten que ver coa realidade deste país, e moito menos coa de Galicia. Hai que patear máis á rúa; menos alfombra, menos moqueta. Señor Bouza, fágame caso, parece broma, se non falásemos de algo tan serio como é o mercado de alugueiro.

Incluso chegan a contradicirse entre o que predican e o que fan. Por un lado, din unha cousa e fan outra —toc toc, a ver se me atenden—. Dende o Ministerio, onde vostedes en



teoría teñen responsabilidade de goberno, impoñen un modelo privatizado para xestionar as vivendas do Sareb —non sei se lles soa—: ese chiringuito chamado Casa 47, un nome moi bonito; eu poríalle máis ben «Rúa do Percebe 13», que é a de Mortadelo e Filemón. Pero en Galicia propoñen crear un banco público de alugueiro; soprar e sorber ao mesmo tempo, señor Bouza, é imposible. Cada vez teñen propostas menos socialistas e máis comunistas, diría eu. Xórdeme unha dúbida, señor Bouza —que sabe que o aprecio—: ¿Vietnam tamén é o seu modelo? (*Murmurios.*) Para o BNG, estou convencido de que si; para o PSOE, depende. Todo se pega, socios cómplices, como na Deputación de Lugo, pacto guarro e vergoñento; «*todo por la pasta*», dirían. No BNG mandan os xenerais da UPG, xa nos explicarán o da colaboración bilateral con Vietnam; o seu modelo será Venezuela, Cuba..., en fin, sen palabras.

Na Galicia real —falando en serio—, esta PNL é un brinde ao sol para intentarnos convencer de que se preocupan pola vivenda, polos propietarios e pola xente nova, e que a culpa é dos bancos, dos ricos... Pero a realidade é ben distinta. ¿Saben cal é o perfil dos arrendadores en España? O 93 por cento dos arrendadores tan só teñen un inmovble en alugueiro, a maioría son pensionistas e o 75 por cento viven en zonas urbanas. Vostedes, coma sempre, todo fume, aire e tratar de confundir; os socialistas, co apoio dos nacionalistas... Bueno, en fin, ¡coa que está caendo!... Para gobernar hai que ter orzamentos, é fundamental, pero a vostedes iso dálles igual, prorrogamos e seguimos así.

A Xunta xa ten un parque de vivendas, si, o Programa Fogar vivo, que está regulado, e mobiliza vivendas cara ao alugueiro a prezos xa regulados —si, señor Bouza, regulados—; é dicir, mobilización de vivendas, prezo accesible e garantías para o propietario. O Fogar vivo non é unha promesa, é unha política en marcha: vaise incrementar o orzamento a 2,6 millóns de euros. E o Goberno de Alfonso Rueda ofrece certezas onde vostedes e o Ministerio só ofrecen fume. Hai propietarios dispostos a alugar se se lles ofrecen garantías.

Señor Bouza, gobernar é elixir o que funciona, non o que soa ben nun titular. Mentres outros propoñen crear novos organismos, a Xunta segue a recuperar vivendas baleiras, rehabilita inmoables, axuda a mocidade a acceder a un alugueiro e dá seguridade aos propietarios. A Xunta non necesita crear un banco público de alugueiro porque xa está a facer política de vivenda útil, eficaz e responsable.

Dende o Partido Popular defendemos unha política de vivenda realista, eficaz e, sobre todo, responsable cos recursos públicos. O acceso á vivenda é unha responsabilidade e unha prioridade, pero non se resolve creando novas estruturas administrativas e custosas. Galicia, señorías, ten unha realidade territorial propia pola dispersión poboacional, o envellecemento demográfico e un elevado número de vivendas baleiras en zonas onde non existe unha demanda real. Ademais, unha intervención directa do sector público no mercado pode desincentivar a oferta privada de alugueiro, reducir o investimento e xerar inseguridade xurídica. Garantir o dereito á vivenda non é crear novas administrativas.

Dende o Partido Popular, consideramos que esta non é unha solución eficaz nin máis responsable dos problemas reais da vivenda. Nós apostamos por unha política de vivenda afastada de modelos ideolóxicos que crean máis burocracia e non máis vivenda, porque garantir



o acceso á vivenda en Galicia require dúas cousas: solucións realistas adaptadas ao territorio e política de orzamentos e de feitos, da Xunta e do presidente Alfonso Rueda.

Así que non podemos apoiar a súa iniciativa cando o modelo da Xunta, señorías, é mellor e máis eficaz.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición, o señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Grazas de novo, presidente.

Vou dar lectura a unha proposta política que di: «Exixir á Xunta de Galicia a creación dun banco galego de vivenda co obxectivo de administrar e xestionar as vivendas baleiras para poñelas en alugueiro a uns prezos asequibles —accesibles—». Señora Chao, ¿sabe quen propuxo iso? (*O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.*) O Bloque Nacionalista Galego. Sorpréndeme o que acaba de dicir vostede aquí, e sorpréndeme que estea sorprendida do que di o contido da propia iniciativa. Que se van topar os prezos pono o contido da iniciativa que se presenta. Punto b): «Fixar os prezos do alugueiro nunca superiores ao 30 por cento». Iso é topar os prezos. Pero, señora Chao, 45 millóns de euros incorporámoslos como emenda ao orzamento da Xunta de Galicia. Por certo, unha emenda que tivo o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Polo tanto, non acabo de entender por que o tiro que vostede veu facer hoxe aquí foi contra unha proposta que levan vostedes no seu programa e que tamén defendeu a señora Pontón.

Polo tanto, eu ao que os chamo é á reflexión e a que apoiem a súa propia proposta. Non lles pido nada máis, señorías do BNG.

E mire, señor Rodríguez, con todo o respecto —de verdade, e, á parte, o afecto é mutuo—, respecto ao contido do que aquí falamos, non dixo nada vostede. Faltoulle Venezuela no argumentario, pero o resto díxoo todo; todo, todo, todo, ata o da moqueta —¡moi ben o da moqueta!—. Pero mire, ¿parécelle a vostede que isto é moqueta? (*O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.*) Esta é a realidade que viven os veciños e veciñas das Telleiras, en Narón. (*Aplausos.*) Esta é a realidade, non é pisar moqueta. E a realidade é que vostedes —e vostede, en particular— non condenaron, nin vostede dixo nada ao respecto. ¿Parécelle isto realmente permisible na nosa sociedade? Esa é a realidade, a que vostedes están negando, como é a realidade que levan executado o 15 por cento, e tampouco nada dixo diso.

E a solución do Banco Público do Alugueiro non o convence, pero hoxe xa non dixo que o Fogar vivo fose para mobilizar vivendas baleiras. Alégrome de que vaíamos rectificando o marco, de que vaíamos dicindo realmente que os datos son os datos. Pero agora a Xunta de Galicia hoxe xa non sacou peito do Programa Fogar vivo —entendo xa por que—, porque, despois desta nota de prensa que fixo dicindo o número real de axudas que se dan nese pro-



grama, non me estraña que o Partido Popular non teña nada que dicir. Son 238 de 500.000 vivendas; é normal que non haxa nada do que sacar peito.

Eu volvo incidir en algo: a proposta que nós facemos é unha proposta en positivo que realmente pode solucionar un problema dramático na nosa sociedade, como é o acceso á vivenda. Polo tanto, chámoo á reflexión, pero tamén nunha exixencia máxima —que non pode ser outra—: que se executen os fondos. Xa que nós propoñemos os 45 millóns de euros, polo menos, xa que quedan todos eses millóns e millóns sen executar, collan a nosa proposta. Se vostedes non teñen como executar eses fondos, nós estamos propoñendo cuestións en positivo. E si, traerémola aquí para defendela as veces que faga falla, porque moitas veces, como xa pasou coa gratuidade das matrículas, o Partido Popular ata por cansazo acaba aceptando propostas da oposición. Malo será que, aínda que só sexa por iso, ao final, por un anuncio grandilocuente do señor Rueda, non consigamos que o Banco Público de Alugueiro, e, sobre todo as garantías que iso implica para tantas persoas e a mobilización da vivenda baleira —que é o problema que temos na nosa comunidade autónoma—, sexa unha realidade.

O PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

AITOR BOUZA MANZO: Sobre a emenda, señor presidente, digo que non a imos aceptar.

Grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate, imos proceder ás votacións.

Pechen as portas, por favor.

Votación das proposicións non de lei

O PRESIDENTE: Comezamos votando, en primeiro lugar, as proposicións non de lei. A primeira é do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de Lara Méndez.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso e tres deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de Miguel Ángel Viso.

Non se aceptan as emendas do Grupo Socialista nin as do Bloque Nacionalista Galego.

(O deputado Luís Bará Torres pide a palabra.)

O PRESIDENTE: ¿Si?

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Quería pedir a votación por puntos.

¿Acéptaa? (Negación.) Non lle acepta a votación por puntos. Nada.

(A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores: Non se votaron as mocións.) Non, non, vamos ver, estamos nela. Dixen: Grupo Parlamentario Popular... (A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.) Non, non, estamos nas PNL. (A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.) Non, non, eu dixen: empezamos polas PNL, e estamos na PNL. ¿Vostede é consciente de que estamos nas PNL? (A vicesecretaria segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.) Non, non, é que habida conta do que pasou estes días, démoslle a volta a todo isto. Entón, empezamos polas PNL. A primeira quedou clara, ¿non? (Murmurios.) Vale. E esta segunda tamén, é a do señor Viso, con dúas emendas, e vostede pide unha votación por puntos que non lle acepta. Entón, volvemos votar. (Murmurios.)

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 45; votos en contra, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Secundino Fernández Fernández e dous deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar as palabras do ministro de Agricultura a prol da ratificación urxente do Acordo de libre comercio UE-Mercosur e mais a demanda dirixida ao Goberno galego para que se opoña a este tratado.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 44.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de dona María Encarnación Amigo.

Non se aceptan as emendas do Grupo Socialista nin as do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da reforma do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Manuel Golpe.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as modificacións que debe impulsar a Xunta de Galicia nas características, mecanismos e procedementos do canon eólico co fin de mellorar o cumprimento dos seus obxectivos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de don Aitor Bouza.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que non se acepta.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que cree no primeiro semestre deste ano un banco público de alugueiro de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 7; votos en contra, 37; abstencións, 26.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Rematada aquí a votación das proposicións non de lei, pasamos á votación das mocións.

Votación das mocións

O PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que non se acepta.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Si? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Piden a votación por puntos.

¿Acéptalle vostede os puntos? ¿Que puntos queren separar? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, piden a votación por puntos.

¿Acéptalle vostede os puntos? ¿Que puntos queren separar? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) O 3 e o 5.

O PRESIDENTE: Votamos, en primeiro lugar, os puntos 3 e 5 da moción de Rosana.

Votación dos puntos 3 e 5 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.



O PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da moción.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás os puntos 3 e 5, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción por unanimidade, agás os puntos 3 e 5.

O PRESIDENTE: Votamos a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores.

(Pausa.)

Comunícame a autora desta moción que na emenda do Grupo Socialista se acepta o primeiro punto como engádega e o segundo, non. Entón, votamos. ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, di que non. *(Risos.)* Isto é o intercambio, isto é rápido e é fluído.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 37; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista.

Non se presentaron emendas.

Votación da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



Votación do texto lexislativo

O PRESIDENTE: E, por último, imos votar as emendas e o Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia.

En primeiro lugar, votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas do G. P. Socialista de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: Votamos agora o ditame da comisión coas emendas incorporadas, se fose o caso.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia, coas emendas mantidas, se for o caso.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 32; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei do clima de Galicia.

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: Continuamos cunha alteración da orde do día, que consiste en formular agora unha pregunta.



Pregunta do deputado José Luís Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os traballos que se están a desenvolver para a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega

O PRESIDENTE: Señor Ferro, cando queira.

JOSÉ LUÍS FERRO IGLESIAS: Señor conselleiro, vén hoxe vostede para dar conta dun dos compromisos máis relevantes asumidos pola súa consellería nesta lexislatura, que é avanzar cara a un gran pacto pola lingua, entendido non como un exercicio retórico nin como un acordo de mínimos, senón como unha aposta colectiva ampla e duradeira polo futuro do galego.

Cómpre lembrar que foi vostede quen, nunha comparecencia, a petición propia, nesta Cámara, anunciou a vontade clara e inequívoca de impulsar ese pacto; un anuncio que non quedou nun titular nin nunha declaración de intencións, senón que se traduciu en feitos concretos e verificables. Desde aquel momento a Xunta puxo en marcha unha folla de ruta baseada no diálogo, na participación e no consenso, consciente de que a política lingüística só pode ser eficaz construíndoa coa sociedade e evitando a confrontación.

Nese marco sitúase a decisión de abordar a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade neste Parlamento na VI lexislatura. Falamos dun instrumento fundamental que marcou durante anos a acción pública na materia lingüística, pero que precisaba ser actualizado para responder aos cambios sociais, culturais, demográficos e tecnolóxicos da Galicia de hoxe. Para renovar ese plan, a Xunta convocou máis de cen profesionais de ámbitos moi diversos: ensino, cultura, medios de comunicación, mundo dixital, economía, ámbito social e institucional. Son profesionais que traballan organizados en distintos grupos, achegando coñecemento, experiencia e visión de futuro, co obxectivo común de adaptar o plan á realidade actual e de facelo útil para as próximas décadas. Ademais, este proceso complementábase cunha rolda de contactos políticos e sociais sen precedentes recentes: reunións con todas as forzas políticas con representación parlamentaria e consultas cos sectores que participan activamente na promoción e difusión da nosa lingua; un exercicio de escoita activa que demostra unha forma de gobernar baseada no respecto institucional e na procura de amplos acordos.

Por iso, señor conselleiro, dende este grupo parlamentario queremos coñecer con detalle como está a desenvolverse este proceso. Queremos saber cal é o balance que fai o Goberno galego dos traballos que se están levando a cabo para a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega, cales son os principais avances acadados ata o de agora e que horizonte temporal manexa a Xunta de Galicia para culminar este traballo tan relevante e importante para o futuro do galego. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, o señor López Campos.



O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Antes de nada, quero agradecer tamén ao voceiro do Grupo Parlamentario do Partido Popular e á Presidencia da Cámara a posibilidade de poder adiantar estas preguntas por cuestión de axenda.

Quero dicirlle que hoxe nos trae aquí un asunto importante, non un asunto transcendente. Apuntaba vostede, señor Ferro, que un dos anuncios, un dos compromisos máis relevantes, máis importantes, que se adoptaron neste inicio da lexislatura foi o de establecer un novo marco, un novo espazo de diálogo e debate sobre —creo eu— o aspecto máis importante, máis diferenciador e máis transcendente da nosa lingua, da nosa cultura, que é o noso idioma. Creo que tiñamos claro que nese compromiso, nese pacto, debiamos de implicar non só a parte política, que por suposto, ten que estar presente —e eu agradezo moito o traballo feito polas distintas formacións políticas, cada unha na súa medida—, senón que tamén entendiamos que isto tiña que ser un pacto social. A lingua é o maior patrimonio de todos os galegos e as galegas e, por tanto, son eles, e nada máis que eles, os que nos teñen que marcar tamén o camiño, a senda que temos que percorrer nos próximos anos.

Por iso que non é só unha responsabilidade política —que si, que o é tamén—, senón que tamén é unha responsabilidade social, e para iso fixemos un chamamento a todas as entidades, a todos os colectivos da nosa sociedade, do país, que tivesen algo que dicir, algo que aportar neste proceso. Teño que dicir que a resposta foi extraordinaria. Tivemos unha colaboración máxima por parte das entidades sociais e dos colectivos no ámbito da lingua, e isto eu creo que nos vai permitir construír unha estratexia, ese Plan xeral de normalización da lingua galega, que é a ferramenta máis importante para establecer as estratexias de futuro de cara á nosa lingua.

Teño que avanzarlle que, como ben sabe, se constituíron os grupos de traballo nesas 11 comisións, nas que participaron uns 130 profesionais de reputadísimo prestixio. Realizáronse máis de 350 entrevistas e mantivéronse máis de 115 reunións con entidades. Trasládolle que en total se recibiron unhas 1.400 propostas nos distintos ámbitos desas 11 comisións e que agora se está traballando na elaboración, no peche deses informes sectoriais das 11 comisións, para que sexan entregados ao equipo coordinador, polo cal se pediu ampliación de prazo, tendo en conta o gran número de propostas presentadas. Estas comisións traballaron, por suposto, con total autonomía, con total capacidade, e avánzolles que, unha vez que remate esa comisión coordinadora, teremos os primeiros datos deste documento para iniciar unha nova rolda de contactos cos partidos políticos, que esperemos que sexa nas próximas semanas.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Ferro.

JOSÉ LUÍS FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.



Señor conselleiro, quero comezar recoñecendo e poñendo en valor, por suposto, o valor da explicación ofrecida, que confirma algo que desde este grupo xa viñamos sinalando: que o Goberno galego está a actuar con seriedade, con método e con responsabilidade nun ámbito tan sensible e tan estratéxico como é o da política lingüística. O balance que vostede acaba de expor demostra que a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega non é un trámite administrativo máis, senón un proceso profundo, participativo e rigoroso. A implicación de máis deses cen profesionais de distintos sectores é unha mostra clara de apertura e de confianza no coñecemento experto, afastándose de visións reducionistas ou ideoloxizadas.

É especialmente salientable a vontade de consenso que guía todo este traballo. Cando outros optan pola confrontación permanente, a Xunta aposta polo diálogo político e pola construción de acordos amplos arredor da lingua, entendida como patrimonio común de todos os galegos, pensen como pensen e vivan onde vivan.

Este proceso non renega do feito ata agora, senón que se constrúe sobre un pacto, sobre un plan aprobado por unanimidade neste Parlamento, respectando ese espírito de acordo e utilizándoo con realismo e ambición para dar resposta aos retos actuais, desde o uso do galego no ámbito dixital ata a súa presenza na vida económica e social.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia estamos convencidos de que este camiño é o axeitado para fortalecer o galego desde a unidade, desde a convivencia e desde a confianza no futuro. Señor conselleiro, conte co noso respaldo para seguir avanzando nun pacto pola lingua que sirva para garantir que o galego teña máis presenza, máis prestixio e máis oportunidades nas próximas xeracións.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Agradézolle moito, señor Ferro, de verdade, a oportunidade desta pregunta e a posibilidade de poder dar as correspondentes explicacións. Eu estou convencido de que este ano 2026 vai ser o ano do gran pacto pola lingua en Galicia, non me cabe ningunha dúbida, e dígoos porque se vai intentar facer co maior consenso posible —como debe ser—. Creo que esa parte do consenso político ten que levar aparelado tamén ese consenso social. E dígoos tamén desde a sensación de que este proceso participativo que se desenvolveu durante o ano 2025 creo que superou con creces as expectativas creadas. Creo que a resposta social, a implicación e a sensibilidade que houbo por parte da sociedade galega foron máximas.

Cúmprese o que viñamos aportando e o que viñamos dicindo: que toda a sociedade galega ten unha sensibilidade moi marcada en relación coa importancia do noso maior patrimonio,



que é a nosa lingua, e por iso entendiamos que era importante testar, ver cal era o respaldo, cal era a implicación da sociedade galega. E esta foi —como dicía antes— superando as expectativas, con esas máis de 1.400 aportacións e máis de 300 reunións que se mantiveron durante estes últimos meses. Creo que iso afianza aínda máis a realidade, a necesidade deste novo acordo; un acordo que —como ben apuntaba vostede— non parte de cero, un acordo que vén arrastrado desa primeira aprobación da Lei de normalización lingüística, da Lei de normalización da lingua, e ademais que parte, despois dese acordo do ano 2004, do Plan xeral de normalización da lingua galega.

Temos moito traballo feito, temos moito camiño andado, pero enfrontámonos a un novo reto no que temos que avanzar xuntos. É verdade que este traballo, este intenso traballo, nos obriga a adaptar os tempos e os prazos aos traballos desas comisións para intentar —como dicía antes— xerar o máximo consenso e para poñer no foco sempre a calidade dos traballos. Estamos convencidos de que o que derive deste novo marco, deste novo Plan xeral da lingua galega, marcará o futuro porvir da nosa lingua.

Unha vez aprobado este plan, por suposto a Xunta aplicará as medidas de xeito inmediato; aquelas medidas que teñan que ver coa xestión da propia Xunta de Galicia e aquelas que teñan que ver tamén co impacto destas medidas no ámbito da nosa sociedade. Pero iso non quere dicir que non esteamos traballando de forma simultánea neste ano 2025-2026 tamén en medidas de impulso, de aplicación inmediata no ámbito da lingua. Iso quere dicir que o acredita o incremento de máis de dous millóns de euros no orzamento da Xunta de Galicia, ademais doutro tipo de actuacións.

Estamos ante un momento histórico para o futuro da nosa lingua. Diante de nós creo que temos a gran oportunidade para garantir o seu futuro e, como sempre, estou convencido de que a historia aquí...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): ...valorará o feito por cada un de nós e a posición que ocupe cada un de nós.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): Espero que todos esteamos á altura desta situación.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta da deputada Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o exercicio que está a facer a Xunta de Galicia da competencia exclusiva en materia de patrimonio

O PRESIDENTE: Ten a palabra dona Mercedes Queixas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



MERCEDES QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, quince meses escondéndose detrás da Comisión da avaliación do Plan xeral de normalización da lingua galega para non tomar ningunha medida a favor do galego; quince meses sen derrogar o decreto de desgaleguización do ensino que lle piden todas as institucións e a inmensa maioría da sociedade galega; quince meses negando a emerxencia lingüística que ditaminou o IGE. É vostede o portavoz do Goberno do Partido Popular máis antigalego da historia. (*Aplausos.*) ¡Parabéns!

Parabéns tamén, señor conselleiro, polo seu primeiro éxito á fronte da Consellería de Cultura. Conseguiu xa vostede que esta consellería fose a menos e sexa hoxe máis pequena e irrelevante. E, ¿como o conseguiu? Pois renunciando a unha competencia estatutaria que define Galiza como o que é: unha nación con identidade e con personalidade cultural propias; unha renuncia covarde, sen debate parlamentario, aprobada pola porta de atrás —que iso é o que é a Lei de acompañamento—, cun obxectivo: legalizar o abandono do patrimonio e baleirar o autogoberno de Galiza. Este é o seu éxito, conselleiro: avanzar na liquidación da identidade de Galiza como unha nación cultural. E, ¿á custa de quen o conseguiu? Á custa dos concellos afogados xa pola Xunta con competencias impropias e cada vez con menos recursos. Vostede cárgalles agora ao lombo a responsabilidade sobre a protección do patrimonio, cando sabe perfectamente que a inmensa maioría dos concellos galegos non teñen nin capacidade económica nin recursos técnicos e profesionais para asumilo. Porque, señor conselleiro, sen profesionais, sen técnicos, ¿como se van responsabilizar os concellos da xestión e da protección do patrimonio? ¿Quen vai decidir sobre as intervencións que o poidan afectar?, ¿o alcalde ou alcaldesa de turno? ¿Con que criterios técnicos?, ¿con que formación?, ¿con que supervisión? Vostede sabe perfectamente que está a abrir a porta á arbitrariedade e ao espolio do patrimonio cultural, que é de todos os galegos e de todas as galegas. Iso si, díxolles vostede aos concellos: quen precise recursos, que llos pida á Xunta. Desde o BNG preguntámoslle: ¿a que a Xunta?, ¿á mesma Xunta que creou o problema colapsando os servizos de Patrimonio Cultural por falta de persoal?, (*Aplausos.*) ¿á mesma Xunta que converteu a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural nun ente irrelevante e asfixiado economicamente e que para 2026 vai ter os mesmos 22 millóns de euros que tiña no 2009?, ¿a mesma Xunta que foi incapaz de elaborar un catálogo de patrimonio unificado en dezaseis anos, ou que foi incapaz de crear —ou renunciou a crear— un servizo de inspección do patrimonio?

Unha última pregunta, conselleiro: ¿con quen consultou vostede esta nova tempada de rebaixas outono-inverno para a protección patrimonial? Porque a Fegamp xa lle dixo que está en contra; o Consello da Cultura galega xa lle dixo que está en contra, igual que a Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, a Real Academia Galega de Belas Artes, os profesionais técnicos de arqueoloxía, a Asociación para a Defensa...

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...do Patrimonio Cultural Galego etcétera.

O PRESIDENTE: Grazas.



MERCEDES QUEIXAS ZAS: ¿A quen beneficia esta...

O PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...renuncia das competencias do Partido Popular? (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señora Queixas, non sabía eu que era vostede a presidenta da «Asociación Validadora de Galeguidades» para ver quen era máis galego e menos galego en función do que vostede aporte ou decida. Creo que se arroga unhas certas competencias que eu creo que debían ser únicas e exclusivas dos veciños do pobo galego, dos galegos e das galegas. Pero eu, como non vou entrar nesa cuestión —xa sei cal é a estratexia do Bloque Nacionalista Galego, xa está máis que demostrada e son ben coñecidos—, quero dicirlle que creo que vostede hoxe dá en ferro porque fala cun municipalista convencido. Eu tiven a sorte, a gran fortuna —unha das grandes fortunas que pode ter unha persoa—, de ser alcalde do seu pobo durante moitos anos. Tiven a sorte e a fortuna de estar en primeira liña sabendo cales son as realidades e as necesidades dos nosos veciños. E tiven a sorte tamén de poder ser elixido, ata catro veces, con catro maiorías absolutas, polos meus veciños e veciñas da Estrada, para poder defender os seus intereses e poder entender como funciona a Galicia de verdade; non a Galicia que pode ver vostede, ao mellor, dende aquí, dende o Parlamento, senón a Galicia do día a día, a Galicia das persoas. E sei de primeira man cales son os seus problemas, cales son os problemas no día a día aos que se teñen que enfrontar. Dende logo, o que si non teño —nin teño como conselleiro nin tiña antes como alcalde— é ese concepto tan denigrante que ten vostede dos responsables municipais.

Acaba de facer vostede aquí unha intervención que me gustaría que fose escoitada polos representantes municipais, cando menos, do Bloque Nacionalista Galego, que teñen moitos e ás veces fan un gran traballo tamén no territorio e nos seus concellos. Gustaríame que escoitasen a súa intervención e o concepto que ten vostede —e, por ende, o Bloque Nacionalista Galego— do seu traballo, da súa capacidade, da súa xestión, da súa honorabilidade e da súa responsabilidade como xestores públicos, porque acaba de poñer vostede aquí no foco os alcaldes, as corporacións municipais, de incompetentes, de ineptos e de faltos de sensibilidade co patrimonio de todos os galegos e as galegas. E eu teño que dicir —e deféndoo a todos, independentemente da súa cor política, tanto do Partido Socialista, do Partido Popular como do Bloque Nacionalista Galego— que non hai ninguén que estea máis apegado, máis cerca e máis próximo aos problemas dos seus veciños que os alcaldes e as alcaidesas de Galicia, (*Aplausos.*) para os que eu, dende logo, defendo o seu criterio e a súa capacidade. Diríalle máis, non lle viría nada mal que dese un percorrido por eses concellos e coñeza a opinión, a idea, dos alcaldes e alcaidesas no territorio e saiba realmente cal é a realidade desta modificación da Lei de patrimonio e a quen beneficia. Só e única e exclusivamente esta modifi-



cación da lei vén dar cumprida resposta ás demandas exixidas polos alcaldes e as alcaidesas de Galicia, polos veciños e veciñas, polos galegos e as galegas de permitir unha administración máis áxil e máis eficaz. Ademais —por suposto, como comprenderá vostede, aínda que sempre o neguen—, estes cambios, estas modificacións, veñen avaladas polos informes técnicos correspondentes, que dan e acreditan que esta modificación é...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): ...legal, é axustada e que, dende logo...,

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): ...era necesaria...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): ...para que os concellos galegos...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): ...poidan seguir...

O PRESIDENTE: Terminou o tempo. Grazas.

(O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Para a réplica, a señora Queixas Zas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, vexo que segue vostede instalado no pacto do silencio do Partido Popular. Hoxe non responde ás preguntas que lle facemos desde o BNG despois de que o Grupo Parlamentario do Partido Popular vetase até en dúas ocasións a solicitude de comparecencia do director xeral de Patrimonio Cultural na Comisión de Cultura que fixemos desde o BNG. ¿Que é o que teñen que agochar? *(Aplausos.)* ¿Por que non falan claramente do que lles preguntamos?

E mire, efectivamente, vostede non é un recén chegado á xestión política, e lembrará, polo tanto, que non hai moito tempo *(A deputada Mercedes Queixas Zas amosa un documento.)* vostede fixo crítica pública precisamente das exixencias de Patrimonio da Xunta para restaurar, por exemplo, a ponte vella de Liñares, do seu concello; unha ponte medieval protexida no catálogo de bens do PXOM. É dicir, que vostede como alcalde, entre respectar os criterios de restauración de patrimonio da Xunta ou deixar arruinar a ponte medieval, efectivamente,



escolleu deixala arruinar, (*Aplausos.*) e aí está con problemas cada vez máis graves, estruturais e comesta polas silvas. Ese é o resultado da súa capacidade de xestión, efectivamente.

¿A quen pretende tomarlle o pelo, señor conselleiro? Os cambios que lles está a impoñer ás alcaldías son para rebaixar as exigencias na protección do patrimonio, para que non haxa criterios técnicos unificados e ir facilitando así a desprotección do patrimonio. O patrimonio cultural, como acabamos de ver, foi para vostede un estorbo como alcalde da Estrada. Non hai máis que ver a situación na que está a torre de Guimarei, e agora tamén é un estorbo como Consellería de Cultura, porque vostede podía ter escollido reforzar os servizos de patrimonio con máis recursos, como están demandando xa dende hai moito tempo, mais preferiu renunciar ás competencias que lle confire o Estatuto —competencias exclusivas na xestión do patrimonio cultural— para abri-lle unha porta ao espolio do patrimonio cultural galego. Acaba de renunciar a sentir o orgullo de ser galego e, desde logo, no BNG —sábeo perfectamente— acreditamos, igual que Castelao e Otero Pedrayo, en que se aínda somos galegas...

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...é por obra e graza do idioma...

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...e do patrimonio...,

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...por iso o defendemos con orgullo...

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...e sempre. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Bueno, vexo, señora Queixas, que non cambian a estratexia: primeiro disparan e despois preguntan. Eu voulle recomendar —non sei se tivo vostede a oportunidade, pero non vou ser tan ousado coma vostede cando ás veces comete ese atrevemento de preguntarme se leo moito ou leo pouco; eu non vou ser tan ousado nesta cuestión coma vostede— e deixar unhas copias deste documento. (*O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, amosa un documento.*) Ao mellor —espero—, non tivo tempo suficiente para poder lelo, pero achégouselles a todos os alcaldes. Deixareille unha copia despois para que o lea en profundidade



e vexa realmente a quen vai beneficiar esta modificación da Lei de patrimonio que está consensuada, que está pensada e que está validada e avaliada tecnicamente, por suposto. Isto non foi unha ocorrencia deste conselleiro, nin teño a capacidade, nin a estratexia de poder desvirtuar ou devaluar o patrimonio de todos os galegos. Por suposto, exíxolle e pídolle por favor que a analice e, unha vez analizada, me diga en que artigo desta modificación da lei existe unha soa desprotección do patrimonio.

Fan vostedes sempre a mesma estratexia: intentan confundir, intentan enganar a cidadanía e intentan equiparar o que significa a axilización co que vostedes entenden por desprotección. Esta é unha cuestión que vén seguramente derivada da súa falta de xestión; vostedes nunca tiveron en moitos casos que xestionar nin que tomar decisións e, polo tanto, cústalles entender que un proceso de axilización administrativa non necesariamente ten que ser un proceso de desprotección do patrimonio. De feito, é que de verdade a insto, a reto a que me diga algunha destas modificacións que establece esta modificación de Patrimonio nun só sitio onde exista unha medida que signifique desprotección do patrimonio, en ningunha só do seu articulado.

De feito —dígolle máis—, no único sitio onde existe algunha modificación en relación con este tema é para protexer o noso patrimonio. No artigo 66 —e falo de memoria— creo recordar que se fala de que, naqueles elementos catalogados onde os concellos pretendan facer unha demolición polo estado ruinoso das edificacións, necesariamente a través desta modificación se obriga a que exista un informe previo de Patrimonio que antes non existía; un criterio que vai directamente á protección do noso patrimonio, non á desprotección; é a única modificación no nivel de protección que existe en toda a lei. *(Aplausos.)*

O resto é aclaración de competencias, o resto é detallar escrupulosamente cales son as accións que se poden acometer no patrimonio, que, ademais están estudadas, están validadas tecnicamente, para facilitar a xestión e o mantemento.

E, ademais, está pensada para que a protección non leve aparellado seguramente o descoido do noso patrimonio, porque o que estabamos facendo é que moitas veces o exceso de protección, o exceso de burocracia, impedía moitas veces a preservación axeitada do noso patrimonio.

Por iso, eu creo que —para rematar— lles recomendaría unha vez máis que o lesen en profundidade, que o debatesen. E rétolle a que me diga nalgún articulado...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): ...un só punto onde exista algún criterio...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): ...algún motivo que signifique a desprotección do patrimonio.



O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Queda o reto feito. E aquí lle deixo tamén...

O PRESIDENTE: Terminou o tempo. Grazas.

(O conselleiro José Carlos López Campos pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Interpelación das deputadas Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta

O PRESIDENTE: Para formular esta interpelación, ten a palabra a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Confirmaba agora quen era a persoa da Xunta —que todo o mundo sabe e decide libremente quen manda responder ás interpelacións—: ía ser o conselleiro de Emprego. E creo que xa só a escolla da persoa que envían a esta Cámara, é dicir, para esconder tamén a Consellería de Política Social e a señora García no debate do sistema e do servizo de axuda no fogar, que atende máis de 23.000 persoas en Galiza, xa é toda unha declaración de intencións de que é o que pretende facer o Partido Popular co SAF. *(Aplausos.)*

E digo isto porque hoxe desde o BNG traemos esta cuestión, esta interpelación sobre o servizo de axuda no fogar, sobre os dereitos das persoas dependentes, as persoas usuarias do servizo e tamén os dereitos das traballadoras que sosteñen co seu lombo o SAF en máis de 23.000 casas de galegas e galegos dependentes en Galiza, e que o facemos, ademais, no contexto no que se produce estes días o debate a respecto do financiamento do propio servizo, coa proposta que formulou a Xunta de Galiza de ir a 18 euros a hora en 2028 a achega que fan a Xunta e o Estado para o financiamento deste servizo esencial de atención á dependencia. Unha proposta que o Bloque Nacionalista Galego non apoiamos, por insuficiente, porque non cobre o custo real da prestación —nin se achega tan sequera a ela— e non resolve os problemas estruturais que arrastra o servizo de axuda no fogar desde hai anos; un servizo colapsado, con listas de espera inadmisibles e tremendamente precarizado, con condicións laborais e salariais das traballadoras que o sosteñen que son tremendamente inxustas.

A proposta de financiamento da Xunta —insisto: 18 euros a hora en 2028— só afonda na quebra do propio servizo. Pero, claro, a Xunta, o Goberno do Partido Popular na Xunta, non busca resolver o problema. Á vista está que é que non queren nin asumir a máis mínima responsabilidade sobre o futuro do SAF, e o único que buscan —díxoo o propio presidente



Alfonso Rueda hoxe pola mañá na sesión de control— é que deixemos de falar da situación na que se atopa o servizo de axuda no fogar, que calemos a boca, e quedounos hoxe meridianamente claro.

Pero tamén lles digo, señorías do Partido Popular e ao propio Goberno do Partido Popular na Xunta, que o BNG vai seguir defendendo o dereito das persoas dependentes deste país a ter un servizo á altura do que merecen e necesitan, e tamén unhas condicións de traballo dignas para as mulleres que —insisto— sosteñen co seu lombo este servizo esencial.

Por iso, non aceptamos a chantaxe que o Goberno do Partido Popular formulou aos concellos, e digo chantaxe porque era todo ou nada: ou aceptaban o que ofrecían ou —e cito literalmente— «quedades como estades». Se non están de acordo —oiámolo onte mesmo na sesión plenaria—, que renuncien aos cartos, falando do diñeiro e do financiamento do SAF coma se saísen os euros dos petos das carteiras do Partido Popular. Hai quen quixo someterse a esa imposición; alá cadaquén, nós non.

O BNG non vai deixar de defender e reclamar o que é xusto para as dependentes galegas e tamén para as traballadoras do SAF, e por iso seguimos defendendo o que levamos defendido sempre: que se cumpra a lei e que calquera incremento que se aplique teña, en primeiro lugar, que axustarse ao custo real do servizo. E 18 euros á hora en 2028 —estamos en xaneiro de 2026, por se hai algunha persoa despistada ou un extraterrestre que aterrara hoxe aquí— nin se achega sequera ao que custa prestar o servizo de axuda no fogar hoxe, hoxe, non dentro de dous anos, agora.

Entre 2022 —que foi a última vez que se incrementou o financiamento do servizo de axuda no fogar— e 2025 o SAF pasou de custar na parte mínima entre 14 e 21 euros e medio a 22,7 e 28,58 euros a hora prestada —depende da multiplicidade de realidades que se viven nos concellos galegos—. Isto —insisto: hoxe, en xaneiro de 2026— para a hora de SAF ordinaria, porque o financiamento da Xunta e do Estado non diferencia absolutamente en nada as horas ordinarias dos días festivos —iso ten moito a ver coas condicións laborais das traballadoras—, págase absolutamente todo igual.

Tampouco se diferencia entre concellos rurais e urbanos, como se custase o mesmo prestar o servizo en Cervantes como no centro da cidade de Lugo; nin as taxas de envellecemento da poboación, nin a dispersión poboacional —nada— nin as condicións de seguridade laboral das traballadoras do servizo de axuda no fogar; non se ten absolutamente para nada en consideración elementos esenciais que aumentan o custo da prestación do servizo.

Tampouco ten en conta o financiamento que aportan a Xunta e o Estado, nin sequera a proposta que se formula. Non ten en conta o colapso no que se atopa o sistema nin as condicións de precariedade laboral que soportan as traballadoras. E digo colapso porque a día de hoxe eu non sei se a xente sabe no seu concello cal é a lista de agarda que hai para acceder ao servizo de axuda no fogar, de persoas que teñen —insisto— recoñecido por lei dereito a horas do SAF pero que non poden acceder a ese servizo.



Estes días —que está o foco posto nesta cuestión— dicía a concelleira de Servizos Sociais da Coruña —da cidade da Coruña, do Concello da Coruña, tomo o exemplo que saía publicado na prensa— que hai 560 persoas usuarias atendidas no SAF da cidade da Coruña e 1.200 persoas esperando. Esta é unha realidade extensiva a todos os concellos de Galiza practicamente, e todo iso a pesar da propaganda fogueteira na que navega tan ben e da que gusta tanto o Partido Popular e na que pretende afogarnos a todos.

Porque no ano 2021 a Xunta de Galiza —o Goberno do Partido Popular, a través da conselleira de Política Social— firmaba un acordo coa Fegamp —semellante ao que intentan vendernos agora a todos— onde se comprometían ¿saben a que? —2021, jeh!—: «a establecer os procedementos necesarios para poder maximizar a extensión do servizo...» —2021— «...co obxectivo de reducir ao mínimo o número de persoas que teñen dereito recoñecido por lei ao SAF pero que non están a recibir o servizo». ¿Saben cantas persoas hai na lista de espera do SAF en termos xerais en Galiza desde 2022 a hoxe, 2025, que é o último dato pechado —datos da Consellería de Política Social da Xunta de Galiza publicados no Imsero—? 4.080 persoas máis. (Aplausos.) Este é o escenario, a realidade que atravesan as galegas e os galegos.

Porque aí hai persoas de carne e óso, con nomes e apelidos —seguramente a moitas delas as coñezan as súas señorías—, que teñen un dereito recoñecido no papel pero que non poden exercer, que non poden acceder a el, porque está absolutamente asfixiado e colapsado o servizo de axuda no fogar.

E a pregunta, claro: ¿vai facer a proposta de financiamento de 18 euros a hora en 2028 que formula a Xunta de Galiza que esas persoas poidan acceder ao SAF? Xa llelo digo eu: non. Porque a súa proposta continúa facendo que teñan que ser os concellos os que soporten o sostemento económico dun servizo que non teñen que financiar, porque o di a lei. E a lei é meridianamente clara: «O servizo de axuda no fogar da dependencia» —igual que todo o sistema de atención ás persoas dependentes— «ten que ser sostido ao 50 por cento entre a Xunta e o Estado». Nin sequera o concello con máis vontade de todo o planeta ten recursos económicos suficientes para poder acceder toda a poboación que ten dereito recoñecido por lei a facelo ao servizo de axuda no fogar.

E hai outro elemento estrutural —dicíao ao comezo— no que non pon unha soa solución a proposta de financiamento que fai a Xunta de 18 euros a hora en 2028, e que o único que vai facer é probablemente agrandalo e afondar aínda máis nesa precariedade laboral, que é a que soportan as mulleres traballadoras do SAF. Traballadoras que reciben a día de hoxe, coas táboas salariais actualizadas conforme o IPC de 2026, con 39 horas de traballo adxudicadas, salarios inferiores ao mínimo interprofesional; están en 1.200 e pouco euros de salario base. E que, ademais, tampouco van permitir eses 18 euros a hora en 2028 atender necesidades urxentes do SAF —como as que trouxemos tantas veces desde o Bloque Nacionalista Galego a esta Cámara—, como garantir condicións de seguridade e saúde laboral a esas mulleres traballadoras que non teñen un centro de traballo, senón que os seus centros de traballo son os domicilios particulares das persoas usuarias e dependentes ás que atenden.

E, claro, a min, cando vin esa proposta, esa chantaxe, esa imposición de financiamento por parte do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, irremediabilmente veume á cabeza



o que aconteceu neste país en xullo de 2025, que foi o asasinato de Teresa de Jesús —lembrarán—, traballadora do SAF do concello do Porriño, asasinada mentres desenvolvía o seu traballo, despois de ter posto en coñecemento, tanto do concello como da empresa para a que traballaba, que quería deixar de prestar o seu traballo nese domicilio.

¿Como se van garantir condicións de seguridade e de saúde laboral para as mulleres traballadoras do SAF cun infrafinanciamento que non dá nin un só euro máis, nin sequera para levar á práctica as propostas que formula o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galiza, nesa proposta de protocolo, que nunca —creo eu, humildemente— vai chegar a levarse á práctica?

E dígolles por que. Hoxe mesmo pola mañá, ás 10 da mañá, había na Fegamp unha reunión, e unha vez máis, desde que comezou todo este proceso, a Xunta de Galiza púxose do lado de fóra. Non hai nin unha soa persoa con responsabilidade política, con capacidade de decisión que represente a alguén da Consellería de Emprego —xa non digo, pero da Consellería de Política Social—, non hai nin unha soa persoa desde as 10 da mañá na sede da Fegamp sentada alí para intentar garantir que as medidas de seguridade laboral que teñen que garantir-lles ás traballadoras auxiliares do servizo de axuda no fogar vaian levarse á práctica.

Eu preguntome: ¿entre as propostas da Xunta de Galiza...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...—perdón, si, remato— estaba, por exemplo, que onde haxa situacións de inseguridade vaian dúas traballadoras? Eu digo: ¿como se paga o salario doutra traballadora se os concellos son incapaces de garantir o pagamento case das auxiliares que hoxe prestan o servizo do SAF?

Eu, señor conselleiro, non sei moi ben que é o que me vén dicir vostede hoxe aquí. Si lle digo unha cousa: o BNG vai seguir defendendo o que é xusto e o que se merecen as galegas e os galegos, as de hoxe e as que veñen detrás, que é un servizo de axuda no fogar á altura do que se merece calquera persoa, que son unhas condicións de vida e de traballo dignas neste país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González.

O CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (José González Vázquez): Moi bo día, señorías.

Señora Rodil, eu non lle vou tomar a mal que poña en dúbida a miña capacidade para contestar esta interpelación, como fai habitualmente a súa portavoz cando lle fai algunha consideración ao presidente da Xunta nas preguntas, ¿non? Pero eu, e pásame moitas veces,



digo: cando se vén aquí hai que centrar os temas, ¿non?, porque vostede fixo un debate xeral sobre o SAF, pero eu quero acudir á interpelación, porque isto é unha interpelación; entón, eu teño que responder á interpelación que se me fai, por iso creo que son o máis acaído para responder, ¿non?

Pregunta unha, señorías, da interpelación: «¿Que medidas vai adoptar a Xunta para garantir o cumprimento e a aplicación do protocolo de prevención, atención e seguimento ante situacións de violencia no SAF?» ¿Que parte da Xunta, señorías, é a responsable na configuración deste protocolo? Estivo de acordo ata a CIG, que o que era responsable na configuración deste protocolo dende o punto de vista técnico é o Issga. ¿De quen depende o Issga, señora Rodil? De min, da Consellería de Emprego, ¿non? Polo tanto, eu veño aquí falar do tema... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, da interpelación; vostede, se quere facer unha causa xeral sobre o SAF, fágaa ou pida un debate xeral sobre o SAF, pero eu voulle contestar á interpelación.

E a segunda pregunta: «¿Vai dotar os concellos de máis recursos económicos para poder aplicar as medidas previstas nel?» Pois imos falar do tema que nos atinxe con esta interpelación.

Entón, para falar con propiedade, e tamén por centrar o tema, dicirlle que o servizo de axuda ao fogar —e sábeo vostede tamén— é de competencia e xestión municipal —Lei de servizos sociais aprobada por un goberno do Bipartito no ano 2009—.

Creo que hai que facer tamén fincapé nun aspecto importante, ¿non?, que cando interveñen vostedes —e seguro que o vai facer na réplica— tentan poñer en dúbida: a Xunta de Galicia, señorías, cumpre coas súas obrigas constitucionais, porque somos fieis á nosa terra por encima de ideoloxías e de polarizacións.

Polo tanto, permítame que lle diga que aquí se puxo en marcha un traballo —logo dese acontecemento desafortunado que vostede mencionaba, por suposto— para a elaboración dun protocolo de violencia para as traballadoras do SAF. A Xunta de Galicia, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral, está totalmente —dixéramos— posta en marcha en todo este traballo que eu vou agora tamén detallar polo miúdo, porque parece que non fixemos nada dende o primeiro momento, ¿non?

O traballo estase realizando. Vostede mesmo aludiu hoxe a unha reunión na que di que non hai resultados. Eu dígo lle —que estaba alí por certo, en representación do Issga, a xerente do Issga, que é Adela, e digamos que é unha persoa con suficiente responsabilidade ao respecto— que hai unha primeira reunión, señorías, coa Fegamp para facer este protocolo. A Fegamp pide a participación do Issga. Esta reunión é en setembro de 2025. Hai un primeiro borrador, que se levou ao Consello, e un informe a mediados de outubro, e posteriormente remitiuse á Fegamp. Eu voulle dar a cronoloxía, porque vostede fala cun descoñecemento xeneralizado. ¡Home!, eu creo que o Bloque ten representantes na Fegamp, ¿non? O 4 de novembro hai unha reunión do grupo de traballo do Issga coa Fegamp. Dáse un prazo do 5 ao 12 de novembro para facer aportacións. O 19 de novembro a Fegamp remite aportacións. Hai ese primeiro borrador, un borrador aberto, porque nós imos nun ámbito de colaboración



e o que pedimos é que fagan aportacións. Fan aportacións, entre outros, UGT, CCOO e a CIG, señoría. O 22 de decembro, logo de recoller ese borrador, asumir todas as súas alegacións, hai un segundo borrador, que foi remitido —como digo— ese 22 de decembro á Fegamp. O 20 de xaneiro hai a convocatoria desta... (*Murmurios.*) Faralle graza, pero eu estou respondendo á súa interpelación e creo que, por respecto a este Parlamento, respondido á interpelación que se me fai, (*Aplausos.*) porque, se non, eu aquí tamén me poño a falar, se lle parece, doutro tema.

Ben, señoría, eu escoiteina con atención e, se quere, pónome a falar doutro tema e podo falar de moitos temas; se quere, falamos do tempo tamén; pero creo que, por respecto aos que nos están escoitando, tanto ás señorías como tamén aos que nos poidan escoitar fóra deste Parlamento, pois temos que contestar ao que se lle pregunta, ¿non?

Dicía que a convocatoria desta reunión de hoxe foi o 20 de xaneiro, e, ben, tiveron a reunión. A min o que se me traslada é que foi unha reunión certamente positiva no tema do que estamos a falar.

Polo tanto, colaboración e compromiso para facer un traballo que acerte o mellor posible no que se refire a un tema tan importante como é protexer ás traballadoras do SAF, ¿non?

Eu quero facer fincapé tamén, para dicirlle no meu ámbito de competencias, en que isto, evidentemente, aínda que o Issga ten feito este protocolo, é un protocolo que ten que ir da man dos prestadores de servizos, fundamentalmente dos concellos e das entidades ou empresas prestadoras do SAF, ¿non?

Pero tamén quero responder, como non pode ser doutro xeito, á segunda pregunta, que é como imos dotar de medios e tamén en relación co protocolo, porque esa é a pregunta, ¿non? En primeiro lugar, dicirlle —estou seguro de que o sabe, pero tamén trasládollo— que o Issga ten unha Estratexia de seguridade e saúde laboral de Galicia: Horizonte 2027, que conta cun orzamento, señora Rodil, de 56 millóns de euros, para aplicar políticas nesta materia —amplas, jeh!, non só para este protocolo, non me malinterprete, ¿non?— En 2025 reforzamos o labor do instituto no ámbito de sensibilización —por darlle os datos— con preto dunha trintena de campañas de prevención de riscos e 350 actuacións de asesoramento técnico. O que fai o Issga —no seu consello reitor están todas as organizacións que mencionei antes e faise todo de acordo— é aprobar un plan de actuación —estamos nestes momentos a piques de aprobar o do 2026— con todos os interlocutores, como digo, que están no consello reitor.

E neste plan, señora Rodil, respondendo á súa pregunta, dentro do orzamento —que é onde o ten que ver— do Issga, hai unha campaña de promoción e de prevención no servizo de axuda ao fogar —como non pode ser doutro xeito, logo do que aconteceu, como digo, o ano pasado—. Aí imos ofrecer pautas para a prevención e actuación ante situacións de violencia externa neste colectivo, tendo en conta a actividade; pola técnica do Issga definiuse esta actividade como actuación prioritaria e preferente, precisamente pola especial vulnerabilidade que ten. Ademais, en adición, súmanse as actuacións orientadas ao persoal de atención directa a persoas con dependencia e axuda no fogar.



Pero eu teño que dicir tamén que, por entrar un pouco no que vostede dixo tamén, porque se falamos de esforzo orzamentario eu lémbrolle que no ano 2026 ao SAF se destinan 148 millóns de euros —para que veña aquí o Bloque dicir que iso non son cartos, que son miserias, jeh!—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* De feito, e para rematar de contestarlle ás súas dúbidas, nestes días, como sabe, acadouse o acordo coa Fegamp, co único voto en contra do Bloque Nacionalista Galego, efectivamente, e pasamos de 12 euros a 18 euros no 2028, nun incremento progresivo que vai supoñer nesta lexislatura un 50 por cento máis para o SAF. ¡Home!, eu creo que, como lle dixo hoxe o presidente, imos ver que fan os alcaldes e alcaldesas do Bloque fronte a este tema. Vostede dirá que é unha chantaxe. Eu creo que é un esforzo importante de cartos de todos os galegos para cubrir un servizo esencial, *(Aplausos.)* e creo que estamos facendo unha aposta moi importante.

Iso si que teño que dicir que non é competencia desta consellería, é competencia da Consellería de Política Social, pero, do mesmo xeito que veño respostar en ámbitos da miña competencia, digo que apoio totalmente a acción do Goberno galego e creo que se está facendo un esforzo moi importante.

Polo tanto, eu aquí, respostando e cinguíndome ao protocolo, digo —unha de dúas—, señora Rodil: ou veñen aquí facer propostas —que as puideron facer tamén a través da Fegamp— ou ao que veñen é —como case sempre— facer ruído. Eu case creo que hoxe veu aquí vostede facer ruído. Só lle había que ver a cara cando viu que non viña a conselleira de Política Social, que parecía que estaba preparada... *(Aplausos.)* para darlle. Non lle digo con isto que me dea a min na segunda intervención, jeh!, senón que simplemente eu digo —e volvo repetir— que me limitei a contestar á interpelación. Creo que está suficientemente acreditado ao respecto e creo que, por respecto tamén a esta Cámara, iso é o que temos que facer en todas as nosas intervencións.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moi ben, moitas grazas.

Rolda de réplica, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Eu, señor González, creo que vostede ten toda a capacidade do mundo. Mire, creo que o mellor exemplo de que vostede como conselleiro de Emprego neste asunto non ten nada que dicir é que lle sobrou tempo; faltoulle —vamos— empezar a sacarse coellos da chisteira para ver como enchiamos os dez minutos *(Aplausos.)* que hai de interpelación, porque a vostede o servizo de axuda no fogar, vinculado á dependencia, non lle é competencia. O Goberno é solidario e manda a quen quere, e díxeno na primeira intervención e volvo repetilo nesta: para min é a mellor mostra do que lle importa á señora Fabiola García, como conselleira de Política Social, e ao Partido Popular na Xunta de Galiza, o servizo de axuda no fogar, *(Aplausos.)* as persoas dependentes galegas e a situación na que se atopan as traballadoras da axuda no domicilio neste país. Iso é o que lle importa: escondida; ben, realmente aquí, no edificio do lado, iso si, para sacar a foto, para poñerse diante dos medios de comunicación, na pre-



sentación dun informe sobre pobreza que está agora mesmo —se non me falla a memoria e o dato— presentando Cáritas aquí ao lado, cando todo o mundo sabe que aquí hai modificacións —como acabamos de ver— da orde do día para poder axustar as axendas.

E dígolle isto por unha cuestión: porque eu xa levo un tempo aquí traendo o servizo de axuda no fogar desde múltiples perspectivas, traendo a necesidade de protocolos de prevención de situacións de violencia e de protección e seguridade laboral para as traballadoras do SAF, e é a primeira vez, a primeira vez que vén responder alguén sobre esta cuestión que non é da Consellería de Política Social.

Pero —insisto— é a mellor mostra de que á señora Fabiola García, a conselleira de Política Social, e ao Partido Popular na Xunta de Galiza a dependencia, os dependentes e as traballadoras do SAF lles importan un *pimiento*, (*Aplausos.*) un *pimiento*.

E a outra demostración diso —e dixémolo desde o primeiro momento— é que nas negociacións dese protocolo non hai ninguén, ninguén, da estrutura da Xunta de Galiza que teña capacidade de decisión política para poñer, por exemplo, máis recursos económicos encima da mesa, que é a única maneira de garantir que se poidan levar a cabo as medidas de protección que propón o Issga nesa proposta de protocolo, señor González.

E volvo dicirlle o mesmo: ¿como se vai acompañar con dúas traballadoras nun domicilio en situacións onde se dea violencia se non hai capacidade económica e financeira para prestar nin sequera o servizo nas condicións en que está hoxe na inmensa maioría, por non dicir a práctica totalidade, dos concellos galegos? ¿Como se vai garantir, por exemplo outra das propostas que están nese protocolo, que é cando non se poida resolver a situación de conflictividade se lle ofrezca a esa persoa dependente ir a outro recurso como unha residencia se non hai prazas públicas en residencias de maiores e hai miles de persoas en Galiza que están recibindo unha axuda económica para poder pagar na privada o que o ámbito público, toda a rede pública de residencias ou concertada, non lle pode ofrecer?

Eu, señor González, creo que o que se merecía esta interpelación —non o Bloque, que o Bloque aquí é un intermediario da realidade—, o que se merecen as persoas dependentes galegas, as que están hoxe en situación de dependencia, e as que imos estar en situación de dependencia mañá, o que se merecen esas persoas é ter uns servizos públicos de coidado, de garantía de dereitos fundamentais, de benestar á altura das nosas necesidades.

E a proposta de financiamento que hai enriba da mesa, que é unha chantaxe e é unha imposición —é unha chantaxe e é unha imposición—, e oímolo aquí, nesta sesión plenaria: «se non o queren, que renuncien a eles», como se os cartos saíran dos petos e das carteiras do Partido Popular, cando é unha obriga legal, porque o establece a Lei de dependencia de 2006, que o servizo de axuda no fogar de dependencia se financie ao 50 por cento pola Xunta e polo Estado.

E fálame vostede do que pon, efectivamente, destinado ao servizo de axuda no fogar de fondos propios da Xunta e transferencias do Estado en materia de dependencia para 2026. Do que pon o papel ao que logo se executa, señor González, xa llo digo eu: desviacións de cré-



dito; recortándolle a ese orzamento en 2025 detraeron 17 millóns de euros; en 2024, 18 millóns de euros. ¿Por que? Pola incapacidade absoluta dos concellos deste país para poder prestar máis horas, porque non teñen nin recursos materiais nin humanos, nin sobre todo económicos, para poder facelo.

Eu traía tamén propostas; por suposto, nós sempre poñemos propostas enriba da mesa. ¿Sabe cando trouxo o BNG aquí que había que facer protocolos de seguridade ante situacións de violencia no servizo de axuda no fogar? No 2021. Vostede estaba nesta Cámara. ¿Sabe que votou vostede, señor González? En contra de facer (*Aplausos.*) eses protocolos. Entón, ¡home!, ¿que quere que lle diga? ¡A boas horas mangas verdes veñen vostedes cunha proposta de protocolo por parte do Instituto de Saúde e Seguridade Laboral! Tivo que morrer unha muller para que á Xunta de Galiza lle parecese que había que poñerse mans á obra traballando en medidas de prevención da violencia e protección das traballadoras.

Eu o que agardo —de verdade llo digo— é que a xente siga defendendo o que é xusto. E o que é xusto é que se financie ao 50 por cento —e hai un alcalde aquí— entre a Xunta e o Estado o servizo de axuda no fogar. Eu traía —insisto...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ..., e con isto xa remato, presidenta— dúas propostas. Unha, o que levamos reiterando desde 2004: que se incremente ese financiamento a 17 euros a hora con carácter retroactivo a xaneiro de 2025 para cubrir as licitacións, e ao horizonte de 20 a hora en 2027. E que se cumpra ao 100 por cen o financiamento por parte da Xunta...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...e do Estado en anos posteriores, como di a lei.

E para iso a proposta que formulamos, e que traeremos na moción, é que se artelle unha estratexia legal, e aí contarán co apoio do Bloque Nacionalista Galego, para reclamar xudicialmente o que o Estado español lle debe a Galiza en materia de dependencia. Terán...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...todo o apoio do BNG para reclamar o que é xusto e o que é de dereito para as persoas deste país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (José González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.



Agora, que levo aquí, neste Parlamento, uns cantos anos, acabo de enterarme de que o nivel da intervención depende de se se esgota ou non o tempo, señorías. Ese é o nivel. Se non falamos 10 minutos, é que non é importante o tema; temos todos que esgotar o tempo. *(Risos.)* Non se preocupe, que eu podo falar neste tempo dentro do ámbito da interpelación que se me fixo e, polo tanto, vou dedicarme a falar do que se me interpelou.

E, por outra banda, tamén —que é moi recorrente isto, señorías, no Bloque— todo o arranxan con 200 millóns de euros de plan. Se hai problema nun lado, 200 millóns, se hai noutro, 200 millóns e se hai noutro, 200 millóns. Pero, ¿é que non saben que os cartos públicos saen do peto dos galegos e das galegas, señorías? De aí saen. Igual vostedes, que non tiveron moitos anos —grazas aos galegos e galegas que votan— a responsabilidade de gobernar, non se dan conta precisamente de onde veñen eses cartos. *(Aplausos.)*

Mire, señora Rodil, eu dígolle dende o aprecio e o respecto que a indignación permanente fai que perda credibilidade. Eu rematei a miña primeira intervención dicíndolle, en relación con este protocolo —e, por certo, fago un inciso, revise cando deixei de ser eu deputado; que no 2021 xa non era deputado, e os conselleiros, ata onde eu sei, señorías, non votan, aínda que igual estou confundido—, que eu falei de diálogo, de debate, de colaboración, de aportacións ao Issga dentro do grupo de traballo creado pola Fegamp, pero o Bloque antepón sempre ideoloxía a todo o demais. É que non hai nada máis, e o que hai neste caso é unha indignación, que non creo que sexa ese o ton do debate no que estabamos falando.

Mire, dende o Goberno galego —e eu tamén, porque todos temos xente e todos vivimos no territorio e sabemos da importancia do SAF— somos totalmente conscientes do importante que é o SAF. E, por certo, falarei despois, pero collo o guante de que o Bloque nos vai apoiar na demanda dos 2.900 millóns de euros que nos debe o Goberno central nesta materia, que iso si que son cartos. *(Aplausos.)* Pero no ámbito do SAF e no ámbito das competencias deste que está falando aquí, dígolle que eu o que pedín é que ese protocolo se puxese en marcha canto antes e, sobre todo, outra cousa, sempre —como fago no meu ámbito de competencias— con maior colaboración co resto dos implicados, neste caso a través da Fegamp. Como lle dixen antes, os recursos públicos son limitados e hai que xestionalos —creo que os do PP, os do Goberno galego, así o teñen acreditado— con cabeza e criterio. Eu creo que neste debate probablemente o que nos separa é que nós, a diferenza de vostedes, e, dende logo, dos seus socios do Goberno central, non pregoamos pan para hoxe e fame para mañá. Nós somos conscientes de que dos mesmos recursos dos cales en gran parte se dota o SAF, tamén se dotan, señorías, outros servizos esenciais, como son a sanidade, a educación ou a dependencia residencial. É que estamos a falar dun volume de cartos públicos absolutamente extraordinario.

O que teño que dicir tamén é que a priorización do gasto é unha decisión política lexítima, é unha decisión que ten que tomar quen goberna, e esa decisión foi a de incrementar —e creo que dun xeito moi substancial— o financiamento autonómico do SAF durante a presente lexislatura. Por recordarlle: ata o de agora, 12 euros; no 2026, 16 euros por hora, e lembren que no 2026 están orzados 148 millóns de euros. É do que estamos falando, de 17 euros en 2027 e de 18 euros en 2028. Eu creo que é unha proposta, un esforzo orzamentario, moi importante. Por certo, un esforzo orzamentario —eu non estiven presente, pero foi así— aprobado por maioría na Comisión executiva da Fegamp; iso si, co voto en contra do Bloque.



Trátase, señorías, dun paso importante na negociación entre a Fegamp e a Xunta, e sobre todo de cara ao apoio directo aos concellos neste eido; adicionalmente, tendo en conta, como xa dixen —e repítoo agora—, a desatención á que estamos acostumados por parte do Goberno central. Eu simplemente —non por acabar o tempo de intervención, senón por aclararlllo e volver ao obxecto da interpelación— quero dicirlle que neste protocolo me din —porque eu falei coa xerente do Issga antes de vir aquí— que se avanzou hoxe na reunión de xeito moi positivo e que nela, por certo, había representantes tamén de política social. Este protocolo, logo, vai ter que contar coa participación... (*Murmurios.*) —¡non dá calado!, e mire que eu a respecteí mentres falaba—. O que digo é que ten que ser logo aplicado polos prestadores dos servizos, que son basicamente os concellos e tamén as empresas concesionarias; polo tanto, as empresas prestadoras do SAF.

Eu repito que, no que se refire ao protocolo, o orzamento do Issga contempla neste ano 2026 as actuacións que sexan necesarias para a súa implantación. No que se refire ao financiamento do SAF, creo que quedou aquí claramente explicitado que nós apostamos por ese incremento de financiamento e que o Bloque non o considera suficiente. Ese é o punto central do debate.

Eu remato pedíndolle, como lle dixen xa antes, que temos que preguntarnos todos —porque agora estamos vendo que todos son bonos e todo son aprobacións no Goberno central de moitos cartos para moitas cousas— cando vai cumprir os seus deberes para con Galicia. E seguro que a conselleira de Política Social pensa o mesmo exactamente ca min; agardo que sexa así, porque, como di o presidente, «tan bravos aquí e tan mansos alá». Espero que o Goberno central asuma as súas responsabilidades coa Lei de dependencia e que aporte o 50 por cento de financiamento.

Pero remato aquí agora dicíndolles, señorías, que ese compromiso —e aquí si que falamos de cartos— son 2.900 euros que lles deben aos galegos e ás galegas. ¿De que estamos falando aquí, de negociación da Xunta de Galicia en relación co SAF, cando isto é polos seus socios de goberno e polos representantes do Partido Socialista?

Polo tanto, eu pido que, por favor, isto se cumpra e, evidentemente, que se dote financeiramente a Xunta de Galicia con estes cartos. Dentro da competencia que temos como Goberno galego, asumiremos todas as consecuencias ao respecto en canto ao financiamento.

Señorías, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación das deputadas María Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan galego de saúde invernall 2025-2026

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.



Moi boa tarde.

Boa tarde, conselleiro.

Mire, hoxe pola mañá, na sesión de control ao presidente da Xunta, a voceira do BNG, a señora Ana Pontón, preguntáballes polas medidas que se deben tomar para solucionar os graves problemas da situación sanitaria en Galiza, e tivo a indecencia de non contestar absolutamente nada. É unha indecencia e unha falta de respecto aos galegos e galegas, que están sufrindo as consecuencias das políticas sanitarias e que ven como o presidente do seu goberno non ten nada que dicir ao respecto nin aportar absolutamente ningunha solución, absolutamente ningunha solución. *(Aplausos.)*

Por iso, eu agardo que vostede non vaia polo mesmo camiño e teña algunha alternativa, porque, mire, como cada inverno, as infeccións respiratorias puxeron ao límite o sistema sanitario galego, porque a sanidade pública galega está tensionada permanentemente, especialmente os centros de saúde, as urxencias hospitalarias, os PAC..., que xa non teñen profesionais para o día a día, e menos para atender un aumento da demanda, e xa non digamos diante do que pode ser unha epidemia como a gripe. Están os equipos humanos esgotados e vostede, como única alternativa, como máximo responsable da sanidade, o único que fai é pedirllles máis esforzo, pedirllles que traballen un día máis, pedirllles que traballen unhas horas máis, pedirllles que saian dunha quenda de garda e que fagan outra quenda de garda. Co cal, os profesionais están ao límite e a poboación sofre esas consecuencias; sofre as consecuencias de que non haxa profesionais e de que estes non estean en condicións para poder prestar unha atención sanitaria de calidade. Hai atrasos para conseguir citas nos centros de saúde de semanas e horas de espera nos PAC, atrasos e horas de esperas en Urxencias para ser atendidos, para conseguir unha cama. Isto o que dá é, efectivamente, unha desatención e, polo tanto, ten consecuencias. Ten consecuencias porque unha persoa que non estea ben atendida, que non estea atendida polo número de profesionais que debería e cando o precisa, ten consecuencias na saúde e na vida das galegas, señor conselleiro.

Polo tanto, o primeiro que lle queremos preguntar é: ¿en que consistiu o Plan de inverno que puxo en marcha o Partido Popular na Xunta de Galiza para atender a sobredemanda que todos os invernos se produce? ¿En que consistiu? Porque os profesionais non coñecen que ningunha das xerencias lles presentasen absolutamente ningún plan de inverno; non coñecen ningún plan de inverno. O que din é que a eles non llelo presentaron. O BNG reuniuse con varias xuntas de persoal... *(O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, pronuncia palabras que non se perciben.)* Di: ¡Bah! Claro, a Xunta de Persoal só son os representantes lexítimos dos traballadores elixidos democraticamente, *(Aplausos.)* que vostede non respecta, e acaba de facer unha mostra clarísima desa falta de respecto dicindo «¡bah!». Cando dixeran xuntas de persoal, ¿que fixo, conselleiro? Claro, ¡bah! Pois son os representantes lexítimos, aos que vostedes deberían respectar e ter como interlocutores, porque iso é o que di a lei. Bueno, claro, é o que di a lei, pero vostedes *se lo pasan por el arco del triunfo*. Pois non o coñecen, o que nos trasladan é que non coñecen eses plans de inverno. Entón, ¿cal foi o plan de inverno para garantir unha atención digna aos galegos e galegas cando o precisan? Non llelo fixeron chegar aos profesionais. Non coñecemos eses plans de inverno, o que si coñecemos é a situación, o que si coñecemos é a realidade, e vou mostrarlle unha realidade cos



deputados e deputadas do BNG que están aquí neste hemiciclo, que representan, xa que son exemplo da pluralidade da situación no país, porque cada un e cada unha é dun sitio diferente. Hoxe fixemos unha proba en tempo real de cal é a súa situación para acceder ao seu centro de saúde, e vou dicirlle o que hai: Cristina leva cinco anos sen ter médico asignado. Cada vez que precisa atención aténdea un diferente e ten que ir presencialmente, porque non lle dan cita telemática. Iria Carreira no mes de febreiro só ten cita para un día no seu médico de cabeceira; Luís Bará e Saleta, dentro de 9 días; Paulo Ríos, Mon Fernández e Iria Taibo, dentro de 11 días. Iria non ten cita para a matrona e para o control de saúde do seu neno só ten un día en febreiro. Mercedes e Ariadna, dentro de 8 días. Eu mesma estiven agardando 13 meses para unha endoscopia e non teño cita para unha analítica no meu centro de saúde. No Cunqueiro, 700 urxencias atendidas nun día; no CHUS, 500 urxencias atendidas no día; no CHUAC, teñen as urxencias desbordadas e teñen convertido en estrutural os corredores; en estrutural. Unha persoa que está nun corredor xa ten o sitio, está no posto un, no dous ou no tres, como se fose un espazo máis. (*Aplausos.*) ¡É unha auténtica barbaridade, unha auténtica barbaridade! No Hospital do Salnés xa non fan ecografías, derívanas todas —¡como non!— ao Quirón, e quen se negue a ir ao Quirón, ¿que pasa? Que leva anos, ou máis dun ano, agardando —e podo darlle nomes— e agardando. O Montecelo e o Cunqueiro quedaron sen camas para abrir neste pico invernal. Os PAC de Cangas ou da Guarda tiveron días de non ter nin un só médico. Manolo ten indicación de realizar as revisións dunha doenza grave cada seis meses. Tocáballe revisión en xaneiro de 2025. Despois de bastantes reclamacións, ten a revisión para este mes de febreiro; é dicir, máis dun ano despois de cando lle tocaba. Ramón está agardando desde novembro por unha proba diagnóstica, por unha resonancia magnética urxente, diante unha sospeita de cancro.

Podo dicirlle, señor conselleiro, que un veciño de Soutelo —esta é unha nova de hoxe— morre agardando unha ambulancia que tardou 40 minutos. (*A deputada Montserrat Prado Cores mostra un documento.*) Isto pasa un día si e outro tamén, non sempre salta aos medios de comunicación. Esta é outra nova de hoxe. (*A deputada Montserrat Prado Cores mostra un documento.*) Ou a denuncia de que a súa nai morreu en Urxencias; estivo máis de tres horas de espera. É moi duro ver morrer a túa nai en Urxencias sen ser atendida por un médico por falta de persoal, por estar saturados; é moi duro ver a túa nai agonizando nun corredor de Urxencias.

Esta é a situación, señor conselleiro. E voulle poñer algo máis: onte houbo un grave accidente aquí, na AP-9, con múltiples vehículos involucrados. Dentro das persoas afectadas hai dous deputados deste Parlamento, ao que de novo o BNG lles desexa pronta recuperación. Pero, ¿que pasou, señor conselleiro? Que a ambulancia medicalizada tardou 30 minutos, a única que hai en Santiago. ¿E que máis pasou, señor conselleiro? Que non está operativo o helicóptero de emerxencias. De novo non está operativo e vostedes non lle exigen á empresa que estea operativo. Afortunadamente, as lesións non eran cuestións de vida ou morte, pero, se chegasen a ser, o helicóptero desde A Lavacolla estaría no sitio do accidente en 5 minutos e unha ambulancia medicalizada tardou trinta. Esta é a situación real da sanidade pública no noso país en tempo real. Non estou falando de datos de hai non sei cantos meses, estoulle falando en tempo real, señor conselleiro; polo tanto, isto non é casualidade, ¿sabe? Non é casualidade, porque é consecuencia das políticas sanitarias do Partido Popular, porque Galiza é a segunda comunidade do Estado que menos inviste en atención primaria, só por detrás



de Madrid; ten o número máis baixo de médicos de familia nos últimos quince anos —datos dados por vostede, señor conselleiro; Galiza sitúase por debaixo da media do Estado en número de especialistas en medicina familiar e comunitaria; a atención primaria conta co menor número de prazas nos últimos quince anos; é a cuarta pola cola dos que peor pagan o persoal; e a media de espera para o médico de familia é de oito días—a media, porque hai meses enteiros, como acabamos de comprobar—. Segundo o barómetro sanitario, o 20 por cento dos doentes que necesita unha consulta en atención primaria afirma que non a conseguiron e o 38 por cento que acudiron a Urgencias. Diante disto —menos sanidade pública—, hai un aumento de recursos públicos para a sanidade privada. (*Murmurios.*) Neste ano, en concertos, 261 millóns de euros, aos que se lles sumamos o canon, o que hai que pagar do Álvaro Cunqueiro, estaríamos en 341 millóns de euros. O 40 por cento das altas dos hospitais privados galegos finánciase con cartos públicos. Isto dío un informe do Ministerio. Ou tamén que o Sergas deriva unha parte importantísima das ambulancias maiores ambulatorias aos hospitais privados e son pagadas —máis do 50 por cento— con cartos públicos. Estes son os datos, efectivamente. Tamén que a taxa de temporalidade, señor conselleiro, en enfermería é do 54 por cento. Non teñen profesionais e resulta que teñen o 54 por cento na temporalidade, e o 48 por cento de profesionais de medicina tamén na temporalidade.

Entón, señor conselleiro, ¿vai vostede explicar neste Parlamento que medidas van poñer en marcha para atender os galegos e galegas? —lémbrolle que hai 360.000 galegos e galegas en lista de espera hospitalaria—. Si, señor conselleiro, ¿vai algunha vez —hoxe, por exemplo— poñer ou explicar algunha medida para solucionar os problemas da sanidade pública de Galiza, ou van seguir botándolle a culpa ao empedrado, como dixo o presidente da Xunta e vostede mesmo, e agardar nestes picos da gripe a ter persoas nos corredores, atendidos nos corredores, morrendo nos corredores? Pero é o normal, pasa todos os anos. (*Murmurios.*) Pois xa lle digo que non é normal, que a xente non acepta iso como normal e que este domingo Compostela vai ser un clamor exixíndolle a rectificación e a defensa da sanidade pública do noso país. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

Novamente, señora Prado, teño que lamentar que esta interpelación naza do seu interese; non de mellorar a sanidade pública galega, senón máis ben de denigrala e de deostala. Non hai outra maneira de entender a paisaxe catastrofista, dramática, de batalla, cunha exhibición, ademais, das citas que solicitan os parlamentarios do seu grupo. (*Murmurios.*) Bueno, ¡que máis dá! Sexa verán, sexa inverno, para vostede todo sempre está mal, obviando a alta calidade dos servizos da sanidade pública galega. (*Aplausos.*) En todo caso, gustaríame empezar explicando algo moi sinxelo. É evidente que no inverno sempre aumenta a demanda asistencial porque medran as infeccións respiratorias e tamén medran as descompensacións de patoloxías crónicas tanto respiratorias como cardíacas. Neste inverno houbo días com-



plicados de maior presión asistencial, como todos os anos por estas datas, e nada que fose urxente, señoría, quedou sen atender.

Ao mellor é que vostede iso non o sabe, como tamén pode ser que non saiba que os sistemas sanitarios de toda España están a padecer as consecuencias das folgas médicas contra o Estatuto marco que impulsa a ministra de Sanidade. Unha cousa son as infeccións respiratorias propias de todos os invernos, e outra son as folgas reiteradas de médicos. Non é o mesmo. A diferenza, señora Prado, está en dúas cuestións fundamentais.

A primeira delas está precisamente nese Estatuto marco do Goberno central ao que vostede non se referiu, porque por culpa do Estatuto marco do Goberno central a sanidade pública galega —e a das demais comunidades— está a verse inmersa nunha espiral de folgas de facultativos que obrigan a pospoñer miles de atencións a pacientes en cirurxías, probas diagnósticas e consultas. Estamos a falar nada máis e nada menos que de máis de 80.000 actos asistenciais suspendidos por mor da folga contra o Estatuto marco só entre os meses de decembro e xaneiro. ¿De verdade cre vostede que catro días de folga médica en decembro, dous días de folga en xaneiro e a semana de folga que os médicos teñen convocadas todos os meses de aquí ao verán van pasar sen ter consecuencias e impacto na asistencia sanitaria de todas as galegas e galegos? ¿Ou é que directamente non lle preocupa porque non lle pode botar a culpa á Xunta? Ao igual que me pode explicar —a min e a todos os galegos— por que o BNG non levanta a voz contra un texto do Goberno central que o sindicato nacionalista parece —iso si— que rexeita. Non sei se vostedes están un pouco descompasados.

A segunda diferenza da que lle falaba radica en como se responde ante situacións complexas. Este goberno faino con planificación e con responsabilidade. Así actuamos ante as vagas anuais de infeccións respiratorias. E, fronte ao seu ruído, vou expoñer con rigor e con datos que o Servizo Galego de Saúde preveu, anticipouse, planificou, reforzou e coordinou a resposta asistencial fronte a maior demanda da época invernal. Mire, o Plan de inverno, que está publicado —está publicado o Plan de inverno—, é unha folla de ruta completa que combina prevención, seguimento epidemiolóxico, organización asistencial, reforzo de recursos e monitorización continua do que pasa en cada unha das áreas sanitarias. A súa finalidade é clara: garantir que, cando a demanda sobe, a atención se siga prestando con calidade, con seguridade e coa mellor organización posible. E iso tradúcese en algo fundamental: en que o sistema sanitario no seu conxunto funcione axeitadamente.

Señora Prado, non sei se se lembra, pero puxemos en marcha o Plan sanitario de inverno a mediados de novembro, semanas antes de que o Ministerio de Sanidade convocase o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para abordalo. Isto —que eu saiba— é planificar, isto é anticiparse, ao igual que prevención e planificación é a campaña de vacinación, ¿ou non? A campaña de vacinación iniciámola en setembro e permitiu que máis de 882.000 galegos e galegas se inmunizasen fronte á gripe e que se reforce con accións extraordinarias cando as infeccións se adiantan ou intensifican.

E planificación tamén é a rede de vixilancia que establecemos coas farmacias centinela, que permite anticipar o incremento de procesos respiratorios da comunidade cos datos de venda de medicamentos vinculados a infeccións respiratorias. Así, conforme o previsto nos infor-



mes de seguimento e sistemas de vixilancia epidemiolóxica, afrontamos mellor preparados os picos de demanda asistencial, que foron asumidos polos servizos de urxencias hospitalarias e pola atención primaria. Esa planificación permítenos que a atención primaria, os puntos de atención continuada e hospitais actúen con criterios clínicos por diante e co obxectivo de que cada persoa sexa atendida no recurso adecuado ao seu nivel de gravidade. Cando se fala de urxencias no inverno é clave entender esta arquitectura. Un sistema sanitario sólido non é o que mete todo no hospital, é o que resolve moito antes, preto de casa, con profesionais que filtran, diagnostican e resolven, derivando só cando é necesario.

É aquí onde se desmonta o primeiro dos seus relatos alarmistas, porque a rede extrahospitalaria de urxencias funciona. Pese ao que poidan dicir, os datos amosan que os PAC e a atención primaria estiveron a soste unha parte decisiva da demanda sanitaria urxente e que resolveron neste nivel a maioría das urxencias. Exemplo: na Área Sanitaria de Vigo, entre o 23 de decembro e o 6 de xaneiro, os nove puntos de atención continuada atenderon 14.579 urxencias, cunha capacidade de resolución de arredor do 90 por cento. (*Aplausos.*) Na Área Sanitaria de Lugo, Mariña e Monforte de Lemos, os 18 PAC asumiron 11.560 urxencias entre esas datas, o que supón case 800 asistencias ao día fóra dos hospitais. Na Área Sanitaria da Coruña e Cee, os PAC atenderon 13.956 urxencias no Nadal, por riba das rexistradas no principal hospital da área, e cunha derivación ao hospital por debaixo do 7 por cento.

Estes datos evidencian que a rede de atención primaria soportou unha carga moi importante, evitando que todo rematase en urxencias hospitalarias, e que as derivacións a hospitais se fagan cando hai criterio clínico e necesidade, non por rutina. Por suposto, cando a presión aumenta, tamén os hospitais están preparados, e este inverno, como sempre facemos, habilitamos recursos cando foi preciso.

Para que se fagan unha idea: nesta tempada tivemos unha capacidade hospitalaria que chegou a 7.007 camas; habilitamos 250 camas máis que durante o inverno anterior; atendéronse 150.961 urxencias hospitalarias, as mesmas atencións que o ano pasado e menos que os anos previos. Non é propaganda, senón xestión e planificación, grazas a que contamos cun plan de continxencia que inclúe o reforzo dos recursos e dos espazos extraordinarios cando resulta preciso. Iso demostra que a sanidade pública galega está preparada, que funciona, que é capaz de facer fronte ao incremento de demanda asistencial e de dar unha resposta axeitada e coordinada, e iso aínda a pesar das consecuencias das folgas de médicos contra o Estatuto marco do Goberno de España, que están a impactar de maneira brutal no noso sistema sanitario público.

Señoría, se falamos de momentos de máxima presión asistencial e de responsabilidade política, tamén deberían vostedes mirar cara a ese lado e decatarse do que está a ocorrer no conxunto do Sistema nacional de saúde. Porque esas protestas contra o Estatuto marco promovido polo Ministerio de Sanidade provocan paros que afectan de maneira directa a asistencia sanitaria —nas consultas, probas diagnósticas e intervencións—, e o máis preocupante é que esa conflitividade non aparece por xeración espontánea, aparece por falta de negociación e por unha xestión deficiente dunha reforma que debería facerse co consenso de todos e coa participación real dos profesionais e das comunidades autónomas. Nun momento no que o sistema está sometido a unha presión estacional é unha auténtica irrespon-



sabilidade engadir máis tensión por non sentarse a tempo e por non construír acordos. Iso é o que lle deberían pedir vostedes á ministra: diálogo e acordo en torno ao Estatuto marco para evitar as graves consecuencias asistenciais.

Reflexionen sobre a súa actitude de defensa do Goberno central, porque detrás de cada proceso asistencial paralizado por culpa do Estatuto marco hai unha persoa esperando. Nós seguiremos insistindo nas nosas demandas ante o Ministerio e traballando, como sempre fixemos, con medidas como o Plan sanitario de inverno, que puxemos en marcha, e co que logramos capear, con anticipación, planificación e incremento de recursos, uns días moi complicados, fundamentalmente agravados polos paros médicos a nivel nacional. *(Aplausos.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Señor conselleiro, eu lamento que vostede non teña nada que dicir dos casos reais. Eu faleille dunha consulta que fixeron hai unha hora os deputados do BNG. Poden facela os deputados do Partido Popular, igual tamén sería interesante ver a comparación, ¿non? ¿Ou sempre pensan os do Partido Popular que se non teñen cita ou se chegan a Urgencias e hai unha demora de catro horas para ser atendidos, ou logo de varios días para ser ingresados, sempre van ter a alguén a quen chamar para que llelo axilien e non van pasar por onde teñen que pasar o resto dos galegos? *(Aplausos.)* Non, non, señor conselleiro, porque se fosen conscientes de que a eles e a elas tamén lles fose pasar, seguramente non farían os espaventos cando traemos aquí os casos reais dos galegos e das galegas; seguramente non farían eses espaventos, porque estes son casos de hoxe, datos de hoxe, pero podíamos traer aquí moitísimos máis, e vostede sábeo. E diante desta situación dramática, *(Murmurios.)* lémbrolle que vostede é o conselleiro de Sanidade e que vostede ten competencias para contratar persoal, para estabilizalo, para que non sexa o cincuenta por cento eventuais. Ten competencias para mellorar as súas condicións laborais. Ten competencias, señor conselleiro, o caso é querer exercelas. ¿E cal é a situación? Que o Partido Popular está máis cómodo, para iso está no Goberno. Sabe moi ben de que lado está. E non hai máis que ver o regueiro dos cartos que saen directamente da Xunta. O regueiro dos cartos que saen directamente da Xunta van para esas empresas, na maior parte multinacionais, señor conselleiro. Porque ademais vostedes destinan cartos da sanidade pública á sanidade privada e, ademais, en mans de multinacionais que só buscan o negocio, non lles importa absolutamente nada a saúde dos galegos e das galegas.

Eu onte saqueille aquí aos deputados e deputadas do Partido Popular como actúa Povisa, pedindo que se faga todo o posible para aos doentes da pública, que non aportan valor, dedicarlles menos tempo, non facer probas, para dedicarlles ese tempo aos doentes da privada. Hoxe acabamos de ver que en Povisa non hai dermatólogos, que veñen na fin de semana; igual que non hai cardiólogos suficientes, veñen na fin de semana. E vostedes, por encima, destinan inxentes cantidades de cartos á privada e nin sequera lle exigen que atendan a po-boación nunhas mínimas condicións dignas. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*



E mire, como cada inverno, aumenta a demanda asistencial. E, como cada inverno, o Partido Popular non fai absolutamente nada, agarda a que pase. Porque, ¿sabe? Vostedes non presentaron un plan de inverno, non llelo presentaron aos profesionais; e o que coñecemos —que só o teñen alí nunha gabeta para dicir que o teñen—, ¿en que consistiu ese plan de inverno do Partido Popular? En atención primaria, que se viron e se seguen vendo desbordados, nin un só reforzo; non contemplaba contratar absolutamente ninguén para a atención primaria. ¡Ninguén! Coa situación na que están, ninguén. Esa é a realidade, se non desmíntao vostede aquí. ¿Cantos reforzos contrataron para a atención primaria? E no hospital, ir por detrás, señor conselleiro. Ir por detrás. O plan de inverno consistía en que cando Urxencias tiña 30 ou 40 persoas agardando por cama, abrir camas. ¿Que significa abrir camas? ¿Darlle a un botón, como acender a luz? *(Pausa.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, enfermería E logo, no mellor dos casos, auxiliares —Tcae—.

Vostedes veñen co mantra de que non hai médicos. Si, si... ¿Non hai celadores?, ¿non hai psicólogos clínicos?, ¿non hai persoal de limpeza que se necesita para esas camas?, ¿non hai persoal de lavandería?, ¿non hai persoal de cociña?, ¿non hai persoal de ambulancias? Que, a pesar de todas esa sobredemanda, vostedes non aumentan. Hai absolutamente todos eses profesionais. O mantra seu —o do Partido Popular— é dicir que non hai profesionais, cando hai do resto das categorías; mais vostedes no contratan ninguén e téñenos a todos nunha situación de saturación infame, que están dicindo que non poden máis, señor conselleiro, que non poden máis. *(Aplausos.)*

Polo tanto, toda a xente que nos está mirando, ou a que non está mirando e se ve reflectida no que hoxe aquí trae o BNG; en todas esas demoras para a atención primaria; en Manolo, que ten que ter a revisión hoxe e non a ten ata dentro dun ano; en Ramón, que está coa angustia de saber se ten un cancro ou non e non lle fan unha resonancia magnética urxente. Que se ven reflectidos en estar agardando horas en Urxencias, amoreados nos corredores, sen a máis mínima intimidade, sen a máis mínima dignidade, nin eles nin os profesionais. Os que están en camas, en habitacións triplicadas, que non pode nin chegar. Todos eses non cren nada do que vostede aquí está dicindo. E saben que están agardando por unha ambulancia que non chega, *(A deputada María Montserrat Prado Cores amosa un documento.)* ou esta situación que parece límite dunha persoa a agonizar nun corredor con outras moitas, sen que os profesionais poidan atendela, porque non teñen mans. Desgraciadamente, non é un caso illado; non son casos illados, señor conselleiro, non son casos illados.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Esta é a realidade do día a día. E, polo tanto, diante desta realidade, vostedes si que poden facer cousas: aumentar o orzamento para a atención primaria. Ese plan de atención primaria que seguen tendo nunha gabeta. Ter todos os recursos da pública operativos en quendas de mañá e tarde —se fai falta en fin de semana— para baixar as listas de espera. ¿Por que a privada pode traballar as tardes e as fins de semana facendo probas diagnósticas tendo quirófanos e a pública non? ¡Ah! Porque, se o fai a pública, vostedes logo non poden derivar todos eses pacientes para a privada, ¿verdade? Ese é o problema: que, se a pública funciona ben, ninguén ten necesidade de ir á privada; e, se a pública



funciona ben, vostedes non teñen a escusa de dicir que vaian á privada. E iso é polo que traballa o Partido Popular, para a privada...;

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...sexa no espolio do país...,

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...sexa no mar, sexa no agro, sexa na eólica ou sexa na sanidade pública.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Esa é a realidade do Partido Popular.

Grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señora Prado, ese mantra da privatización da sanidade pública galega é mercancía avariada. É unha idea zombi que manteñen no tempo. Porque imaxino que a capacidade de innovación ideolóxica é restrinxida e entendo que pode estar moi ben para encaixar nunha conversación cun sovieta do século pasado, pero na realidade da Galicia de hoxe non pinta nada. (A deputada María Montserrat Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Fala de Povisa. ¿Quen blindou Povisa, señora Prado? ¿Teño que volver sacarlle o acordo firmado por vostedes? ¿Quen blindou Povisa? ¿Canto gastaban vostedes en concertos na época do Bipartito, señora Prado? Dígamo.

E encima menten máis que falan, isto é impresionante. *Faro de Vigo*, o martes 27 de xaneiro, un portavoz desa plataforma que vostedes controlan —literal—: «Para hacerse una ecografía en un hospital público tienes que esperar meses y meses, pero si aceptas que te hagan la prueba en uno privado vas antes. Solo que esa ecografía a cada administración le cuesta 200 euros; si se hace en uno privado, le cuesta 1.000 euros.» ¡Non! ¿Sabe canto custa unha ecografía nun concerto que hai no día de hoxe na Coruña e en Vigo? 35 euros. (Murmuros.) ¡35 euros! (Risos.) Bueno, «Pinocho» quédase curto. (Aplausos.)

E despois fala de colapso. Colapso implica destrución, implica paralización. Que eu saiba, o CHUS segue en pé e o Servizo Galego de Saúde está cos picos máximos de actividade en todo o ano; polo tanto, o da paralización non o vexo por ningún lado. Afortunadamente, nunca



—señora Prado, por moito que insista— o Servizo Galego de Saúde se veu colapsado, nin no peor momento da pandemia.

Tamén me gustaría insistir na necesidade de que faga unha reflexión. Porque falan de «colapso», falan de «caos», pero non están dispostos a facer autocritica e a recoñecer que quizais se o persoal médico non se vise abocado a manifestarse contra o estatuto marco, a presión asistencial deste inverno sería outra. Temos os médicos indignados por culpa dun Executivo central e dun Ministerio que non queren escoitar e negociar.

Fala das condicións do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde. Moi ben, pois xa sei que non lle gusta, pero a Xunta, no marco das competencias autonómicas, logramos acordar co persoal da sanidade pública melloras salariais e laborais: logramos a redución de xornada a 35 horas semanais neste ano, unha medida que tamén beneficia o persoal médico. Logramos aprobar —fixémolo a semana pasada no Consello da Xunta— novas melloras retributivas e de xornada para persoal do Servizo Galego de Saúde; melloras con efecto desde o 1 de xaneiro, que benefician fundamentalmente o persoal dos puntos de atención continuada, publicado no *DOG* de hoxe. Pero tamén manterlle os horarios e a xornada ao persoal de primaria e hospitalaria que teña un réxime semanal de 35 horas; aplicaráselle os mesmos días de compensación por festividades que coincidan en sábado que se establecen para o persoal da Administración xeral da comunidade.

Xa sei que non lle gusta que cheguemos a acordos cos sindicatos, e menos cando o sindicato nacionalista queda fóra... A diferenza é como uns e outros afrontamos as reivindicacións e as demandas: uns con diálogo e vontade de negociación para chegar a acordos e outros facendo oídos xordos, pretendendo reformar a norma que regula o marco do traballo do persoal sanitario sen ter en conta as demandas dos profesionais que asumen o maior nivel de responsabilidade.

Mire, señora Prado, activamos un plan sanitario de inverno desde mediados de novembro. Galicia leva apostando por campañas de avaliación e por estratexias preventivas que reducen complicacións. Iso ten un efecto directo: a vacinación reduce a probabilidade de padecer unha enfermidade grave e iso tamén é planificación —e eu entendo que non entenda, pero é planificación—, reduce pneumonías e complicacións e reduce ingresos hospitalarios. Ese é o impacto máis importante no sistema sanitario: menos persoas con complicacións, menos hospitalizacións, máis capacidade para atender quen realmente o necesita. Insisto en que todos os anos se dan estes picos na demanda asistencial, derivados das infeccións respiratorias típicas do inverno. E, fronte ao que vostedes chaman «colapso», a realidade é bastante semellante á de todos os anos, coa diferenza deses paros en decembro e en xaneiro que agravaron a situación e complicaron a asistencia.

Pídolles rigor. No Servizo Galego de Saúde hai planificación, hai reforzos cando son precisos, hai traballo e a implicación de miles de profesionais. As urxencias do PAC funcionan, non se deixa ninguén sen atender nas urxencias hospitalarias, segundo o método de triaxe internacional, e priorízase o realmente importante para poder salvar vidas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos a sesión ata as 16 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Boa tarde a todos.

Reanudamos a sesión coas preguntas ao Goberno.

Pregunta da deputada Patricia Iglesias Rey e do deputado Carlos López Font, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para garantir a suficiencia de prazas de autobús desde Carballo ata A Coruña

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para facer a pregunta, ten a palabra a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Moitas grazas, presidenta.

O primeiro de todo, señor Calvo, o meu máis sentido pésame polo falecemento do seu pai; sei ben o que se sente.

Señor conselleiro, imos falar do transporte público por estrada na comarca de Bergantiños, porque a situación xa non é unha molestia puntual nin un problema menor; é unha falla estrutural —cremos nós— que afecta cada día moitas persoas da bisbarra. Os feitos están perfectamente acreditados e a realidade tamén é teimuda. Temos a liña de bus Carballo-A Coruña, e os buses que chegan pola mañá cedo de Fisterra e Muxía entran en Carballo sen prazas, deixando persoas usuarias tiradas cada mañá —persoas que van traballar, estudar ou a unha cita médica ao CHUAC—. O seguinte servizo xa non é directo; tarda o dobre, e converte 30 quilómetros nun calvario. Na estación da Coruña, Arriva decide quen sobe e que non en función do destino final, tendo preferencia os que van a Fisterra. Nós cremos que iso é discriminatorio, arbitrario e sen unha base legal nin un protocolo establecido claro, e vostedes sábeno ben. En vez de corrixir isto, o Goberno decidiu facer algo que sabe facer moi ben: promesas, propaganda..., que logo non cumpren, porque, despois de que se levase este problema e se debatesese neste Parlamento, anunciaron que, a partir do 6 de outubro, o bus das oito da mañá desde Carballo ía incrementar a capacidade para garantir esas prazas e que non quedase xente tirada en Carballo. Pois ben, hoxe a situación non mellorou. Dígollo eu, porque teño familiares, teño coñecidos que todos os días collen ese bus das oito da mañá.

Logo está o bus de Carballo a Santiago, que, evidentemente, leva anos perdendo frecuencias dende que vostedes gobernan. Os horarios cambian sen ton nin son, sen previo aviso, sen criterio..., e cando alguén quere preguntar, ¿a quen chama? A estación de Carballo, señor Calvo, é unha auténtica estación fantasma. Está abandonada, sen oficinas, sen información e, sendo sinceros, dá incluso medo pola noite. Pero a súa aplicación, Bus.gal, é un auténtico fiasco —e sábeo tamén—; non ten información sobre os horarios dos buses da que te poidas fiar.



Señor conselleiro, esta comarca está farta tamén de chapuzas, farta de improvisacións e farta tamén de sentirse tratada como un territorio de segunda. Mire, dígolle dende o respecto, pero con toda a retranca galega que podo: aquí quen necesita protección non é unha deputada do Partido Socialista; é a veciñanza da comarca. É xente que madruga, xente que estuda, xente que vai traballar, e que non sabe se vai ter praza no bus ou que horario vai ter. Por iso lle pregunto de maneira moi, moi sinxela e simple: ¿que medidas reais, con datas e con garantías, vai adoptar para mellorar o transporte público de estrada na comarca de Bergantiños?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señoría, a verdade é que a conexión entre Carballo e A Coruña conta cunha oferta bastante ampla de servizos, aínda que vostede faga unha referencia moi puntual, obviando todos os demais. Fíxese: de luns a venres, hai 58 autobuses ao día —29 por sentido—, e 18 deles son directos —11 de Carballo á Coruña e 7 da Coruña a Carballo—. Durante a fin de semana, hai 15 expedicións en cada sentido, practicamente unha cada hora ao longo do día. É, sen dúbida, un eixo de comunicación fundamental e, ademais, así o acredita o número de usuarios que vai tendo cada ano. Fíxese, no ano 2023, sumaron en ambos sentidos 235.000 viaxeiros; no 2024, incrementouse un 16 por cento, e no 2025, a tendencia segue á alza e incrementouse en 290.000. Pero a alza non se limita única e exclusivamente a esta liña entre Carballo e A Coruña, senón que, por exemplo, A Laracha-A Coruña, no ano 2024, incrementouse un 17 por cento con respecto ao 2023, e un 7 por cento no ano 2025; ten máis de 94.000 viaxeiros ao ano. E Arteixo-A Coruña, igual: medrou un 10 por cento no 2024 con respecto ao 2023 e un 5 por cento no 2025 con respecto ao 2024. Ou a liña Fisterra-A Coruña —a máis longa—: medrou un 13 por cento no ano 2024, e un 7 por cento no ano 2025. É unha evolución parecida en todas as liñas. Polo tanto, os datos corroboran que cada vez se moven máis cidadáns a través do sistema de transporte de Galicia, señoría, e non é como di vostede, ou pretende trasladar, que hai un só bus e queda todo o mundo sen poder utilizalo.

Nós —como lle dixemos sempre, cada vez que nos pregunta— facemos un seguimento continuo para que o transporte mellore, na medida das posibilidades, e intentamos, si o permite o contrato, crear novos servizos, incrementar as frecuencias, axustar os horarios ou aumentar a capacidade dos buses. Por exemplo, ampliamos a capacidade de primeira hora da mañá do Fisterra-Cee á Coruña, para atender os alumnos que ían ao instituto da zona; modificamos o horario dun servizo entre Carballo e Corme para posibilitar o enlace cos autobuses que chegan dende Carballo á Coruña; engadimos paradas en Dumbría para conectar con Cee en horarios de instituto; axustamos o horario do servizo que emprega o alumnado de Ponteceso do IES Monte Neme, en Carballo, ou creamos un novo servizo de luns a venres ás oito



mañá para que os alumnos de Camariñas poidan acudir ao IES Terra de Soneira, en Vimianzo. Polo tanto, os axustes e os cambios son continuados para tentar dar solucións a todos os problemas.

É verdade que se pode producir nalgún momento que haxa algunha frecuencia que leva as prazas ocupadas —é certo—, e traballamos ou tentamos traballar coa maior previsión posible, pero, nun día laborable normal como o de hoxe, habilitamos 950 prazas nos autobuses que cobren servizos directos entre Carballo e A Coruña, e antes das nove da mañá chegan á Coruña catro autobuses con 228 prazas. Entre as 14 e as 15 horas saen... *(O Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo Pouso, pronuncia palabras que non se perciben.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Ten un segundo turno agora.

Réplica, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Señor Calvo, os datos xa foron contestados a unha resposta escrita desta mesma deputada. Eu preguntáballe, en concreto, por algo moi sinxelo, por aquilo ao que se comprometera o 8 de outubro: reforzar a liña das oito da mañá que vai de Carballo á Coruña e a liña de volta das sete da tarde, porque queda moita xente en terra, e sábeo ben. E non se reforzaron porque hoxe segue a pasar.

É bo que se utilice o transporte público, iso é evidente, pero estáballe facendo unha pregunta moi sinxela: ¿comprométese aquí en sede parlamentaria a que, co bus das oito da mañá en Carballo, non quede xente tirada que teña que esperar o seguinte bus, que non é directo e que tarda máis dunha hora e media? ¡Non chegan a traballar, a estudar ou a unha cita médica! Ou, ¿comprométese a reforzar o bus de volta para Carballo ás sete da tarde? Porque esa preferencia de que suba a xente que vai a Fisterra paréceme a min bastante discrecional e que ten unha ausencia de base legal, señor conselleiro. Por tanto, pídolle aquí se se compromete a iso que pedimos aquí o Partido Socialista nesta pregunta.

Despois, hai unha verdade que tamén é incómoda, porque, se a alternativa que ofrece a Xunta, se quedan tirados en terra, é ir pola autovía da Costa da Morte, ¿que nos atopamos? Unha autovía que depende da Xunta de Galicia que ten unha peaxe que é abusiva. Nós demandamos esa gratuidade do tramo de Carballo á Coruña, da peaxe da autovía da Costa da Morte, porque é a alternativa que lle ofrece a Xunta de Galicia se quedan tirados ás oito da mañá. E digo iso: ¿ese é o modelo da Xunta? ¿Non reforzar ese bus público, esa frecuencia específica que lle digo?, ¿non controlar a concesionaria, non garantir prazas? É ben curioso. Cunha man, piden a transferencia da AP-9 —que non é ter a gratuidade, coa que nós estamos de acordo, como sabe—, pero, coa outra, manteñen esas peaxes abusivas no tramo de Carballo á Coruña nunha autovía que depende da Xunta de Galicia. ¡É ben curioso! Eu chámoo un pouquiño «incoherencia política», señor Calvo. Nós pedimos iso: coherencia, gratuidade da autovía da Costa da Morte, ou, polo menos, que a Xunta aprobe as mesmas bonificacións a pasaxeiros recorrentes que aprobou o Goberno de España na AP-9 e na AP-53.



Por tanto, xa finalizo con esta pregunta:

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PATRICIA IGLESIAS REY: ¿Vai adoptar unha medida real nas frecuencias que...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...lle específico?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Eu a verdade é que presumía un pouco máis de rigorosidade. Sabe vostede que os contratos de transporte comprenden un montón de liñas e o que eu lle intentaba explicar é que, en todas esas liñas, sempre que se detecta unha necesidade tentamos reforzar esa liña con máis prazas nos buses, máis reforzos etcétera. Polo tanto, facer ese tipo de proposta que vostede fai aquí carece de rigorosidade —e vostede sábeo—, porque loxicamente está dentro dun contrato. O que tentamos facer, igual que nesa liña de Carballo, cada vez que se detecta que a unha determinada hora hai máis necesidade ou máis demanda, é reforzar ese servizo, señoría. Pero é como se a vostede eu lle pregunto agora: ¿vostede pode asegurar e comprométese a que o tren entre Santiago e Coruña teña prazas suficientes todos os días, a todas as horas o resto do ano? Se vostede me contesta que si ou algún representante do Goberno contestase que si, sería dende logo unha tontería, porque iso tampouco estaría vostede en disposición de poder facelo.

E despois introduce vostede aquí o tema das peaxes. Non sei onde quere ir parar, pero fíxese: as peaxes galegas das autovías de titularidade de Galicia son as máis baratas, e, se as comparamos coas que ten a AP-9, non quere vostede que lle diga cal é o resultado, ¿verdade? Este ano nós seguimos mantendo o mesmo prezo nas peaxes das autopistas galegas. ¿Que fixo a AP-9?, ¿que fixo o Goberno do Partido Socialista?, ¿que fixo o seu partido? Subilas, porque agora no Nadal, ao principio do ano, a subida que experimentou a AP-9 volve ser de novo..., xa non é que sexa abusiva, (*Murmurios.*) senón que parece que se rin de todos os galegos.

Polo tanto, mire, nós imos tentar mellorar cada unha das dificultades que atopemos cada día e ir adaptándonos á demanda, como fixemos sempre. Ás veces seremos máis rápidos ou menos rápidos, e haberá algunha circunstancia onde non poidamos porque hai uns contratos establecidos, e vostede iso debería de sabelo.

E se quere falar das peaxes, de verdade, invítoa a facer unha pregunta cando queira e falamos das peaxes e do tratamento que lle dá o Estado as carreteras en Galicia.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Alteración da orde do día

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coas preguntas. Están informados de que hai unha alteración da orde do día que consiste en substanciar a continuación a pregunta número 44056.

Pregunta da deputada María Cristina Fernández Davila e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a rectificación e posterior tramitación da solici- tude para que Galicia forme parte, como membro asociado, da UNESCO

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a se- ñora Fernández.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Súmome ás condolencias, señor Calvo.

No pasado mes de decembro, o Goberno do Estado anunciaba a integración de Cataluña e Euskadi como membros asociados da UNESCO e da Organización Mundial do Turismo, or- ganismos dependentes de Nacións Unidas. Non sucedía así con Galiza por non solicitar o Goberno autonómico a súa entrada nestes organismos internacionais. As declaracións feitas por vostede mesmo, conselleiro, sorprenden, evidentemente, porque di: «Galicia ten pro- blemas máis importantes que o Estado debe solucionar», e afirma «sentirse representados por España».

O Goberno do Partido Popular na Xunta non tivo en conta as numerosas repercusións nega- tivas que terá para o país esta decisión, xa que ter voz propia na UNESCO outorga, primeiro, unha visibilidade e presenza internacional á Galiza como entidade de seu, o que a fai poder participar na toma de decisións sobre educación, ciencia, cultura ou patrimonio; tamén poder realizar acordos e convenios con entidades doutros estados en materia de cultura; optar a financiamento para proxectos, e, por último, someter proposicións ao Consello Exe- cutivo e colaborar nos traballos dos seus comités.

Por outra banda, Galicia non sería o único territorio adherido á UNESCO sen competencias en política exterior. Para iso foi modificado o artigo 2 da Constitución da UNESCO, admitindo como membros asociados territorios como as Illas Feroe, de Dinamarca; as Illas Åland, de Finlandia, Nova Caledonia, de Francia; Curaçao, dos Países Baixos, ou Tokelau, de Nova Ze- landa. Isto permite agora novas incorporacións, como sucede con Cataluña e Euskadi; e a decisión do Goberno galego deixa fóra Galiza.

Amais, o Goberno do Partido Popular está incumprindo a súa propia Estratexia de acción exterior 2025-2029 —aprobada hai ben pouco, en febreiro de 2025—, que indicaba na súa folla de ruta a promoción de Galiza no turismo e o papel estratéxico da educación e da cul- tura. No ámbito educativo, é fundamental que Galiza estea adherida á UNESCO polo seu



traballo na defensa dun dereito humano e dun ben público mundial co poder de transformar a vida das persoas, das comunidades e do planeta para melloralo ao longo das xeracións. Garante que todos os nenos, as nenas, as mozas e adultas teñan acceso tamén a unha educación de calidade durante toda a vida, adaptándose aos novos desafíos mundiais, como son o quecemento global, os conflitos, as crises prolongadas, a revolución dixital ou as cuestións de xénero. Todo o exposto xustificaría plenamente a incorporación de Galicia á UNESCO, polo que paso a facerlle a seguinte pregunta, señor conselleiro: ¿vai o Goberno da Xunta de Galiza rectificar a decisión tomada e, tendo en conta, sobre todo, a Estratexia galega de acción exterior 2025-29, tramitar a solicitude para que Galiza forme parte da UNESCO? *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señoría, a resposta clara e concisa que lle podo dar é que non. Non, non ten pensado cambiar de opinión a este respecto o Goberno galego.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rolda de réplica, señora Fernández.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Estivo ocupado e non tivo tempo de preparala ou é que non teñen argumentos de ningún tipo? ¿Por que a Xunta deixa pasar esta oportunidade de adherirse á UNESCO? Como vostede non contestou, voulle contestar eu: porque o control e os valores democráticos van en contra dos intereses do Partido Popular na Galiza, que son intereses económicos e partidistas para beneficiar os *lobbies*. A UNESCO, evidentemente, impulsa sistemas educativos de calidade; empodera o alumnado; loita contra o cambio climático, as desigualdades, o retroceso democrático, os conflitos ou as crises internacionais, e deseña, ademais, sociedades máis xustas e sostibles.

Isto é o contrario da ideoloxía do Partido Popular á fronte do Goberno da Xunta de Galicia. Está claro que quen fai recortes na educación, quen precariza o profesorado, quen apoia a industria que espolia e contamina, quen apoia os conflitos internacionais, quen permite xenocidios e usa as institucións de xeito antidemocrático non vai estar de acordo en que Galiza teña voz propia, e menos para democratizar este país. Vostedes saben de control ideolóxico, mais non recoñecen a identidade propia da Galiza, e iso quedou demostrado cando o señor Rueda renunciou a apoiar a oficialidade do idioma galego nas institucións europeas.

Dende logo, señor conselleiro, eu creo que xa non se pode esperar menos da máxima representación de todas as galegas e galegos. *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Cando vimos a esta Cámara e contestamos, normalmente dinche que non contestas o que queren, que te vas polas ramas. Cando vimos a esta Cámara e contestamos concisamente dicindo «non», entón vostedes —fíxese como son os do Bloque— empezan a dicir que por que dicimos que non. E chegan a falar de valores xustos e democráticos e de que non queremos democratizar este país. Non, fíxese; este país é perfectamente democrático, existe unha democracia e, cada catro anos, hai unhas eleccións. Vostedes están na oposición, e nós estamos no goberno, e así levamos moitísimo tempo. *(Aplausos.)* O que pasa é que, como non sae o que vostedes queren, se dedican sempre a insultar e a dicir que todo o demais está así.

Falaba vostede de valores democráticos. Mire, nós non entramos no xogo que fan os partidos independentistas en España co propio Pedro Sánchez. Isto débese a unha negociación de Junts —vostede sábeo—, porque aos partidos independentistas se non están na UNESCO parece que lles caen os aneis. Nós sentímonos perfectamente representados polo Goberno de España. Non temos ningún tipo de problema, pese a que o Goberno de España estea gobernado neste caso polo presidente Sánchez, e se hai algunha discrepancia farémola saber.

Nós non temos que participar nesa subasta diaria para manter o señor Sánchez un día máis no Goberno. Eu sinto que vostedes consideren máis necesario ter relacións co Partido Chinés de Vietnam... *(Risos)* Co Partido Comunista De Vietnam. *(Risos.)* ¡Que grazal!, *(O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo Pouso, ri ironicamente.)*, ¡que grazal! É moito máis importante iso que atender outras cousas. Vostedes, ata o de agora, non dixeron nada da folga dos médicos por culpa do Estatuto básico que o seu socio de goberno quere facer, porque para vostedes é máis importante ter os 500.000 euros que lles dan na Deputación de Lugo que ter coherencia política. *(Aplausos.)* Desá nunca tiveron e nunca terán; ese é o verdadeiro problema do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pregunta do deputado Moisés Rodríguez Pérez e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as condicións da vivenda pública que o Goberno central pon á disposición en Vigo a través da empresa Casa 47

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio, por favor!

Para formular a pregunta, ten a palabra dona Patricia García.

PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

Antes de nada, tamén me sumo ao agarimo, que lle transmito aos meus compañeiros, e deséxolles unha pronta recuperación.



Boa tarde, conselleira.

Vostede ben sabe que a vivenda é hoxe unha emerxencia social real e require políticas públicas ben deseñadas, coordinadas e con impacto efectivo na cidadanía. Por iso, hoxe traemos a este pleno unha cuestión que afecta directamente Vigo e que ten que ver co modelo de vivenda impulsado polo Goberno de España a través da denominada «Casa 47», antes Sareb, logo Sepes: máis do mesmo, nada máis que un *rebranding* emocional.

Falamos de 67 vivendas en Vigo presentadas como alugueiro accesible, pero cunhas condicións económicas e de acceso que están xerando unha fonda preocupación social. Os datos son claros: o prezo do alugueiro fixado para Casa 47 sitúase por riba da media do mercado libre en Vigo, cando precisamente se fala de vivenda pública; os requisitos de acceso exixen ingresos moi por riba dos salarios reais de boa parte das familias viguesas, e todo isto, ademais, á marxe do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, sen vinculación coa cidade de Vigo nin coas persoas que levan anos agardando unha solución. Ao mesmo tempo, Vigo conta con 5.500 persoas inscritas como demandantes de vivenda pública, que non buscan anuncios, senón propostas reais.

Fronte a este modelo estatal, señora conselleira, en Vigo estase a desenvolver outro moi distinto, porque a Xunta de Galicia está a facer un esforzo investidor sen precedentes en materia de vivenda nesta cidade, con cifras que falan por si soas: 248 millóns de euros en investimentos previstos; 5.300 vivendas públicas planificadas, con actuacións concretas en Navia, no Ofimático e en Ramón Nieto —isto tradúcese en preto de 1.000 vivendas—; 134 millóns de euros xa licitados —como digo— xa en marcha en Navia, con partidas consignadas nos orzamentos para os proxectos de interese económico das áreas do Ofimático e de Ramón Nieto xa mencionadas; rehabilitación de 140 vivendas no Casco Vello, que multiplicará por catro o seu investimento nos próximos catro anos ata 4 millóns de euros.

Cómpre subliñalo: a Xunta, presidida por Rueda, apenas leva dous anos no goberno, e está a facer o maior investimento en vivenda en Vigo. Eu quero agradecerlle á conselleira que teña a súa axenda en Vigo por moito que a outros lles pese que estea controlando as obras, porque sabemos a necesidade urxente de que teñamos esas vivendas postas xa para todas as familias viguesas.

Por iso, señora conselleira, quero preguntarlle: ¿que valoración fai vostede, o Goberno galego, do modelo estatal de Casa 47 e do seu impacto real sobre o acceso á vivenda pública en Vigo?

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señora García.



Señorías.

O Goberno central, o Ministerio de Vivenda, está a facer aquilo ao que xa nos teñen acostumados: propaganda, fume e —o que é peor— dicir mentiras. A chamada «Casa 47» non é máis que o xerme da mala xestión da Sareb, que despois foi Sepes, e que despois foi Casa 47 e recibe os activos de Sepes que previamente foran transferidos pola Sareb; uns activos que recordo que foron solicitados para a súa cesión gratuíta á nosa comunidade autónoma por unanimidade desta Cámara, ao cal a resposta foi «non».

Pois ben, a ministra veu no pasado 11 de decembro a Vigo, xunto co alcalde e o delegado da Zona Franca de Vigo, para dar a coñecer o proxecto piloto do alugueiro destas 67 vivendas da Sareb —logo Sepes e, agora, Casa 47— que alugarán supostamente a prezo asequible. E aquí temos a primeira mentira: o prezo da vivenda en alugueiro de Casa 47 —pono a páxina web do Ministerio e as propias bases— é de 8,8 euros por metro cadrado. O prezo da vivenda libre en Vigo é de 7,4 euros por metro cadrado; é dicir, 1,4 puntos por debaixo do alugueiro de Casa 47. Se fose unha vivenda protexida, cun promotor ou cun cooperativista con vivenda protexida, o prezo oscilaría entre os 4,9, e os 5,9 euros. Pero é que se fose unha vivenda pública —é dicir, cedida pola Sareb á Xunta de Galicia—, o prezo do alugueiro estaría entre 1,2 e 3 euros por metro cadrado.

Para ir máis ao detalle, tendo a lista das 67 vivendas que están alugadas por Casa 47 —por tanto, polo Ministerio de Vivenda—, para acceder a unha vivenda de dous dormitorios, o alugueiro por mes é de 805 euros ao mes, e, se é de tres dormitorios, o alugueiro é de 887 euros ao mes. Señora ministra, non tome o pelo aos galegos e as galegas. Iso non é un alugueiro asequible; (*Aplausos.*) eses alugueiros están por riba do mercado de vivenda libre.

Eu digo: ¿non sería máis fácil ceder esas vivendas á Comunidade Autónoma, á Xunta de Galicia? Nós non teríamos que licitar esa execución a empresas externas por máis de 60 millóns de euros. Nós cualificaríamola como pública con carácter permanente, porque, aquí en Galicia, as vivendas de promoción pública son protexidas con carácter permanente, e esa vivenda de dous dormitorios que Casa 47 vai alugar por máis de 800 euros sería alugada por un máximo de 158 euros pola Xunta de Galicia —158 euros, se a aluga a Xunta de Galicia, fronte a 805 euros, se a aluga Casa 47—. En fin, unha tomadura de pelo. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, dona Patricia.

PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ: Grazas, señora conselleira, pola análise e polos datos achegados na súa intervención. Foron datos claros, concisos e tamén denigrantes para os vigueses.

Despois de escoitala, a conclusión é evidente: o problema non é canto se anuncia, senón a quen chega. A propia Elena Espinosa recoñeceume nun debate que Casa 47 é un programa pensado para a clase media. Queda dito todo. Non é vivenda pública para quen máis a precisa; é vivenda de mercado cun selo social, e iso explícase cos datos: prezos por riba do mercado,



requisitos salariais inasumibles e 5.500 persoas inscritas como demandantes de vivenda pública en Vigo que quedan fóra do sistema.

E aquí convén poñer as cousas en perspectiva. Si, hai 5.500 demandantes de vivenda en Vigo, e o señor Caballero, en dezaioito anos de goberno, promoveu menos de 45 vivendas públicas. Iso son, sendo xenerosa, tres vivendas ao ano. Prometeu 6.000 vivendas no ano 2007 e anunciou 200 en Santa Cristina hai máis de catro anos. ¿Sabe cantos están postos en marcha? Cero, nin unha soa pedra; e xa licitou dúas veces o mesmo proxecto. O Edificio Esturáns, con 27 vivendas, custa 5 millóns de euros, cando a empresa municipal de vivenda anunciada polo señor Caballero apenas conta con 4,5 millóns.

Facendo números, señora conselleira, para dar resposta ás 5.500 demandas actuais a este ritmo —tres vivendas ao ano—, o señor Caballero tería que gobernar 2.000 anos máis. ¡Non é unha exaxeración; e matemática básica! Fronte a esta realidade, mentres uns xogan coa propaganda, a Xunta constrúe, inviste, planifica só vivenda pública, rehabilitación e orzamento real. Un modelo inclúe; o outro exclúe: o que venderon a ministra e o señor Caballero. Como tamén dixo a conselleira, ¿non é isto suficiente? É unha falta de respecto á intelixencia das viguesas e dos vagueses: 67 vivendas fronte as 5.500.

Gustárame, señora conselleira, se pode vostede, que afondase nos datos que demostran que Casa 47 é un despropósito para Vigo.

Grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, señora presidenta.

Efectivamente, acabamos de ver que Casa 47 era mera propaganda, fume, mentira. Porque os 8,8 euros por metro cadrado supoñen uns alugueiros medios de máis de 800 euros para unha vivenda de dous dormitorios, o cal ten a súa contraprestación tamén, porque, como o importe do alugueiro non pode exceder do 32 por cento dos ingresos da unidade familiar, isto significa que, para poder acceder a unha vivenda de dous dormitorios e pagar os 800 euros ao mes, tes que ter uns ingresos mínimos netos mensuais de 2.683 euros ao mes. Pero, se pides tres dormitorios e pagas 887 —o mínimo que podes pagar—, os ingresos que che exixen son 3.000 euros ao mes; ¡3.000 euros de ingresos mínimos netos para poder participar neste alugueiro asequible de Casa 47!

Mire, estes son os pisos (*A Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, amosa un documento.*) que ten en Vigo Casa 47. Quen reciba o salario mínimo interprofesional soamente poderá acceder a estes oito últimos, que son estudos de entre trinta e corenta metros cadrados. (*Murmurios.*) Pero, o que é peor, o ingresos medios dos vagueses —segundo o establecido pola Axencia Tributaria— é de 1.786 euros. Pois ben, o



84 por cento destas vivendas de Casa 47 exige ingresos medios netos, ingreso de alugueiro, ingreso mensual da unidade familiar, superior aos 2.000 euros; é dicir, a maioría dos vigueses e das viguesas non pode acceder a esas vivendas de Casa 47. (*Aplausos.*) Pero aínda é máis. Non é que teñas que ter ingresos superiores á media para poder participar nestes alugueiros, senón que estes alugueiros vanos adxudicar con independencia de se estás inscrito ou non no Rexistro de demandantes de vivenda, o cal quere dicir que non existen ningunha vinculación con Vigo; é dicir, non fai falta que esteas empadroados no Concello de Vigo, non fai falta que esteas traballando no Concello de Vigo e queiras residir no Concello de Vigo, non, iso dá exactamente igual. O único requisito é que os teus ingresos mensuais netos excedan dos 2.000 euros ao mes. ¡Inconcebible, inconcebible! ¡Unha tomadura de pelo! (*Aplausos.*) Non se pode chamar alugueiro asequible a este programa que exclúe a maioría dos vigueses.

O que teñen que facer é deixar de facer propaganda, ter sentidiño, ceder esas vivendas á Xunta de Galicia, que é o que estamos a pedir dende a unanimidade —espero que aínda siga sendo así— desta Cámara, para que nós as cualifiquemos dende Galicia como públicas, con carácter indefinido e protección indefinida, e as adxudiquemos, a través do rexistro de demandantes, a persoas inscritas no rexistro de demandantes porque están empadroadas en Vigo ou porque traballan en Vigo e queren residir en Vigo, e pasen a pagar 158 euros ao mes, fronte aos máis de 800 que terían que pagar se fose de Casa 47.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coa seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a situación actual da cobertura médica no Centro de Saúde de Trabada

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Saudamos o alcalde, que asiste tamén ao pleno dende a tribuna.

Ten a palabra para formular a pregunta a señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi boas tardes, conselleiro.

Hoxe iniciamos unha nova viaxe da dor, e esta viaxe trasládanos hoxe ao concello de Trabada, que lle agradezo que estea hoxe aquí presente para escoitar a súa resposta, despois de case dúas horas de viaxe. E fai esa viaxe tamén porque lle preocupan os 1.070 habitantes do seu concello. Un concello disperso, un concello envellecido —como moitos tantos de Lugo e de Galicia— e que en moitos casos non teñen servizo médico en Trabada, porque no ano 2023 había dous médicos, e hai xa máis dun ano só existe un médico. Xubilouse, non se cubriu, e só hai un médico. Se a isto lle restamos días de vacacións, permisos ou baixas, que



tamén se producen, porque isto produce unha sobrecarga tamén para o persoal facultativo, é unha situación de estrés, pois moitas veces isto acaba nunha baixa. Polo tanto, nese momento xa non hai nin un só médico. Incluso ás veces tampouco teñen o servizo de enfermía. Polo tanto, chegan ao seu centro de saúde e teñen que coller un coche ou un transporte público ou tirar dalgún amigo ou veciño que os leve ao centro de referencia, que sería o de Ribadeo, a media hora de viaxe. Seguimos coa viaxe da dor. Pero é que moitas veces chegan a Ribadeo e atópanse tamén que, coa saturación que hai no concello de Ribadeo, teñen que seguir o traxecto —seguimos coa viaxe da dor— ata Burela. Nalgún caso cando un chega ao seu centro de saúde de Trabada incluso xa di «pois mira, imos xa para Lugo directamente, que ao mellor nos poden atender máis rápido». Pero tamén —hoxe mesmo saía na prensa— as urxencias de Lugo están plantexando paros de quince minutos porque lles falta persoal, e non só médico; enfermeiros, celadores etcétera, falta material e ás veces ata dez horas esperando por unha cama. Esta é a situación da sanidade.

Se ao concello de Trabada, coa dispersión, co envellecemento e estes 1.070 habitantes lle engadimos que hai unha residencia tamén da terceira idade que ten 39 usuarios, complicase, porque o médico existente, o único médico que teñen, ten que facer tamén atención a domicilio e ás veces tamén atender os usuarios da residencia de maiores. Dirán os do PP tamén: «¿quen lle mandou á Deputación facer unha residencia? Pois que atenda tamén a Deputación». Será xa a próxima letanía que nos sacarán, que a esas persoas que están usando estas residencias públicas da Deputación Provincial as atenda tamén a Deputación Provincial.

E dicía esta mañá, conselleiro, que «un sistema sanitario público non é o que resolve todo no hospital». Compartimos...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas,

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...é certo. Pero para iso teñen...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno despois.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...que funcionar os centros de primaria, que non están...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...funcionando, como o de Trabada. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para darlle a resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Sáudos tamén ao alcalde de Trabada.

Señora deputada, non sei se realmente ten vostede interese en saber cal é a situación real do Centro de Saúde de Trabada. En calquera caso, xa sabe a resposta, xa que a situación que



atravesa o Centro de Saúde de Trabada, ao igual que outros de Galicia, vén dada pola falta de médicos de familia, como ben sabe. Nin vostedes nin o partido que representa están dispostos a facer algo por darlle solución. *(Aplausos.)* Porque quen ten responsabilidade de achegar médicos que as comunidades poidamos contratar é o Goberno central.

Mire, explícolle exactamente a situación concreta que temos no Centro de Saúde de Trabada. Este centro ten asignados 978 pacientes en total. Isto supón un número inferior aos 1.500 pacientes por cupo de médico que recomendan as asociacións médicas e tamén o propio Ministerio de Sanidade. ¿Hai demora na atención? ¡Para nada! A través da *app* do Sergas pódese conseguir unha cita para unha consulta co médico de familia no propio día. ¡Non hai demora! ¿A deficiencia no servizo que vostede describe pode ter que ver con que non hai atención todos os días? Pois tampouco, porque este centro de saúde atende os pacientes de luns a venres. ¿É un centro onde non hai enfermería ou persoal de servizos xerais? Tampouco, porque hai persoal de enfermería e administrativo no centro.

Señora Méndez, non sei exactamente o que trata de censurar; ¿que o médico de familia colla vacacións ou os días que lle pertencen? Porque o certo é que hai días puntuais nos cales non hai médico no Centro de Saúde de Trabada, porque o facultativo, facendo uso do seu lexítimo dereito, desfruta dos seus merecidos días de descanso. E aínda, pese á falta de médicos de familia á que nos abocan as políticas do Goberno central do PSOE, logramos cubrir con intersubstitucións a maioría dos días nos que se dá esa circunstancia, grazas ao esforzo e aplicación dos profesionais do Servizo Galego de Saúde. A asistencia aos veciños está garantida sempre.

¿Cal é a súa proposta ante ese déficit acusado de médicos de familia? ¿É a súa proposta que os facultativos non desfruten das súas vacacións e descansos, aos que teñen dereito? ¿Por que non dirixe por unha vez a súa queixa e as súas demandas ao Goberno de Pedro Sánchez e ao Ministerio de Sanidade, que é quen debe achegar solucións a ese déficit de médicos? Estaría facendo o que debe facer se quere mellorar o servizo que se lles presta aos veciños de Trabada e tamén a todos os galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Bueno, xa escoitou, señor alcalde: ¡que se queixan de vicio! ¿Que é isto de protestar?! *(Aplausos.)* A ver, que os seus veciños e veciñas, os 1.070 veciños e veciñas, sigan facendo a viaxe da dor, porque, total, ¿para que imos cubrir? *(O Conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, pronuncia palabras que non se perciben.)* Porque recórdolle, conselleiro, que quen ten a obrigaón de cubrir as vacacións e os días é vostede, e recórdolle que por moito que repliquen ese mantra de que a culpa é de Pedro Sánchez, Pedro Sánchez incrementou nun cincuenta por cento as prazas MIR, para cubrir e paliar o déficit que deixou o señor M. Rajoy, que sempre se olvidan del, *(Aplausos.)* pero que é seu, e coa súa mochila. *(O Conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, pronuncia palabras que non se perciben.)*



Acababa a primeira intervención dicíndolle que compartía que un sistema sanitario público non é o que resolve todo no hospital. Pero é que cando resulta que os veciños e veciñas de Trabada ou doutro concello non poden ir ao seu centro de saúde porque non hai médicos, teñen que ir a outro e saturan o concello veciño, ou teñen que ir a urxencias e saturan os hospitais ¡non lle é culpa dos veciños e veciñas, eh! Élle culpa do conselleiro e da Xunta de Galicia, e da mala previsión... *(O Conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señor conselleiro. *(Murmurios.)* Si, señor. É que cando gobernan non fan os seus deberes, porque se M. Rajoy tivese cuberto as prazas non terían xa nin a posibilidade de utilizar ese mantra de que a falla de médicos é culpa de Pedro Sánchez e do Goberno central. *(O Conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, pronuncia palabras que non se perciben.)* Porque dentro de 2.000 anos, igual que o señor Caballero, cando deixe de gobernar Pedro Sánchez, xa non terán desculpa e a ver despois de quen é a culpa do déficit facultativo e da situación dos centros de saúde.

Porque aquí hai un alcalde preocupado polos seus veciños e as súas veciñas. Hai un alcalde que ten unha poboación envellecida e quere ver como o seu veciño e veciña cando estea mal poida ir ao seu centro de saúde e ter unha resposta. Porque á parte, se estamos pospoñendo a visita ao centro de saúde e un primeiro diagnóstico preventivo ou incluso paliativo, pois non chegaremos a ter enfermidades peores que despois desemboquen, incluso agravando a situación hospitalaria. Así que a pregunta élle moi, moi sinxela, conselleiro. Por favor, xa non me responda a min; respóndalle ao alcalde de Trabada, que despois de dúas horas creo que merece tamén esa resposta: ¿ten previsto a Xunta de Galicia cubrir as necesidades do centro de...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...saúde...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...do concello de Trabada? *(Aplausos.) (Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Méndez, ¿desde cando goberna Pedro Sánchez? ¿Cantos anos leva no Goberno? ¿Sabe cantos centos e centos de médicos de familia non se puideron formar por culpa de Pedro Sánchez? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Unha deputada: ¡Que mentira!)* ¿Lo sabe?, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Lo sabe? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Lo sabe? *(Interrupcións.) (A presidenta, María Elena Candia López, pide silencio.)*

Bueno, a realidade é que estamos ante unha escaseza xeral de médicos de atención primaria en todo o sistema nacional de saúde; non é un problema exclusivo de Galicia. Pois hai paro cero en determinadas categorías —medicina de familia é unha delas—; listas de contratación esgotadas, non temos médicos dos cales tirar; e unha onda de xubilacións que coincide con



anos nos que o Goberno do Estado non dimensionou ben a formación de especialistas. ¿Desde cando goberna Pedro Sánchez? Iso tradúcese en que, cando hai baixas, permisos, vacacións, ou vacantes, non sempre hai médicos de familia dispoñibles para cubrir cada oco.

Fronte a esta realidade, a Xunta fixo dúas cousas: actuar no que depende de nós e reclamar con insistencia no que depende do Ministerio. No que depende de nós levamos anos mellorando as condicións e ferramentas para atraer e reter profesionais e para garantir a asistencia sanitaria mentres dura este déficit. Un déficit que será de 244 médicos de familia no horizonte do ano 2029. Entre as medidas que adoptamos: incrementamos o prezo das intersubstitucións para compensar o esforzo de quen asume coberturas; igualamos as retribucións das prolongacións de xornada en primaria coas do ámbito hospitalario e reforzamos as horas extraordinarias voluntarias; actualizamos o prezo das gardas, incluíndo tamén os MIR; implantamos un sistema de repartición de pacientes cando hai vacante do médico habitual, con límites e compensación, para manter a continuidade e a equidade; aprobamos un manual de cobertura de ausencias en centros de saúde, para ordenar procedementos e responder ante incidencias; acordamos melloras organizativas e retributivas, como o complemento de turnicidade para quendas de tarde e deslizantes, os días 24 e 31 de decembro como de especial significación, e unha redución progresiva de xornada; e impulsamos unha ferramenta clave, a lei que permite convocar prazas por concurso de méritos e aplicar incentivos reais para facer máis atractivos os destinos que historicamente custa máis cubrir. Lémbrolle, por enésima vez, que vostedes votaron en contra desa medida, e así o ten que saber tamén o alcalde de Trabada. *(Aplausos.)* Pero hai límites claros ás competencias autonómicas. Por iso ao Ministerio pedímoslle: aumentar as prazas MIR acreditadas; prolongar a vida laboral voluntariamente ata os 72 anos; negociar o estatuto marco cos profesionais que asumen o maior nivel de responsabilidade, os médicos, evitando novos días de paro que impacten gravemente nos tempos de acceso dos pacientes.

Seguiremos traballando para cubrir as vacantes cando haxa dispoñibilidade de profesionais e, por suposto, garantindo a asistencia aos veciños e veciñas de Trabada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o funcionamento do servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para facer a pregunta ten a palabra a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Boas tardes, conselleiro.



Bueno, xa nos sacou o comodín do público coa miña compañeira deputada Lara Méndez. Pídlle por favor que non me saque o comodín do público aquí outra vez. Porque non lle vou preguntar polos MIR; voulle preguntar polos dietistas do CHUAC; espero que Pedro Sánchez non teñan nada que ver cos dietistas. *(Risos.) (O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, pronuncia palabras que non se perciben.)* Ah, aí non, vale; imos ben, imos ben ata o de agora.

A cousa é que vostede sabe, ademais, que o CHUAC ten unha situación xeral —xa non a vou dicir aquí— bastante doliente con respecto ás obras. Xa contestou aquí a súa compañeira de Infraestruturas, pero non nos aclarou nada. O caso é que, hoxe, ningún dos membros do CHUAC —médicos, enfermeiras e demais— sabe moi ben que facer coas obras nese sentido, pero iso xa é outro cantar, que tamén ten que ver cos dietistas nalgún sentido. O caso é que os teñen absolutamente desinformados, como desinformados están os que traballan no eido das dietas, na cociña, pero, sobre todo, o persoal de nutrición e dietista que está na cociña.

Vostede sabe que o CHUAC ten catro turnos, como todos os hospitais: o almorzo, a comida, a merenda e o xantar. Ben, pois, neses catro turnos, sabe vostede perfectamente que, nas dúas cintas de comidas que ten o CHUAC, ten que haber ao final de cada cinta un dietista, e iso non se está a cumprir. Hai dous quendas, polo menos, que non o teñen, que son os desayunos e as merendas, e nos outros turnos só chega para unha cinta; é dicir, máis do 80 por cento das comidas que se serven no CHUAC están sen vixilancia de dietistas. Non digo que non estean vixiadas por outro persoal que non é dietista —e de aí xorden os problemas—, pero non hai suficientes dietistas.

Entón, isto leva acontecendo xa hai tempo. Dende o mes de agosto de 2024 teñen vostedes máis de 170 folios con incidencias sobre o que está a acontecer na equipa de dietistas do CHUAC. O que nós nos preguntamos é: a respecto deses tres dietistas, que están absolutamente por debaixo da *ratio*, tendo en conta que o CHUAC ten 1.500 camas —1.500 persoas que comen, máis de 1.500 comidas—, ¿vostedes teñen pensado nalgún momento das súas vidas, estando aí no goberno, restituír...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* No goberno, claro; se non gobernan, non. E vostede tampouco me conteste cunha pregunta, porque sempre é a cuestión que fan aquí. ¿Teñen pensado restituír ou recompoñer o equipo de dietistas? Porque —volvo insistir— hai 170 folios desde agosto de 2024 con incidencias do que vén acontecendo na cociña do CHUAC.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señoría, síntome na obriga de comezar apelando á súa responsabilidade como deputada. Cuestionar a seguridade da comida que se serve aos usuarios da sanidade pública é poñer en cuestión un traballo exhaustivo e de planificación e control a cargo das persoas responsables,



poñer en dúbida o labor de centos de profesionais, e, ademais, pretender alarmar as miles de pacientes.

Eu non entendo a pregunta realmente. Hai que ter valor para lanzar graves afirmacións baseándose en absolutamente nada, ¡nada!, e sen ningunha xustificación. A sanidade pública, os seus profesionais e os seus pacientes merecen un pouquiño máis de respecto, pero tamén esta Cámara, que non se creou para debater inventos, porque o que trae hoxe vostede aquí é un invento. Non existe problema ningún cos menús elaborados para os pacientes ingresados no hospital público da Coruña.

Cando se fala de persoas enfermas e de seguridade alimentaria, hai que facelo con respecto e rigor. A realidade no CHUAC é a seguinte: o cadro de persoal e dos técnicos en dietética está cuberto na súa totalidade e incluso se substitúen todas as ausencias. As dietas elabóranse en función das indicacións clínicas específicas de cada paciente por profesionais titulados e cualificados. Os profesionais realizan as funcións propias da súa categoría, supervisando os menús elaborados de forma directa e indirecta en coordinación co resto do equipo asistencial. E o persoal de cociña non ten acceso á historia clínica dos pacientes; quen pode acceder exclusivamente é o supervisor de Dietética, que é un profesional de enfermería. Tampouco é certo o que deu a entender de que o persoal de cociña modifique dietas ou pedidos. Os cambios de dieta realízanse desde as unidades de hospitalización polo persoal de enfermería. O persoal de cociña traballa con listados e códigos operativos que permiten elaborar e repartir as dietas indicadas, pero non decide nin altera a indicación dietética.

Señoría, estamos a falar dun servizo que move volumes moi relevantes: máis de 1.300.000 servizos anuais, cunha media diaria de 3.750 menús. E faise con cociña en liña quente, cun equipo de 26 cociñeiros e 190 pinches garantindo tempo, seguridade e calidade. Se hai algunha incidencia puntual, analízase e dáselle a mellor resposta. O que non imos aceptar é que veñan aquí xerar alarmas con afirmacións infundadas que non se corresponden en nada coa realidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica. Señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Señor conselleiro, eu tamén coñezo a táctica da triangulación: hai tres persoas, e vostede quere enfrontarme cos profesionais. (*O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, acabámo de dicir, e, ademais, tivo a ousadía de dicir que eu fago un invento. Eu falo cos comités de empresa, eu falo cos representantes e falo cos traballadores. Ou, ¿vostede que cre? ¿Que eu veño aquí dicir cousas que non son? (*Aplausos.*)

Non, non, vólvollo dicir. A min non me gusta inventar porque, mire, *la realidad supera a la ficción*, non me fai falta inventar: 170 folios con incidencias. Vostedes alí no CHUAC nin sequera o teñen como un rexistro —que deberían de telo—, pero os profesionais —eses tres



que están alí, porque todos os demais son persoal de cociña; non son sanitarios— van recollendo, día tras día, as incidencias.

Por certo, a semana pasada pasaban pola cociña dous carros do lixo, e a dietista viuse louca para dicir que por alí non se podía pasar, pero, como están coas obras... E, coas obras, nin *dios* sabe o que vai pasar alí, porque se vai un día por un lado e outro día polo outro; ninguén ten unha información de como teñen que proceder. Pois son os propios profesionais —eses cos que eu falo, pero non me enfronto— os que me teñen que contar o que está a acontecer. E non é posible que en lugares como Pontevedra, como Ferrol, existan *ratios* de dietistas de ata 6, 7 ou 8 dietistas por cociña, para o servizo de comidas. É dicir, cando vostedes licitan esa externalización, vostedes teñen uns pregos —que eu xa ben os vin— onde se van poñendo esas *ratios*, moito maiores que as que temos no CHUAC. Entón, ¿como é posible que, cando hai que contratar, vostedes cumpran estas *ratios* —que están moi ben cumpridas— e como é posible que no CHUAC non se cumpran? Simplemente lle veño dicir iso: que a xente quere que aumenten os dietistas, porque si que está entrando nas historias clínicas o persoal de cociña, si que está entrando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peché da pregunta. Conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Imos ver, insiste vostede en instalar o alarmismo na sociedade galega á custa da sanidade pública. Neste caso, pretende menoscabala a través da idea de que no CHUAC hai un problema coa alimentación dos pacientes e un descontrol absoluto dos menús e da súa seguridade. A vostede dálle igual absolutamente se iso crea desconfianza nos pacientes máis vulnerables. Non está ben alarmar con falsidades.

Imos repasar unha a unha as súas graves afirmacións. Fala de intrusismo e afirma sen ningún pudor que o persoal sen autorización accede ás historias clínicas nas cociñas. Pero, imos ver, ¿vostede sabe como se accede a unha historia clínica electrónica no Sergas? ¡Non ten nin idea! (*A deputada Sivia Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Non, non ten nin idea porque, se o soubese, non diría iso! E menos diría que falou con eles, ¡porque iso estaría prohibido, estaría denunciado! (*Aplausos.*) ¡É delito!, ¡é un delito! Por tanto, non veña aquí contar contos. (*Aplausos.*) ¡Bueno, home!

O persoal de cociña non ten acceso á historia clínica, non o ten, e tampouco modifica as dietas. Non se pode vir aquí mentir. Os cambios dietéticos efectúanse desde as plantas de hospitalización polo persoal de enfermería. O único ao que ten acceso o persoal de cociña é aos listados para saber o número e o tipo de dietas que ten que facer.

Tamén mencionan que non se cobren as prazas de técnico superior de Dietética. ¿Non se dá conta vostede de que foi precisamente este goberno o que fixo unha aposta incuestionable



por incorporar as funcións de dietética e nutrición á sanidade pública? Foi este goberno o que creou primeiro a categoría estatutaria de técnico superior en Dietética no Servizo Galego de Saúde no ano 2020. Foi tamén este goberno o que creou a categoría estatutaria de dietista no ano 2023 e, no ano 2025, convocou as primeiras prazas estables con esas funcións no Servizo Galego de Saúde. O cadro de técnicos de Dietética no CHUAC está cuberto e realizan as funcións propias da súa categoría, supervisando os menús de forma directa ou indirecta.

No CHUAC e en todos os hospitais do Sergas hai procedementos e controis que garanten a seguridade e o cumprimento das normativas hixiénico-sanitarias nos menús que se serven. O CHUAC non é unha cociña pequena; é un dispositivo que presta 3.750 servizos diarios, con 26 cociñeiros e 190 pinches, con liña quente, con seguridade e con coordinación.

Non é responsable lanzar sospeitas amplas sobre a seguridade alimentaria, porque iso non mellora para nada a confianza na sanidade pública. A Xunta seguirá a garantir a calidade, a seguridade e o trato digno dos pacientes, tamén na alimentación hospitalaria, e seguirá apoiando e recoñecendo o traballo dos profesionais que fan posible que cada dieta chegue a cada paciente como debe.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego ante os problemas de sobrecarga que se están a producir nos servizos de urxencias dos hospitais públicos de Galicia

O PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, Galicia vive unha situación de sobrecarga xeneralizada dos servizos de urxencias que derivou nun auténtico colapso asistencial en practicamente todas as áreas sanitarias.

No Hospital de Montecelo, a presión asistencial levou a reprogramar cirurxías non urxentes; en Santiago de Compostela, superáronse as 500 persoas atendidas nun só día; o persoal sanitario do CHUAC denuncia a sobrecarga que soporta nos servizos de urxencias. Son só algúns exemplos que ilustran unha problemática que afecta todo o sistema sanitario galego, aínda que a Área Sanitaria de Vigo é a que está a asumir unha maior presión asistencial.

As consecuencias son graves: tempos de espera inasumibles, pacientes atendidos en corredores, falta de espazo e de camas dispoñibles, así como unha sobrecarga extrema dos profesionais sanitarios sometidos a unha tensión constante e dificilmente soportable; profesionais que tentan atender toda a poboación, pero que se ven superados pola falta de medios, de persoal nalgúns hospitais e mesmo de espazo físico.

Con todo, vostede, señor conselleiro, o pasado día 8 afirmou que o sistema responde con normalidade e sen incidencias destacables. Non sabemos se é que non coñece a realidade ou



directamente está a faltar á verdade. E, sen acritude, hoxe queremos pedirlle que abandone as mensaxes triunfalistas, que aparte a habitual propaganda da Xunta de Galicia e que analice con rigor a situación actual. É certo que a gripe ten un impacto nos servizos de urxencias hospitalarias, pero tamén é innegable que estes servizos arrastran problemas estruturais de forma habitual derivados dun paradoxo moi, moi coñecido: menos consultas en atención primaria e maior presión sobre as urxencias hospitalarias.

A solución non pode recaer exclusivamente no esforzo do persoal, dos profesionais, nin na improvisación permanente da Xunta de Galicia. Un modelo destas características resulta insostible no tempo e evidencia a necesidade urxente de adoptar medidas estruturais que garantan unha atención nas urxencias sanitarias segura e de calidade.

Por todo isto, preguntámoslle se o Goberno de Galicia vai adoptar algunha medida concreta para afrontar os problemas que se están a producir nos servizos de urxencias das áreas sanitarias de Galicia. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señoría, na sanidade pública de toda España —como se dixo moitas veces— está a acontecer este inverno algo extraordinario: catro días de folga médica en decembro, dous días de folga médica en xaneiro e unha semana de folga médica todos os meses ata que chegue o verán. A sanidade pública galega afronta este inverno unha paralización de actividade inusual, consecuencia do enfrontamento dos médicos co Goberno de España, que impulsa un estatuto marco de persoal sanitario en contra do persoal sanitario con máis responsabilidade, os médicos. Como consecuencia dese enfrontamento, na sanidade pública galega, só entre os meses de decembro e xaneiro, suspendéronse máis de 80.000 actos asistenciais.

Están a pasar realmente cousas moi graves na sanidade pública provocadas polo Goberno de España, e, coma sempre, tratan de desviar a atención e poñer o foco nun asunto que non ten nada de extraordinario, porque sucede todos os anos. O incremento da demanda asistencial como consecuencia da gripe e das infeccións respiratorias repítese todos os invernos, e a sanidade pública galega está preparada para afrontala.

Así que, en resposta á pregunta concreta formulada na súa iniciativa: si, tomamos medidas para reforzar o sistema sanitario durante esta temporada invernal e tamén tomamos medidas para intentar reforzar os servizos de urxencias da Comunidade Autónoma. Como xa detallei esta mañá na interpelación, estas medidas puxéronse en marcha no pasado mes de novembro coa activación do Plan sanitario de inverno, un plan que permite previr, planificar e xestionar os recursos necesarios para responder aos picos de demanda. O Plan habilitou dispositivos e reforzos para esta tempada de gripe, establecendo medidas en todos os ámbitos, e os servizos sanitarios dimensiónanse a tal efecto, incluíndo reforzos que permiten atender momentos de sobredemanda. ¿É por tanto infundada a súa acusación? Por suposto.



¿Os profesionais viñeron incrementando a súa carga de traballo as semanas previas? Tamén. ¿Estaba preparado o sistema para responder? Sen ningunha dúbida, si.

Entón, imos a falar con datos na man. No último mes e medio, nos servizos de urxencias aténdéronse 150.971 urxencias hospitalarias, as mesmas atencións que o ano pasado e menos que os anos previos. A presión de urxencias sitúase no 71,1 por cento, inferior a tempadas previas. Habilitáronse máis camas ca nunca, con 7.007 camas dispoñibles, cifra moi superior a anos previos, con demandas e con presión superiores. De feito, esta temporada habilitáronse máis camas que o inverno pasado, 245 extra na última semana. Por iso, como adoitan dicir moitas veces as súas señorías neste Parlamento, parece que o dato, neste caso, mata o relato.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Eu tratei de que vostede escoitase, pero xa vexo que non é posible. Eu dicíalle que a gripe si que pode influír algo, non o neguei na miña intervención. Pero mire, este titular (*A deputada María Elena Espinosa Mangana amosa un documento.*) é do mes de xullo: «*Urxencias toca techo y valora derivar a los pacientes leves a primaria o al PAC*». Cóntolle este de agosto, señor conselleiro: «*El cierre de urgencias de tarde en seis centros de salud satura el Cunqueiro*». E podería lerlle moitísimos máis, se quere.

Eu preguntolle: ¿hai episodios de gripe fortes os 365 días do ano? Non, señor conselleiro, a realidade é outra, e esas medidas das que vostede falou aquí, se as puxeron, non funcionaron —se é que as puxeron, porque non o sei—, non funcionaron. E, por favor, pídolle que non bote a culpa ao Estatuto marco. É un estatuto negociado cos sindicatos, e sabe perfectamente que os sindicatos médicos están a demandar competencias que non son do Goberno de España e que si son súas, da Xunta de Galicia e doutras comunidades autónomas. Polo tanto, non intente enganar, porque a realidade é outra.

Estamos diante dun problema que non é puntual e dunha situación que non é conxuntural. Estamos diante dunha estratexia sostida e debilitada de recortes e abandonos por parte da Xunta de Galicia. A realidade, por moito que lles custe, é teimuda, e as urxencias colápsanse porque desmantelaron a atención primaria: menos médicos, menos pediatras, PAC infradotados e menos enfermeiras que na media do Estado. Isto é un tema ideolóxico, señor conselleiro, non ten outro título, e esta é a realidade que a Xunta quere ocultar. Polo tanto, eu pídolle que escoite, por favor...,

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: ...e que dea solución a estes sistemas... (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.



O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señora Espinosa, a sanidade pública galega está preparada para facer fronte ao incremento da demanda asistencial pola onda de gripe e para dar unha resposta axeitada e coordinada. Vostede elixe agora os puntos, ao longo do ano, onde hai máis presión asistencial nos servizos de urxencias, porque tamén colle o verán, que é cando hai menos facultativos porque a xente está de vacacións e tamén hai un aumento de poboación en determinadas zonas xeográficas de España. Iso é facer trampas, iso é facer trampas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si. Vostedes volven aquí sempre coas mesmas historias de apocalipses, colapso..., alarmando a xente sen motivo ou cun motivo que creo que é tapar realmente a que ten montado o Goberno de España coa folga de médicos que levamos padecendo (*Aplausos.*) desde hai meses. O seu discurso cae pola evidencia dos datos, ao igual que todos os seus argumentos —por chamalos dalgunha forma—.

Afortunadamente, nunca —e repito, nunca— o Servizo Galego de Saúde se viu colapsado, nin no peor da pandemia. Está claro que os clásicos son os clásicos, e un inverno sen traer algunha iniciativa sobre o presunto colapso non é inverno, pero o certo é que puxemos en marcha un plan sanitario de inverno semanas antes de que o Ministerio de Sanidade convocase un consello interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para abordalo, semanas antes. Reforzamos con máis de 250 camas os hospitais públicos, pechamos a campaña da vacinación da gripe con máis de 882.000 persoas vacinadas contra a gripe.

Quizais a presión asistencial fose menor se os profesionais non se visen chamados a manifestarse, a pórse en folga contra unha ministra que os menospreza. E, mentres, a oposición neste Parlamento, no lugar de ser honesta, débatese entre mirar cara a outro lado e tratar de aproveitar o rebumbio e desviar o foco cara á Xunta, a ver se rañan algo. As folgas e paros contra o borrador do Estatuto marco están facendo que se resinta o sistema sanitario, dificultando o fluxo de pacientes en todos os niveis, porque, cando paran os profesionais sanitarios, cando paran os médicos por culpa do Estatuto marco do Goberno central no que non se ven recoñecidos, as consecuencias deses paros non as sofre a ministra, senón que as pagan os cidadáns a través de máis esperas. Está claro que este debe ser o único motivo polo cal manteñen vostedes a señora Mónica García sentada no Consello de Ministros. Parece que queren que colapse a sanidade pública galega, en colaboración cos seus socios de Goberno. (*Risos.*) Pola nosa parte, continuaremos traballando, planificando e escoitando os profesionais para manter unha sanidade pública de vangarda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a defensa prevista pola Xunta de Galicia dos intereses do sector primario galego no novo escenario aberto polo acordo entre a UE e Mercosur

O PRESIDENTE: Pregunta de don Miguel Ángel Viso, do Grupo Parlamentario Popular.



MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, acode hoxe a este pleno para abordar un asunto de enorme relevancia para Galicia, como é o acordo comercial entre a Unión Europea e o Mercosur, que afecta directamente un dos piares da nosa economía e do noso territorio, o sector primario. É un debate que, ademais, non é novo neste Parlamento. Onte mesmo, xa analizamos esta cuestión e os distintos grupos parlamentarios deixaron claras as súas posicións. É un debate necesario, porque falamos de miles de explotacións gandeiras e agrícolas, de rendas familiares, de equilibrio territorial, pero, sobre todo, falamos do futuro do noso rural.

Dende o Grupo Popular, queremos reiterar —como fixemos sempre e como o fixemos onte— que defendemos o comercio internacional e a apertura de mercados, pero nunca á custa do sector primario galego nin permitindo situacións de competencia desleal. Galicia produce con altos estándares sanitarios, ambientais, laborais e de benestar animal, e iso debe ser unha garantía; non unha desvantaxe.

O acordo Unión Europea-Mercosur está a xerar preocupacións comprensibles entre gandeiros e agricultores, como sectores estratéxicos para Galicia. Existe o temor fundado de que a entrada de produtos a baixo custo, producidos baixo normas menos exixentes, exerza presión sobre os prezos e poña en risco a rendibilidade das explotacións. Por iso é clave que as cláusulas de salvagarda non sexan só unha declaración de intencións, senón ferramentas reais, eficaces e de aplicación rápida. Nos últimos días, ademais, escoitamos declaracións que xeran dúbidas razoables sobre como se aplicarían estas garantías na práctica. Aquí, o papel do Goberno de España é determinante. É quen negocia en Europa e é quen debe defender con firmeza os intereses do sector primario galego, garantindo que todo produto que entre no mercado europeo cumpra exactamente cos mesmos requisitos que se lles exixen aos nosos produtores. Do mesmo xeito, será fundamental reforzar os controis en fronteira, competencia —como todos sabemos— tamén estatal, para asegurar que non se incumpren os estándares europeos.

Todo isto tamén se suma ao escenario da preocupación estrutural, o futuro da política agraria común, xusto cando se debate o Marco financeiro do ano 2028-2034. Señora conselleira, vostede sabe que Galicia precisa unha PAC forte, unha PAC que xere estabilidade, que xere relevo xeracional e, sobre todo, desenvolvemento rural. Por todo isto, facémoslle unha pregunta clara e concreta: ¿que pasos vai dar a Xunta de Galicia para garantir que as salvagardas se apliquen de forma efectiva, que se reforcen os controis e que o Goberno de España asuma ante Europa unha defensa firme dos intereses do sector primario galego neste novo escenario?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Moitas grazas, presidenta.



Deputados, deputadas, señorías.

Galicia é posiblemente unha das rexións europeas especialmente afectadas diante do acordo Unión Europea-Mercosur, porque o sector primario ten un papel clave na nosa economía e baséase nun modelo de explotacións que cumpren altos estándares sanitarios, ambientais e de benestar animal. Por iso, a nosa posición é clara e coherente: defendemos o comercio internacional pero nunca á custa do sector primario galego nin en condicións de competencia desleal. O acordo pode xerar oportunidades en determinados nichos de mercado, especialmente para produtos de alta calidade, pero coñecemos ben as preocupacións dos sectores estratéxicos de Galicia, como pode ser o da carne de vacún ou o do mel.

Entendemos a preocupación dos sectores; escoitamos os nosos agricultores e gandeiros e xa lle trasladei ao Ministerio as súas demandas. Na Xunta de Galicia compartimos esas preocupacións e, dende o primeiro momento, puxémolo de manifesto ante o Goberno central. Ante esta situación, dende o Goberno galego, imos actuar con responsabilidade e con firmeza, e exiximos o mesmo ao Goberno de España.

En primeiro lugar, solicitamos en reiteradas ocasións ao Goberno central que non se aplique o acordo de xeito provisional mentres non queden plenamente blindadas as garantías para agricultores e gandeiros recollidas no regulamento de salvagardas.

Ao mesmo tempo, reclamamos un incremento do fondo de continxencia da Unión Europea para crises e unha maior dotación financeira da nova PAC. Entendemos que esta disposición de recursos é máis necesaria ca nunca, ante a variabilidade e inestabilidade que vivimos a nivel global.

Tamén seguiremos fomentando no ámbito do Consello Agrario unha fronte común coas organizacións profesionais agrarias, coas asociacións do ámbito agrario e tamén coas comunidades autónomas.

En materia de control, instamos o Goberno central a incrementar os controis en fronteira por riba dos compromisos xa avanzados polo ministro, e, dende as competencias de Galicia, implantaremos un plan específico de control dos produtos importados, incrementando o número de inspeccións sobre a correcta etiquetaxe e trazabilidade, así como sobre a orixe real e a calidade efectiva dos produtos, e incrementando tamén a loita contra fraudes e imitacións das marcas de calidade galegas. Ademais, poñeremos en marcha de xeito inmediato o Observatorio de Prezos de Galicia para facer un seguimento continuo da evolución do mercado.

Reforzaremos a promoción dos produtos galegos nas canles curtas de distribución e de proximidade, como xa o vimos facendo noutros ámbitos. Neste mesmo sentido, instamos tamén o Goberno central a que defenda diante da Unión Europea a incorporación de máis indicativos de calidade galegos ás denominacións de orixe protexidas no acordo, dado que actualmente só hai dúas. Apoiaremos a exportación daqueles produtos que poidan aproveitar e realizaremos campañas de sensibilización dirixidas aos consumidores para que consuman esa marca «Galicia calidade».



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidenta.

Grazas, señora conselleira.

A súa resposta deixa clara unha cuestión fundamental: Galicia non se sitúa nin na resignación nin no alarmismo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) senón na existencia e na defensa activa do seu sector primario, con medidas concretas enriba da mesa.

É importante trasladar tranquilidade ao sector, porque existen instrumentos para protexer o mercado, pero tamén firmeza, porque esas garantías só son útiles se se aplican de maneira efectiva. Neste sentido, valoramos especialmente o compromiso da Xunta de exixir que o acordo non se aplique de forma provisional mentres non estean plenamente blindadas as salvagardas para agricultores e gandeiros. Tamén é relevante o anuncio de reforzar os controis —como vostede acaba de dicir—, tanto reclamando ao Goberno de España un maior control na fronteira como implantando dende Galicia un plan específico, como vostede desenvolveu agora mesmo: detención de residuos, condicións sanitarias, correcta etiquetaxe, trazabilidade, etcétera, etcétera, etcétera.

Queremos poñer en valor, ademais, a posta en marcha do Observatorio de Prezos de Galicia, que permitirá facer ese seguimento continuo da evolución dos prezos, especialmente en leite e en carne, así como o esforzo da promoción dos produtos galegos, sobre todo destacando eses produtos de «Galicia calidade». Tamén compartimos, como non, a necesidade de impulsar esa fronte común co sector e de reclamar unha PAC forte, con maior dotación financeira, porque nun contexto de incerteza internacional a política agraria común segue sendo a principal garantía.

Señora conselleira, desde o Grupo Popular reiteramos que estaremos ao lado da Xunta nesta defensa, apoiando con feitos e trasladando con claridade ao Goberno de España que Galicia non acepta a competencia desleal nin a perda de oportunidades para o seu sector primario. O campo galego necesita garantías, seriedade e apoio real, e, nesa liña, señora conselleira, contará sempre co noso apoio.

Nada máis e moitas grazas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.



Deputados, deputadas, dende o primeiro momento dende o Goberno galego mantivemos un contacto continuo co sector. Como lles dixen, escoitamos as súas preocupacións diante deste acordo co Mercosur e trasladámolas ao Goberno central. Fixémolo incluso antes de que o propio sector se manifestase. O Ministerio de Agricultura transmitiunos sempre as bondades do acordo, incluso cando dende Galicia lle insistimos na nosa preocupación polas implicacións que tería para o sector primario. Por tanto, os nosos gandeiros e agricultores saben que a Xunta de Galicia sempre defenderá os seus intereses, e así o demostran os feitos. Demostrámolo cando os prezos da carne se desplomaron e puxemos enriba da mesa 12 millóns de euros para a Ternera Gallega Suprema; demostrámolo tamén coas enfermidades que afectan a nosa cabana gandeira, especialmente co bovino; demostrámolo ante situacións excepcionais como a vivida este verán cos incendios forestais; e demostrámolo de novo agora. Acabamos de presentar no Consello da Xunta un amplo paquete de medidas —as dez que relataba na miña primeira intervención— que demostran o compromiso do Goberno galego co noso campo ante as incertezas xeradas polo acordo Unión Europea-Mercosur. Adiantámonos así ao Goberno central, do que aínda estamos esperando que concrete o que vai facer diante deste novo escenario que se abre.

Avanzamos xa estas medidas, que imos desenvolver no curto e medio prazo, ante a posibilidade de que o acordo poida entrar en vigor de xeito provisional e sen as cláusulas de salvagarda reforzadas, que sempre defendemos como algo que era completamente innegociable. E se isto é hoxe unha posibilidade é debido a que algúns, co seu voto para elevar o acordo ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, deixaron a porta aberta á súa entrada en vigor provisionalmente e sen estas garantías de xeito inmediato. Onte mesmo durante a celebración da Comisión de Comercio Internacional no Parlamento Europeo votaron «non» a esas salvagardas. O que está claro é que non se pode dicir en público que se defende o sector primario e logo dificultar os mecanismos reais que garantan a súa protección ante calquera acordo.

Do mesmo xeito, pedímoslle ao Goberno central unha maior defensa do noso sector agrogandeiro. No acordo hai 59 indicativos de calidade españois protexidos, pero só 2 son galegos. Porén, somos a terceira comunidade de España con máis marcas de calidade, un total de 36. Noutras comunidades incluíronse ata 14 distintivos, como é o caso de Andalucía, ou 10 en Cataluña.

Urximos ao Ministerio a corrixir esta cuestión, a intensificar tamén os controis sen fronteiras ou a negociar unha nova PAC ben dotada, diferenciada e con menos burocracia que carga de traballo ao sector. Todas estas peticións xa lles expuxen verbalmente ao ministro na conferencia sectorial e acabo de remitirlas por carta. Agardo unha rápida resposta, xa que son cuestións de suma importancia para o sector e para o Goberno da Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa última pregunta da orde do día.



Pregunta da deputada Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar consecuencias negativas sobre a frota artesanal galega derivadas do Regulamento europeo de control da pesca que entrou en vigor o 10 de xaneiro

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa última pregunta da orde do día.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Conselleira, en 2023, cando vostedes gobernaban na UE e tamén aquí e cando aprobaron definitivamente o Regulamento de control da pesca, Galiza xa tiña 3.766 buques de artes menores. Por certo, hoxe, tres anos despois, temos 83 menos que naquel momento. Case o 90 por cento destes eran de menos de 12 metros de eslora. Naquel momento, cando vostedes apertaron o botón do «si», condenaron eses máis de 3.700 buques a cumprir unhas normas que xa sabían daquela que eran imposíbeis de cumprir. Sabían que a maioría pescan dentro das rías, en augas interiores, a distancias que apenas están lonxe das lonxas, onde se pesa e se rexistra o produto. Sabían que xa estaban suxeitos a cotas máximas de capturas e que tiñan que cumprir as vedas correspondentes de cada especie. É dicir, sabían vostedes que tiñan unha chea de medidas de regulación, supervisión, comprobación, inspección e vixilancia que cumprir para garantir a sostibilidade da frota e dos recursos.

Malia isto, vostedes dixeron e din que en Europa non coñecen a nosa realidade, e metéron no mesmo saco a frota industrial e a frota artesanal, que é a maioría da que temos en Galiza. Se non a coñecían, señora conselleira, en Europa —a nosa realidade—, vostedes estaban alí para lle dicir cal era, pero non o fixeron. Vostedes xa sabían daquela que no 2026 entrarían en vigor as normas que rexen desde o 10 de xaneiro deste ano para os buques de 12 metros de eslora. Igual que saben, señora conselleira, e igual que sabemos todos os demais, que estas normas van estenderse no 2030 aos barcos de 9 metros de eslora; é dicir, a todos os do marisqueo a flote e a algún máis. ¿Como é posible, señora conselleira, que sigan mentindo no día de hoxe e que digan que non teñen nada que ver con este regulamento?

Conselleira, hoxe vostedes tamén gobernan Galiza e Europa. É dicir, vostedes teñen a sartén polo mango, son os que mandan e teñen, polo tanto, a posibilidade —a obriga diríamos nós— de reverter a situación na que vostedes mesmos meteron a frota artesanal galega.

Por tanto, a miña pregunta é moi clara: ¿que vai facer para evitar as consecuencias negativas que o regulamento xa está a traer na nosa frota artesanal? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Mar, dona Marta Villaverde.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Boa tarde.

Grazas, presidenta.



Primeiro, quero desculparme por estar de espaldas, pero, pola posición da bancada, non podo darme a volta.

En primeiro lugar, quero dicir que o que vai facer a Xunta de Galicia é seguir traballando alí onde sexa necesario para defender o noso sector pesqueiro e, como non, por suposto, a nosa frota artesanal; é o que levamos facendo dende o principio con este regulamento, dende que o comisario europeo Sinkevičius o propuxo; ese comisario que pertence ao Grupo dos Verdes, do que forma parte o BNG en Europa e que agora teñen como eurodeputado. El foi quen propuxo este regulamento de control. En todo este proceso, a Xunta de Galicia trasladou multitude de emendas procurando mellorar o borrador inicial do texto. Traballamos en propostas consensuadas co noso sector pesqueiro e sempre da man deles; moitas delas están recollidas no Ditame do Consello Galego de Pesca, xa no ano 2018.

A Xunta conseguiu que se introducisen emendas no texto inicial en todas as fases da tramitación. Presionamos ata o final, advertindo da realidade da nosa frota, e conseguimos que se establecesen medidas de flexibilidade, períodos transitorios máis amplos para a súa aplicación e que se incluísen todas as posibilidades que agora teñen os estados membros, incluído o Reino de España, para modular a norma. Mentres, pois é verdade que o BNG votou que non. Claro que votou que non, porque sempre é máis fácil dicir que non que poñerse a traballar, que facer emendas. É moi fácil ignorar os problemas, como fan vostedes, porque non teñen responsabilidade de goberno.

Pero nós non somos así, traballamos para mellorar unha norma para que se adapte á realidade da nosa frota, e imos seguir facéndoo, exixindo unha aplicación proporcionada e realista do Regulamento de control da pesca. Estamos en contacto permanente co sector e fixemos forza con eles para que o Goberno central rectificase e se puxese a traballar. Reunímonos con presidentes da federación galega, da nacional e das provinciais, e tamén reunimos en sesión extraordinaria o Consello Galego de Pesca. No Consello Consultivo de Asuntos Pesqueiros, preparatorio do [...] do luns pasado, trasladeille ao señor ministro a postura de Galicia, e tamén instei o Ministerio a que acollesen as medidas de flexibilización recollidas na propia norma. E coincidirá comigo en que non ten ningún sentido que o Goberno central agardarse ata o 10 de xaneiro —que entraron en vigor as novas disposicións do regulamento— a que os pescadores tivesen que parar a súa actividade para entender que tiñan o traballo sen facer, que o Ministerio tiña o seu traballo sen facer. E non foi porque dende Galicia non llo dixésemos. Tanto a Consellería do Mar como o sector presentamos alegacións e outra documentación demandando o desenvolvemento de medidas.

En definitiva, a Xunta seguirá afrontando os problemas, e seguiremos traballando e levando a voz do sector a Bruxelas, a Madrid ou a onde faga falta.

Nada máis, moitas grazas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Pérez.



ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, claro que estou de acordo con vostede no que di sobre o Goberno central, e máis que poderíamos dicir, pero vostedes —insisto— son goberno neste país desde hai case dezasete anos e gobernan tamén en Europa. E fíxese, o señor Sinkevičius estaba posto alí polo Partido Popular, igual que está agora o señor do Partido Popular que é o comisario de Pesca e que se chama Costas Kadis; é dicir, que é colega seu. Polo tanto, insisto na miña primeira intervención: vostedes teñen a sartén tempo mango, son os que mandan e deben reverter esta situación.

(Aplausos.)

Fíxese, conselleira, sen acritude, a súa incoherencia, as súas mentiras e os seus enganados están documentados, están incluso documentados nesta Cámara. Vostedes votaron nesta Cámara cinco veces —non unha nin dúas nin tres; cinco veces— a cinco iniciativas distintas dende o ano 2021 do Bloque Nacionalista Galego onde pediamos a exclusión do Regulamento da frota artesanal galega, entre outras moitas cuestións. Vostedes votaron a favor das nosas iniciativas en decembro de 2023, cando había dous meses que votaran a favor de que o regulamento se puxese en marcha.

Polo tanto, insisto, agora de nada vale poñerse detrás dunha pancarta e dicir, como din vostedes, que os «p» do Partido Popular é porque son o partido da pesca. Non, señoría, vostedes non son o partido da pesca, vostedes son o partido da patraña, o partido das pantasmadas *(Aplausos.)* e, sobre todo, o partido dunha palabrería cada vez máis barata e que cada vez cre menos xente.

Arranxen esta desfeita na que meteron a frota artesanal galega porque teñen o goberno na Unión Europea e en Galiza.

Exclúan a pesca.... *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas, señora presidenta.

Eu non vou caer no populismo aquí da señoría, nin en pedir a derogación dun regulamento que está en vigor, que é de plena aplicación; é responsabilidade das autoridades intentar adaptar esas normas á realidade da nosa frota. Porque aquí o importante é axudar o sector pesqueiro, e nós traballamos a diario para facelo.

Grazas ás emendas introducidas a petición de Galicia, conseguíuse que no regulamento existan medidas de flexibilidade, exista un maior período transitorio á hora de aplicar medidas que o Goberno de España non aproveitou para adaptalo á realidade da nosa frota e conseguise tamén que se aumentase a marxe de tolerancia cero na pesaxe, que era moito máis estrita.



Se o BNG tanto defende o sector pesqueiro, non sei que fai no Grupo dos Verdes en Europa, que son os maiores inimigos dos pescadores. Tamén lle recordo que neste mesmo Parlamento se adoptou, en marzo de 2023, unha moción solicitando expresamente que o Grupo dos Verdes rectificase por actuar sistematicamente en contra dos intereses da cadea mar-industria galega. Por moito que digan que votaron en contra do regulamento, moitos dos problemas actuais teñen a súa orixe na proposta do seu comisario Sinkevičius e na oposición do seu Grupo Parlamentario dos Verdes de Europa, que foi especialmente combativo a favor dun maior control da pesca.

Mire, precisamente o que dicía o seu grupo na Eurocámara, despois da aprobación do primeiro informe no Parlamento no ano 2021, era que o grupo votou en contra do informe porque era máis difícil para as autoridades planificar as inspeccións e informar das infraccións, o que podería levar a un aumento das capturas non declaradas, e iso iría en detrimento dos recursos biolóxicos mariños. É dicir, ao seu grupo o que lle preocupa son os peixes, non os pescadores, e a nós impórtannos as dúas cousas: que haxa recursos pesqueiros (*Aplausos.*) e que os pescadores poidan faenar en condicións proporcionadas de seguridade e, ao mesmo tempo, que poidan garantir a trazabilidade do produto que chega aos consumidores.

O que si é sorprendente, insisto, é que tendo dous anos dende a entrada en vigor da primeira parte do regulamento, o Goberno central deixase todo para a última hora. Fíxese: estas novas disposicións do regulamento entraron en vigor o día 10 de xaneiro e houbo que agardar ata o 19 de xaneiro para que o Goberno central convocase os representantes dos pescadores e lles dixese que vai trasladar a Bruxelas unha proposta de flexibilizar as medidas de control dous anos despois da entrada en vigor e nove días despois da súa aplicación. Eles terán que explicarlle ao sector pesqueiro por que non fixeron con tempo o seu traballo e por que non se puxeron a traballar cando tocaba; e vostedes desde o BNG tamén terán que explicarlle por que apoian un goberno en Madrid que unha vez máis non defende os intereses de Galicia nin tampouco defende o sector pesqueiro galego. (*Aplausos.*) Asegúrolle que nós, dende o Goberno galego, seguiremos traballando e seguiremos defendendo e levando a voz do noso sector do mar a Madrid, a Bruxelas e a onde faga falta.


Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Como se anunciaba, esta era a última pregunta da orde do día. Por conseguinte, rematada a sesión, desexámoslles boa tarde-noite a todos e todas.

Remata a sesión ás cinco e trinta e dous minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

